



alén do camiño



guía de turismo educativo
e familiar

promove:



Área Santiago

co apoio de:



XUNTA
DE GALICIA

galicia



Edita:

Grupo de 16 concellos para a promoción turística conxunta Área Santiago

Coordinación técnica:

Yolanda Ferro - Turismo de Santiago

Secretaría técnica:

Promove, Consultoría e Formación

Execución:

Etnoga Patrimonio Cultural, S. L.

Fotografía:

Arquivo Área Santiago, Arquivo de Turismo de Santiago e colaboradores

Deseño e maquetación:

Rosa Herraiz

Data da publicación:

decembro de 2016 (edición dixital)

a ter en conta

A información contida nesta guía está suxeita a variacións que non dependen do grupo Área Santiago, e baseada nos datos dispoñibles no momento da publicación. Para actualizacións, contacte directamente co provedor da actividade ou do servizo, ou con Área Santiago.



Área Santiago

ÁREA SANTIAGO
Oficina central en:
TURISMO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
Rúa do Vilar, 63 - 15705 Santiago
Teléfono: (+34) 981 555 129
www.areasantiago.es
info@areasantiago.es

NOTA

As introducións que describen cada un dos Camiños foron extraídas do sitio web www.caminodesantiago.gal, da Axencia Turismo de Galicia. Tamén se utilizaron as memorias das delimitacións oficiais dos Camiños da páxina www.cultura.gal/gl/caminos-santiago da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. No apartado dos recursos, a información foi obtida da web Área Santiago e dos provedores.



índice

- 1 **Área Santiago e os Camiños de Santiago**
- 2 **O Camiño de Santiago como recurso para turismo educativo e familiar**
- 3 **Como empregar esta guía**
- 4 **Obxectivos da guía**
- 5 **Integración no currículo para os centros educativos**
 - 5.1 Áreas de coñecemento
- 6 **Camiño Francés:**
as pegadas do románico
- 7 **Camiño Inglés:**
desde a outra beira do mar
- 8 **Camiño do Norte-Ruta da Costa:**
camiñando por pradeiras e bosques
- 9 **Camiño Portugués:**
as pegadas da literatura
- 10 **Camiño do Sueste-Vía da Prata:**
terra de pazos e mosteiros
- 11 **Camiño de Inverno:**
a importancia da paisaxe
- 12 **Camiño Primitivo:**
o máis antigo dos camiños
- 13 **Camiño de Fisterra-Muxía:**
lendas e tradicións da fin da terra
- 14 **Dúas experiencias únicas**
 - 14.1 Selección dos Camiños de Área Santiago
 - 14.2 A estrela dos Camiños de Área Santiago
- 15 **Recursos nos Camiños de Área Santiago**
- 16 **Consellos útiles**




1 Área Santiago e os Camiños de Santiago

Área Santiago é un grupo de dezaseis concellos da contorna de Santiago de Compostela que traballa conxuntamente na promoción turística. O territorio abarca o sur da provincia da Coruña e o norte da de Pontevedra, separadas pola fronteira natural do río Ulla.

Os concellos que integran este grupo son, na provincia da Coruña: Arzúa, Boqueixón, Melide, O Pino, Oroso, Padrón, Rois, Santiago de Compostela, Touro, Trazo, Val do Dubra e Vedra; e na de Pontevedra: A Estrada, Lalín, Silleda e Vila de Cruces.


O patrimonio cultural de cada un destes concellos vese incrementado polo paso dos Camiños que levan a Santiago de Compostela. Por iso, con esta guía quérese divulgar a existencia das rutas de peregrinación no ámbito educativo e familiar.

Máis de **300 quilómetros** dos Camiños oficiais percorren nos seus tramos finais, ou inicial no caso do de Fisterra, os concellos que forman parte de Área Santiago. Rutas de peregrinación ateigadas de historia, de arquitectura e de natureza que constitúen un recurso ideal para dar a coñecer e desfrutar da cultura e a xeografía galegas.

- 
- 1 A Estrada
 - 2 Arzúa
 - 3 Boqueixón
 - 4 Lalín
 - 5 Melide
 - 6 O Pino
 - 7 Oroso
 - 8 Padrón
 - 9 Rois
 - 10 Santiago de Compostela
 - 11 Silleda
 - 12 Touro
 - 13 Trazo
 - 14 Val do Dubra
 - 15 Vedra
 - 16 Vila de Cruces



- O **Camino Francés** é itinerario de referencia que entra en Galicia polo alto do Cebreiro. Percorre os concellos de Melide, Arzúa, O Pino e Santiago de Compostela.
- O **Camino Inglés**, cos portos da Coruña e Ferrol como inicio, atravesa os municipios de Oroso e Santiago de Compostela.
- O **Camino do Norte**, procedente de Asturias, pasa por Arzúa, O Pino e Santiago.
- O **Portugués** e a súa variante do **Portugués pola Costa**, entra por Padrón e continúa por Rois e Santiago.
- A **Ruta do Mar de Arousa e Río Ulla** rememora o itinerario polo que, segundo a tradición, chegaron en barco a Galicia os restos do Apóstolo para seguir logo o trazado do Camino Portugués.
- O **Camino do Sueste-Vía da Prata** chega a Área Santiago desde o sur de España por Lalín, Silleda, A Estrada, Vedra, Boqueixón e o sueste de Santiago.
- O **Camino de Inverno**, ruta alternativa á dos fríos cumios das montañas luguesas do Cebreiro, atravesa os concellos de Lalín, Silleda, A Estrada, Vedra, Boqueixón e Santiago de Compostela.
- O **Camino Primitivo** é a máis antiga destas rutas. No seu tramo final percorre os mesmos municipios que o Camino Francés.
- Por último, o **Camino de Fisterra-Muxía** prolonga a peregrinación ata o *Finis terrae* saíndo pola zona oeste de Santiago.



O Camiño de Santiago na historia

As orixes do Camiño de Santiago como fenómeno de peregrinación poden remontarse ao século IX cando, segundo a tradición xacobeá, o eremita Paio descubriu a tumba de Santiago o Maior. Inmediatamente despois creábase un lugar sagrado para venerar os seus restos. Un feito que constitúe un dos acontecementos máis importantes da Idade Media en Europa.

Desde finais desa centuria, monarcas, abades e monxes doutros países serían os primeiros en chegar a Compostela. No século seguinte, peregrinos procedentes de Europa viaxaban para coñecer a sepultura do Apóstolo.

Deste xeito, e ata o século XIII, Santiago consolidábase rapidamente como centro de peregrinación internacional xunto con Roma e Xerusalén. Xurdía así unha rede de hospitais de fundacións relixiosas, reais ou burguesas para recibir peregrinos e peregrinas. Procedentes non só de Hispania, senón tamén de Francia, Italia, o centro e o leste de Europa, Inglaterra, Alemaña ou Islandia que chegaban a pé, a cabalo ou en barco.

Durante a Baixa Idade Media, o Camiño seguiu vivo malia diversos acontecementos bélicos e episodios de peste. Non ocorreu o mesmo na Idade Moderna, cando o fenómeno das peregrinacións atravesou por unha profunda crise.

Na actualidade, o Camiño non é só unha viaxe espiritual, senón un itinerario histórico, cultural, ambiental e deportivo. Desde a súa orixe, foi unha gran canle difusora dos grandes movementos culturais e artísticos europeos.

No referente ao patrimonio histórico-artístico, o fenómeno da peregrinación e o estilo románico están intimamente relacionados. Porén, isto non quere dicir que fora o Camiño quen forxara o estilo, aínda que si recibiu moitas influencias, converténdose nunha vía de comunicación que estimulou a orixinalidade non só a nivel artístico, senón tamén a nivel cultural.



2 O Camiño de Santiago como recurso educativo para turismo educativo e familiar

O propósito desta guía é o de achegar o **Camiño de Santiago**, a través das súas diferentes rutas, **á comunidade educativa e ás familias**, converténdoo nunha experiencia lúdica e amena á vez que única.

A guía céntrase nos tramos finais das distintas rutas que compoñen o Camiño de Santiago, que percorren os arredores de Santiago de Compostela. Santiago convértese así nun recurso fundamental dentro das experiencias propostas e permite aos centros e ás familias empregalo como “base de operacións” para quen prefiran non facer cambios diarios de aloxamento ou para as persoas que desexen descubrir os distintos Camiños cunha base única.

Conscientes dos beneficios que supón unha “aventura” destas características, propóñense unha serie de experiencias polos distintos Camiños de Santiago enriquecidas con outros recursos didácticos da contorna.

Trátase, en definitiva, de servir, por unha parte, de apoio aos currículos. Deste xeito facilítase a integración das camiñadas na aula como unha actividade interdisciplinaria que fomenta a transversalidade, non só en coñecementos formais, senón tamén en comportamentos.

Por outra banda, con esta guía preténdese ofrecer recursos lúdicos para as familias favorecendo a convivencia.

As condicións especiais nas que se desenvolve a realización de calquera das rutas do Camiño de Santiago fan que a priori poida ser un obstáculo para os centros educativos e/ou as familias con menores que desexen percorrer algún dos tramos.

Ademais, a dificultade organizativa, o esforzo físico, a rutina de camiñar, a monotonía e a ausencia aparente de motivación tanto no alumnado como nos membros máis pequenos da casa, adoitan converterse nos principais puntos de rexeitamento por parte do profesorado e das nais e pais.

Por isto, o obxectivo deste proxecto é o de presentar os Camiños como atractivas rutas lúdicas e didácticas cargadas de contido, cubrindo así a posible demanda existente e facilitando a toma de decisións por parte do **profesorado**, das **ANPAs** e das **familias**.

Como queda dito, a proposta das experiencias educativas que se van a presentar trasládase tamén ás **familias**, segmento turístico con características comúns ao **turismo educativo** que representa un nicho de mercado en alza, malia que aínda non se explotou o suficiente nin ten unha oferta en consonancia coa súa importancia. Do **turismo familiar** agárdase un crecemento potencial nos próximos anos, xa que fogares e mesmo asociacións de nais e pais buscan cada vez máis servizos e actividades que satisfagan en conxunto a todos os membros, independentemente de cal sexa a súa idade.



3 Como empregar esta guía

As experiencias que se presentan nesta guía foron ideadas para que a comunidade educativa e as familias coñezan as riquezas dos Camiños nos arredores de Santiago (Área Santiago).

Por cada un dos Camiños ofrécense unha serie de vivencias con lonxitudes e dificultades diferentes para tódalas idades e etapas educativas. Á hora da súa creación valoráronse os contidos históricos propios dos itinerarios xacobeos, así como o interese medioambiental, patrimonial e cultural. Ademais, tivéronse en conta os accesos para o transporte (tanto para os autocares dos centros educativos como para os vehículos particulares) no punto inicial e final dos tramos propostos.

En cada Camiño faise énfase nun aspecto diferente, a modo temático, co fin de facilitar a escollo por parte dos centros e as familias, en función dos seus intereses, e de propoñer argumentos distintos que enriquezan a experiencia.

As andainas polos diferentes Camiños están ideadas para realizar polas mañás, mentres que para as tardes recoméndanse visitas didácticas e actividades: museos, centros de interpretación, empresas agroalimentarias, obradoiros artesanais, actividades de aventura ou espazos de lecer que se atopan nas proximidades do Camiño, sendo preciso nalgún caso o desprazamento en vehículos.

As fichas de cada un dos recursos que se recomendan para as tardes figuran no apartado final da guía, especificando os datos de contacto, o horario, as tarifas, as idades recomendadas e a capacidade.

A principal vantaxe desta proposta é que se presenta a posibilidade para que diferentes grupos educativos e familiares coñezan durante varias xornadas todos os Camiños que conflúen en Santiago, ben sexa con aloxamento base na capital de Galicia, nos concellos dos arredores ou variando cada día en consonancia cos tramos realizados.

A duración das experiencias para os diferentes ciclos educativos que deseguido se propoñen foron contrastadas con profesionais dos distintos niveis educativos.

.....
Educación infantil (de 3 a 5 anos): por cada un dos Camiños, seleccionáronse pequenos tramos cunha lonxitude de **entre 1 e 2 quilómetros**. Trátase de traxectos fáciles de percorrer que destacan polo interese ambiental e patrimonial. Ademais, preséntanse actividades complementarias para realizar polas tardes.

.....
Educación primaria (de 6 a 11 anos): propóñense experiencias para realizar **ata en tres días**, con tramos diarios comprendidos **entre os 5 e 10 quilómetros** xunto con actividades complementarias para as tardes.

.....
No caso do **último curso do terceiro ciclo (11 anos)**, estes paquetes están ideados para realizarse como **excursión de fin de curso**; viaxes que os centros educativos adoitan facer entre catro e sete días no último trimestre, nos meses de maio ou xuño.

.....
Educación secundaria e bacharelato (a partir dos 12 anos): por cada un dos Camiños, propónse a realización de **varias etapas cunha media diaria de 20 quilómetros**

.....
Tal como se expuxo, estas experiencias tamén están destinadas ás **ANPAs e familias**, ás que convidamos a escoller as que mellor se adapten ás súas circunstancias.

Credencial e Insignia

Para os grupos e as familias que cubran andando todos os tramos propostos dalgún dos Camiños (no caso dos centros educativos o/s recomendado/s para o nivel correspondente), **Área Santiago** conta cunha **credencial** específica que debe selarse durante a camiñada, ao igual que o fan os/as restantes peregrinos e peregrinas. Para solicitar as credenciais hai que dirixirse á oficina central de Área Santiago.

Ademais, unha vez realizado o Camiño, e coa credencial cuberta, os grupos e as familias poderán obter unha insignia acreditativa da súa camiñada na mesma oficina.



Agasallo especial

No caso de realizar algunha das experiencias únicas que se propoñen, a “Selección dos Camiños” ou “A Estrela dos Camiños” de Área Santiago, xunto coa credencial e a insignia, **Área Santiago** premiará aos/ás camiñantes cun agasallo sorpresa.

A Compostela

No caso de realizar andando os últimos 100 quilómetros dun dos Camiños, a Catedral de Santiago de Compostela acredita coa *Compostela*. Un documento para todas aquelas persoas que xustifiquen a peregrinación á tumba do Apóstolo a pé ou a cabalo mediante a presentación dunha credencial convenientemente selada. No caso de facer o percorrido en bicicleta, este certificado expídese ao percorrer 200 quilómetros.



4 Obxectivos da guía

1 Impulsar os Camiños dos arredores de Santiago como recursos educativos e para as familias.

2 Divulgar os diferentes Camiños oficiais existentes entre a comunidade educativa e as familias.

3 Apreciar e valorar a xeografía e os aspectos fundamentais do Camiño de Santiago nos seus últimos tramos nos arredores de Santiago (Área Santiago).

4 Coñecer Galicia, a súa capital e os concellos da súa contorna a través dos Camiños.

5 Ampliar a oferta cultural familiar e educativa, intensificando o uso de recursos pouco coñecidos moi preto de Santiago.

6 Sensibilizar ás familias e á comunidade educativa na importancia e conservación do patrimonio.

7 Promover a zona Área Santiago como destino de calidade para centros educativos e familias.

8 Incrementar o número de visitantes e estadias nestes concellos fóra das temporadas altas.



5 Integración no currículo para os centros educativos

Das competencias expostas nos currículos das diferentes etapas educativas, con estas experiencias poden traballarse as seguintes:

1 Competencia para aprender a aprender. Aprender a aprender supón esforzarse por acadar resultados, favorecendo a iniciativa, a creatividade e a orixinalidade.

2 Competencia social e cívica. A realidade social na que vivimos será mellor comprendida grazas ás vivencias andadas nos Camiños así como a algunhas das actividades propostas. Traballarase en equipo, seguindo as normas dadas, fomentando o compañeirismo e asumindo responsabilidades.

3 Conciencia e expresións culturais. Grazas ás camiñadas, coñeceranse as manifestacións culturais relacionadas coas orixes dos Camiños ata a actualidade. Ademais, farase un achegamento ao patrimonio que nos rodea, aprendendo a respectalo e a valoralo.

4 Coñecemento e interacción co mundo físico. Habilidade para interactuar co mundo físico, tanto nos seus aspectos naturais como nos xerados pola acción humana, de tal modo que se posibilita a comprensión de sucesos, a predición de consecuencias e a actividade dirixida á mellora e preservación das condicións de vida propia, das demais persoas e do resto dos seres vivos.

5 Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. A creatividade e a innovación estarán presentes nas visitas complementarias propostas.

6 Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. A habilidade para utilizar e relacionar os números, as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático. Durante as camiñadas pódese traballar a resolución de problemas de situacións cotiás.

7 Comunicación lingüística. A lingua galega e castelá como instrumento de comunicación oral e escrita estará presente nas camiñadas. Ademais, o seu coñecemento reforzarase a través de visitas a museos ou fundacións de escritores e escritoras.

8 Competencia dixital. Previamente, pódense buscar e procesar datos para transformalos en coñecemento sobre os Camiños, a comunidade galega e os concellos polos que pasan. Poténciase deste xeito o uso do ordenador e de internet para obter información sobre as rutas que se van facer. concellos da súa contorna.



5.1 Áreas de coñecemento

As principais áreas de coñecemento que vertebran estas experiencias son as de Ciencias Sociais, Ciencias Naturais e Lingua e Literatura Galega e Castelá. Porén, tamén se incorporan transversalmente contidos doutras áreas de coñecemento como Educación Física e Educación Plástica.

Os Camiños de Santiago en Área Santiago e a importancia das peregrinacións como fenómeno histórico e cultural.

Patrimonio histórico artístico dos Camiños nos arredores de Santiago e evolución histórica dos mesmos.

Xeografía, paisaxe e patrimonio natural nos Camiños de Área Santiago e os concellos da súa contorna.

Flora e fauna nos Camiños con diferenciación de especies por zonas e épocas.

Sistemas de orientación naturais e artificiais ao percorrer os Camiños.

Exploración do espazo mediante a observación do ceo diúrno e nocturno, con especial fincapé na Vía Láctea ou Camiño de Santiago.

Patrimonio inmaterial dos Camiños na literatura popular de tradición oral e a súa asociación a bens dos Camiños de Área Santiago a través de lendas e contos.

Identificación dos Camiños no mapa con diferenciación zonal de cada un.

Música, instrumentos e cantigas medievais galego-portuguesas a través dos Camiños.

Respecto e aprecio cara aos/ás peregrinos/as e as súas culturas e a sociedade en xeral.



6 Camiño Francés: as pegadas do románico

O Camiño Francés é o Camiño por excelencia, o itinerario xacobeo con maior tradición histórica e o máis recoñecido internacionalmente. En 1135 xa foi descrito no Códice Calixtino, texto referencial xacobeo, constituíndo o seu Libro V unha auténtica guía medieval da peregrinación a Compostela. Nel especificanse os tramos desde terras galas e informa detalladamente dos santuarios da ruta, da hospitalidade, das xentes, da comida, das fontes, dos costumes locais, etc. Todo está narrado coa síntese e claridade que necesita unha resposta práctica a unha demanda concreta: a peregrinación a Santiago.

O paso deste Camiño por Galicia constitúe un dos bens singulares máis sobranceiros, prezados e visitados do patrimonio cultural galego protexido. Declarado ben de interese cultural en 1962, coa categoría de conxunto histórico, en 1993 foi incluído na lista dos bens recoñecidos como Patrimonio da Humanidade e no 1997 recibe o recoñecemento de Primeiro Itinerario Cultural Europeo por parte do Consello de Europa. Un ano antes, o Parlamento de Galicia aprobaba a Lei 3/1996, do 10 de maio, de Protección dos Camiños de Santiago, que establece unha regulación específica para este ben e lle outorga a categoría de territorio histórico.

etapas oficiais en galicia


O Camiño Francés entra en Galicia pola comarca do Bierzo. Este último tramo de máis de 150 quilómetros recoméndase facer en oito etapas, habendo dúas variantes para chegar desde Triacastela a Sarria.

Por San Xil	Por Samos
154,7 km. Dificultade media	161,7 km. Dificultade media
O Cebreiro - Triacastela. 21,8 km. Dificultade media-alta	
Triacastela - Sarria (por San Xil). 18 km. Dificultade media-baixa	Triacastela - Sarria (por Samos). 25,1 km. Dificultade media-baixa
Sarria - Portomarín. 22,2 km. Dificultade media-alta	
Portomarín - Palas de Rei. 25 km. Dificultade media	
Palas de Rei - Melide. 14,6 km. Dificultade media	
 Melide-Arzúa. 14,6 km. Dificultade baixa	
 Arzúa - Arca (O Pino). 18,4 km. Dificultade baixa	
 Arca - Santiago. 20,2 km. Dificultade media	

confluencia con outros camiños

No **Camiño Francés** conflúen en tres puntos diferentes outras das rutas de peregrinación a Santiago de Compostela. Así, por unha banda, no Concello de Melide xúntase na parroquia de Abeancos co Camiño Primitivo que parte de Oviedo. Ademais, en Arzúa e en San Paio de Sabugueira (Santiago) únense as dúas variantes do Camiño do Norte.

Os tramos finais do Camiño Francés nos arredores de Santiago



De Melide a Santiago de Compostela

O **Camiño Francés** percorre máis de 60 quilómetros por terras de Área Santiago. Entra no Concello de Melide pola parroquia do Leboreiro para cruzar, antes de entrar no pobo de Melide, a ponte medieval do río Furelos. O percorrido pasa despois por Arzúa e continúa polas poboacións de Boente, Castañeda e Ribadiso, con outra ponte de orixe medieval, ata a capital do concello, Arzúa. Pasada A Calzada, adéntrase primeiro no Concello de O Pino e despois no de Santiago por San Paio de Sabugueira.

Que podemos aprender neste Camiño?

O **Leboreiro**, en Melide, é o primeiro dos núcleos deste final do Camiño e xa aparecía citado no Códice Calixtino como "Campus Levurarius". Outros lugares nomeados neste Códice son os da **Lavacolla**, en Santiago, e os de **Boente** e **Castañeda**, en Arzúa. Ao parecer, neste último erguíanse os fornos da cal empregada na construción da Catedral.

A existencia da aldea de Furelos (Melide) e Ferreiros (O Pino) a finais do século XV próbase grazas á mención no diario de viaxe do alemán Arnold von Harff, quen visita Galicia en 1499. Tanto no Leboreiro, como en Furelos e Ribadiso son de salientar as súas pontes de orixe medieval.

As pegadas do románico

O fenómeno da peregrinación e o estilo románico están intimamente relacionados. Diversas teorías apuntan que o Camiño non chegou a forxar o estilo, aínda que si fixo que se recibiran influencias, converténdose nunha vía de comunicación que estimulou a orixinalidade e a creatividade. Por iso, grazas ás etapas do Camiño Francés no territorio dos concellos dos arredores de Santiago que conforman Área Santiago pódense coñecer as anteditas pontes medievais e igrexas de orixe románica nas que se conservan fachadas, ábsidas e canzorros. Templos como o de Santa María do Leboreiro, cunha portada de transición cara ao gótico; Santa María de Melide, Monumento Nacional; San Xoán de Furelos, do século XIII; a Capela de San Roque, cunha portada románica reutilizada e situada a carón do que se considera o primeiro cruceiro galego, do século XIV; ou a de Santiago de Boente, construída no XIX con restos do templo románico anterior.



Percorrendo a pé o Camiño Francés

Co obxectivo de que o alumnado de **educación infantil** coñeza o **Camiño Francés**, preséntanse un pequeno tramo polo Concello de Melide.

educación infantil



tramo

O Coto - O Leboeiro - Desecabo (Melide)

1,2 km. Dificultade baixa

descrición

O inicio establécese no Coto, nun treito da antiga estrada, onde o autocar pode deixar ao grupo con comodidade, ademais de haber varios bares que poden empregarse no caso de precisalo. Desde aquí continúaase por unha pista de grava rodeada de vexetación ata chegar ao Leboeiro. Un camiño empedrado leva á ponte medieval que salva o río Seco e a aldea de Desecabo, próxima ao polígono industrial.

chegada/recollida

Punto de chegada: no lugar do Coto, nun treito da antiga estrada N-547

Punto de recollida: no lugar de Desecabo, a 150 metros da N-547

que imos ver?

Vivendas da arquitectura tradicional, ponte e igrexa medieval do Leboeiro, cruceiro, cabaceiro, restos do antigo hospital de peregrinos...

visitas recomendadas

Museo Terra de Melide
Laia Zapateiro Artesáns (Melide)

espazos de lecer

Praia fluvial de Furelos (Melide)

No caso de **educación primaria**, seleccionáronse tres tramos cunha lonxitude media de sete quilómetros polos concellos de Melide e Arzúa.

educación primaria



tramo 1

O Coto - O Leboeiro - Furelos - Melide

6,2 km. Dificultade media

descrición

O inicio deste tramo establécese no lugar do Coto, continuando despois cara ao Leboeiro e a ponte medieval do río Seco. Pasada esta ponte e a aldea de Desecabo, éntrase na zona do polígono industrial por un espazo axardinado. Unha carballeira en leve descenso leva ata a ponte de Furelos, coa igrexa de San Xoán, e ao núcleo de Melide.

chegada/recollida

Punto de chegada: no lugar do Coto, nun treito da antiga estrada N-547

Punto de recollida: no parque de San Roque de Melide (rúa Alexandre Bóveda co Cantón de San Roque)

que imos ver?

Vivendas da arquitectura tradicional, pontes e igrexas do Leboeiro e Furelos, cruceiros, hórreos e cabaceiro, restos dun antigo hospital de peregrinos e núcleo histórico de Melide.

visitas recomendadas

Museo Terra de Melide
Laia Zapateiro Artesáns (Melide)

espazos de lecer

Praia fluvial de Furelos (Melide)

tramo 2

Melide - Boente (Arzúa)

5,8 km. Dificultade media

descrición

Pártese do Parque de San Roque de Melide cara a praza do Convento e a rúa Principal. Un pequeno camiño ascendente leva á zona do Castelo e aos núcleos do Carballal, O Barreiro de Abaixo, Penas e Parabispo. A entrada no Concello de Arzúa realízase pola Peroxa e pouco despois chégase ao centro de Boente.

chegada/recollida

Punto de chegada: no parque de San Roque de Melide (rúa Alexandre Bóveda co Cantón de San Roque)

Punto de recollida: en Boente, xunto á igrexa parroquial de Santiago (hai marquesiñas para autobuses á beira da estrada N-547 e bares)

que imos ver?

Zona do antigo castro e castelo medieval de Melide, igrexa románica de Santa María (Monumento Nacional), muíño e ponte de Penas no río Catasol, fonte da Saleta, igrexa de Boente con capiteis románicos...

actividades recomendadas

Obradoiros no Museo Vivente do Mel O Enredo do Abelleiro (Arzúa)

espazos de lecer

Muíños da Carballa (Touro)

tramo 3

Boente - Ribadiso - Arzúa

8,5 km. Dificultade media

descrición

Tras pasar Boente e cruzar o seu río, o itinerario prosegue cara aos lugares do Pumariño e do Pedrido. O seguinte núcleo destacado será o de Ribadiso, entrando no centro de Arzúa pola rúa de Lugo e a Cima do Lugar. A continuación comeza a rúa do Carmen, rematando a carón da igrexa.

chegada/recollida

Punto de chegada: en Boente, xunto á igrexa parroquial de Santiago (hai marquesiñas para autobuses á beira da estrada N-547 e bares)

Punto de recollida: na praza Principal de Arzúa, a carón da igrexa parroquial de Santiago (a 50 metros, na rúa de Santiago, hai unha parada de autobús)

que imos ver?

Vivendas tradicionais, hórreos, ponte medieval de Ribadiso, capela da Madalena, igrexa de Santiago...

visitas recomendadas

O Centro de Divulgación do Queixo e do Mel (Arzúa)
Queixería Barral (Arzúa)

espazos de lecer

Fervenza das Hortas (Arzúa)
Encoro de Portodemouros (Arzúa)

Por último, para o alumnado de **educación secundaria e bacharelato**, preséntanse catro etapas entre Palas de Rei e O Pino cunha lonxitude media de 15 quilómetros.

educación secundaria e bacharelato



etapa 1

San Xiao do Camiño (Palas de Rei) - Melide

11,1 km. Dificultade media

descrición

San Xiao do Camiño é un dos últimos núcleos do Concello de Palas de Rei, provincia de Lugo, antes de entrar en Melide polo Coto. Desde aquí, pásase pouco despois polo Leboreiro e Furelos para chegar á capital do concello.

chegada/recollida

Punto de chegada: no lugar de San Xiao, situado a escasos 500 metros da N-547 e da A-54
Punto de recollida: no parque de San Roque de Melide (rúa Alexandre Bóveda co Cantón de San Roque)

que imos ver?

Vivendas da arquitectura tradicional, pontes medievais, igrexas de San Xiao, O Leboreiro e Furelos, cruceiros, hórreos e cabaceiro, restos dun antigo hospital de peregrinos e núcleo histórico de Melide.

actividades

recomendadas

Museo Terra de Melide
Laia Zapateiro Artesáns (Melide)

outros recursos

Praia fluvial de Furelos (Melide)

etapa 2

Melide - Arzúa

14,5 km. Dificultade baixa

descrición

Desde a praza do Convento de Melide séguese cara a rúa Principal para subir á zona do Castelo. A entrada no Concello de Arzúa realízase pola Peroxa. Pouco despois chégase a Boente e tras cruzar o seu río, o Camiño pasa polo Pumariño, O Pedrido e Ribadiso, entrando en Arzúa pola rúa de Lugo e a Cima do Lugar.

chegada/recollida

Punto de chegada: no parque de San Roque de Melide (rúa Alexandre Bóveda co Cantón de San Roque)
Punto de recollida: na praza Principal de Arzúa, a carón da igrexa parroquial de Santiago (a 50 metros, na rúa de Santiago, hai unha parada de autobús)

que imos ver?

Zona do antigo castro e castelo medieval de Melide, igrexa románica de Santa María (Monumento Nacional), muíño e ponte de Penas no río Catasol, fonte da Saleta, igrexas de Boente e Santiago, ponte medieval de Ribadiso, capela da Madalena, vivendas tradicionais, hórreos...

visitas recomendadas

Centro de Divulgación do Queixo e do Mel (Arzúa)

espazos de lecer

Fervenza das Hortas (Arzúa)
Muíños da Carballa (Touro)
Área recreativa e praia de Ribadiso (Arzúa)

etapa 3

Arzúa - Santa Irene (O Pino)

16,1 km. Dificultade baixa

descrición

Saíndo de Arzúa, o percorrido pasa por prados, carballeiras e plantacións de reforestación que rodean pequenas aldeas. Os topónimos dalgúns destes lugares teñen plena relación co Camiño: A Calzada, A Calle, Ferreiros, A Salceda, A Brea e Santa Irene. Neste último lugar hai un albergue e unha carballeira cunha ermida e unha fonte.

chegada/recollida

Punto de chegada: na praza Principal de Arzúa, a carón da igrexa parroquial de Santiago (a 50 metros, na rúa de Santiago, hai unha parada de autobús)

Punto de recollida: no lugar de Santa Irene, nunha área de descanso a carón da estrada N-547, xunto ao albergue

que imos ver?

Vivendas e hórreos tradicionais, Pazo de Ferreiros, ermida e fonte de Santa Irene...

visitas recomendadas

Queixería Barral (Arzúa)
Centro de Interpretación do Río Ulla (Touro)

espazos de lecer

Área recreativa da Madalena (O Pino)
Senda e praia fluvial de Tarroeira (O Pino)

etapa 4

Santa Irene (O Pino) - Santiago de Compostela

22,5 km. Dificultade media

descrición

Desde a ermida de Santa Irene continúaase dirección A Rúa e Pedrouzo para comezar a subir cara a Santo Antón e o Concello de Santiago. O Amenal e San Paio precederán os núcleos da Lavacolla e Vilarmajor. Pouco despois chégase ao Monte do Gozo para entrar en Santiago polo barrio de San Lázaro e a rúa de San Pedro.

chegada/recollida

Punto de chegada: no lugar de Santa Irene, na área de descanso que hai xunto ao albergue, a carón da estrada N-547

Punto de recollida: dársena de Xoán XXIII de Santiago de Compostela ou outros puntos da cidade

que imos ver?

Ermida de Santa Irene, carballeiras, bosques de reforestación, campos de cultivos, regos con pontellas, núcleos tradicionais con casas e valados de pedra, capelas de San Paio e San Marcos, barrios urbanos de Compostela...

actividades

Percorrido no tren turístico

recomendadas

espazos de lecer

Alameda de Santiago
Granxa do Xesto (Santiago de Compostela)
Parque de Belvís (Santiago de Compostela)
Parque de San Domingos de Bonaval (Santiago de Compostela)
Espazos verdes do Gaiás
Senda peonil do Sar

outras visitas

Catedral de Santiago, Museo do Pobo Galego, Cidade da Cultura...
Ver o listado de recursos de Santiago de Compostela



7 Camiño Inglés: desde a outra beira do mar

A orixe do Camiño Inglés pode remontarse ao ano 1147, cando unha frota cruzada de ingleses, alemáns e flamengos que ía con destino á Terra Santa visitou a tumba de Santiago. Parte daquela expedición acadiu tamén á conquista de Lisboa, onde axudaron ao primeiro rei de Portugal a tomar a cidade que sería capital do reino. Os chamados países escandinavos, coma Noruega, Suecia, Dinamarca, Finlandia ou Islandia e, os ingleses, escoceses, irlandeses e flamengos contribuíron a fixar este Camiño, que facían trala súa chegada a Galicia por mar desde os seus respectivos portos arribando en Ferrol ou na Coruña.

etapas oficiais en galicia

O Camiño Inglés conta en Galicia con dúas alternativas: un itinerario parte da Coruña e outro de Ferrol, confluíndo na parroquia de Bruma (Mesía). Desde aquí continúan xuntos os últimos quilómetros ata Santiago de Compostela.

Camiño Inglés	
A Coruña-Santiago de Compostela 74,7 km. Dificultade media	Ferrol-Santiago de Compostela 118,7 km. Dificultade media
A Coruña-Bruma 33,9km. Dificultade media	Ferrol - Neda. 16,7 km. Dificultade baixa
	Neda - Miño. 22,5 km. Dificultade media
	Miño - Bruma. 38,7 km. Dificultade alta
Bruma (Ordes) - Sigüeiro (Oroso). 24,1 km. Dificultade baixa	
Sigüeiro - Santiago. 16,6 km. Dificultade baixa	



Os tramos finais do Camiño Inglés nos arredores de Santiago

De Oroso a Santiago

O **Camiño Inglés** percorre uns 25 quilómetros por terras de Área Santiago, a onde chega atravesando o Concello de Oroso de norte a sur que ofrece unha continua paisaxe rural, excepto pola súa capital Sigüeiro, núcleo de referencia nesta ruta. O río Tambre é a fronteira natural entre este municipio e o de Santiago, no que se entra pola parroquia da Barciela para continuar por Marantes e A Enfesta ata a Catedral.

O territorio do actual Concello de Oroso atesoura unha longa historia como punto de paso de importantes camiños. Así, en época romana estaba atravesado pola vía XX que unía Bracara con Lucus pola costa. Deste devir queda constancia na ponte Sigüeiro, construída no século XIII. Ademais, sábese que Fernán Pérez de Andrade, un dos aristócratas máis destacados do antigo Reino de Galicia, ordenou a construción dun dos seus arcos no século XIV.

Que podemos aprender neste Camiño?

Pontes, pousadas, lazaretos e hospitais demostran a importancia que adquiriu este Camiño como vía comercial a partir do século XII. Xunto coa toponimia que recorda algún destes elementos, os principais bens patrimoniais veranse en varias das pontes polas que hai que cruzar para salvar o paso do río Tambre ou os seus afluentes.

A **Ponte Ulloa**, citada polo Pai Sarmiento en 1755, salva o rego Cabeceiro en Sigüeiro e foi reconstruída simbolicamente coas travesas das vías do tren.

Xunto á súa arquitectura, a **Ponte Sigüeiro** destaca por ser escenario da disputa entre dous poderosos cabaleiros medievais: Gómez Pérez das Mariñas e Álvaro Pérez de Moscoso. Nela tamén foi derrotado o xeneral Solís antes de ser axustizado en Carral en 1846.

Á época romana remóntase a importancia da **Ponte Sionlla**, situando algúns autores nese lugar a posible mansión *Asseconia* da vía XIX do Itinerario de Antonino.

Ademais, tampouco debemos esquecer as igrexas e as vivendas tradicionais que se ven á beira do Camiño, así como o Castro de Formarís, un asentamento fortificado da Idade do Ferro nomeado polo Pai Sarmiento, aínda que moi degradado na actualidade.

Desde a outra beira do mar

O Camiño Inglés foi empregado, en orixe, por navegantes de países ingleses, escoceses, irlandeses e escandinavos que chegaban aos portos da Coruña ou Ferrol. Na actualidade, peregrinos e peregrinas da outra beira do mar seguen a utilizar esta ruta de peregrinación, converténdoo nun Camiño de inmersión lingüística.

A través da lingua inglesa pódese facer un aproveitamento didáctico tanto na aula, investigando previamente sobre peregrinos/as ou escritores/as que percorreron esta ruta, como nas andainas, coa relación co resto de camiñantes.

Documentais ou películas en lingua inglesa ou subtituladas coas temáticas do Camiño e dos peregrinos e peregrinas son outra das propostas para a aula e para a casa. *Walking the Camino: Six Ways to Santiago* (2013) ou *O Apóstolo* (2012) son dous dos exemplos delo.

Percorrendo a pé o Camiño Inglés

Co obxectivo de que o alumnado de **educación infantil** coñeza o Camiño Inglés, preséntanse dous pequenos tramos. O primeiro transcorre principalmente polo Concello de Oroso e o segundo polo de Santiago, ambos na etapa comprendida entre a localidade de Sigüeiro e o polígono industrial do Tambre. Preséntanse por partes de diferentes lonxitudes.

educación infantil



tramo 1

Sigüeiro (Oroso)

1,1 km. Dificultade baixa

1ª parte

Avenida Álvaro Cunqueiro - Praza de Isaac Díaz Pardo
700 metros. Dificultade baixa

descrición

Este tramo comeza na entrada do Camiño no núcleo de Sigüeiro, á beira do polígono, na avenida Álvaro Cunqueiro. Atravésase despois o parque do Rego Carboeiro ata a praza na que se sitúa a casa do concello.

2ª parte

Praza de Isaac Díaz Pardo - Praza da Foca
400 metros. Dificultade baixa

descrición

Desde a praza de Isaac Díaz Pardo, na que se atopa unha escultura co busto do intelectual galeguista, continúaase uns 60 metros pola rúa río Lengüelle. A continuación séguese polas rúas do río Tambre e Real ata a praza da Foca, antigo centro neurálxico da vila.

chegada/recollida

Punto de chegada: en Sigüeiro, na avenida Álvaro Cunqueiro, entre o polígono industrial e o CEIP do Camiño Inglés	Punto de recollida: praza da Foca de Sigüeiro, con paradas de bus no contorno
---	---

visitas recomendadas

Museo Pedagóxico de Galicia (Santiago de Compostela)
Zoclos, obradoiro de zoclos (Oroso)

espazos de lecer

Illa do Refuxio (Oroso)
Carboeiro (Oroso)
Área recreativa de Penateixa (Oroso)

tramo 2

A Sionlla de Abaixo - Formarís

2 km. Dificultade baixa

descrición

Pequeno tramo que, a diferenza da opción anterior, transcorre por unha zona rural con abundante vexetación. O punto de inicio establécese na Sionlla de Abaixo, a carón do CEIP Arquitecto Casas Novoa e o final en Formarís, xunto ao Hotel Castro.

chegada/recollida

Punto de chegada: na Sionlla de Abaixo, a carón do CEIP Arquitecto Casas Novoa	Punto de recollida: en Formarís, xunto ao Hotel Castro
--	--

que imos ver?

Bosques de reforestación, carballeiras, casas tradicionais, outeiro de Formarís...

actividades recomendadas

Centro de Interpretación Ambiental de Compostela

Para o alumnado de **educación primaria** preséntanse tres tramos cunha media de 6 quilómetros cada un. Así, dependendo dos ciclos e da dispoñibilidade, recoméndanse facer os seguintes.

educación primaria



tramo 1

A Calle (Ordes) - Baxoia (Oroso)

5 km. Dificultade media

descrición

O punto de inicio establécese no lugar da Calle, abandonando a aldea por unha pista entre prados ata unha encrucillada coa estrada. Continúase por unha zona boscosa ata O Carballo e A Casanova. Nos Carabelos comeza un pequeno descenso por unha corredeira entre noiros de terra ata a ponte Pereira. Neste enclave o trazado incorpórase a unha estrada á vez que cruza un rego cara aos Carrás, último núcleo antes de Baxoia.

chegada/recollida

Punto de chegada: no lugar da Calle, onde hai varios bares, aparcamento e zona de parada de autobuses

Punto de recollida: á saída do lugar de Baxoia, na parada de autobús da encrucillada cara á Burata

que imos ver?

Casas tradicionais, como na que pasou unha noite o rei Filipe II en 1554 cando viaxaba da Coruña a Santiago; capela da Nosa Señora das Mercedes, piñeirais, carballeiras, prados...

visitas recomendadas

Museo Pedagóxico de Galicia (Santiago de Compostela)
Zoclos, obradoiro de zocos (Oroso)

espazos de lecer

Carboeiro (Oroso)
Área recreativa de Penateixa (Oroso)

tramo 2

Baxoia - Sigüeiro

7 km. Dificultade baixa

descrición

O comezo establécese na aldea de Baxoia, parroquia de Deixebre. Pouco despois atrávesase a autoestrada por un paso inferior e comeza un camiño entre árbores, duns cinco quilómetros, ata a entrada en Sigüeiro pola avenida Álvaro Cunqueiro.

chegada/recollida

Punto de chegada: no lugar de Baxoia, con sitio para aparcar e parar un autobús. Ademais, á saída do lugar, na encrucillada cara á Burata, hai unha marquesiña

Punto de recollida: en Sigüeiro, na praza de Isaac Díaz Pardo

que imos ver?

Vexetación autóctona, de reforestación e de ribeira; arquitectura tradicional, hórreos, lavadoiros, pontellas...

actividades recomendadas

Centro de Interpretación Ambiental de Compostela

espazos de lecer

Illa do Refuxio (Oroso)

tramo 3

Sigüeiro (Oroso) - Agualada (Santiago de Compostela)

6 km. Dificultade baixa

descrición

En Sigüeiro, vila de orixe medieval e capital do Concello de Oroso, continúaase pola rúa Real ata cruzar a histórica ponte sobre o río Tambre. Desde aquí, séguese pola Barciela, pistas de terra e Marantes ata Agualada.

chegada/recollida

Punto de chegada: en Sigüeiro, na praza de Isaac Díaz Pardo

Punto de recollida: no núcleo de Agualada. A 100 metros do Camiño está a N-550, cunha vía de servizo e parada de autobús

que imos ver?

Arquitectura urbana, vivendas tradicionais, ponte medieval, ermida de Agualada...

visitas recomendadas

Museo de Historia Natural (Santiago de Compostela)

espazos de lecer

Ver o listado de recursos de Santiago de Compostela

Para o alumnado de **educación secundaria e bacharelato** preséntanse dúas etapas cunha media de 20 quilómetros cada unha.

educación secundaria e bacharelato



etapa 1

A Calle (Ordes) - Sigüeiro (Oroso)

12,8 km. Dificultade baixa

descrición

O punto de inicio establécese na Calle, lugar pertencente ao Concello de Ordes. Abandónase a aldea por unha pista entre prados ata unha encrucillada coa estrada, onde se continúa por unha zona boscosa ata O Carballo e A Casanova. Nos Carabelos comeza un descenso por unha corredeira entre noiros de terra ata a ponte Pereira. Crúzase logo un rego cara aos Carrás, último núcleo antes de entrar no Concello de Oroso por Baxoia ata Sigüeiro.

chegada/recollida

Punto de chegada: no lugar da Calle, onde hai varios bares, aparcamento e zona de parada de autobuses

Punto de recollida: en Sigüeiro, na praza de Isaac Díaz Pardo

que imos ver?

Patrimonio eclesiástico, etnográfico, civil, obras de enxeñaría... como a capela de San Lourenzo, a igrexa románica de San Paio de Buscás, o muiño da Trabe, as pontes do Cubo e Pereira...

actividades recomendadas

Zoclos, obradoiro de zocos (Oroso)
Centro de Interpretación Ambiental de Compostela

espazos de lecer

Illa do Refuxio (Oroso)
Carboeiro (Oroso)

etapa 2

Sigüeiro - Santiago de Compostela

16,6 km. Dificultade baixa

descrición

Pasada a ponte sobre o río Tambre en Sigüeiro, éntrase no Concello de Santiago de Compostela. Pouco despois chégase á igrexa da Barciela e continúaase ata a Fonte do Inglés. Pasado o Polígono Industrial do Tambre e o cemiterio municipal de Boisaca, percórrese o barrio de Meixonfrío e o Cruceiro da Coruña. A ruta segue por San Caetano, A Pastoriza, Basquiños e Santa Clara ata a fachada norte da Catedral.

chegada/recollida

Punto de chegada: en Sigüeiro, na praza de Isaac Díaz Pardo

Punto de recollida: dársena de Xoán XXIII de Santiago de Compostela ou outros puntos da cidade

que imos ver?

Ponte do Tambre, igrexa da Barciela, capela de Agualada, castro de Formarís, barrios periféricos de Compostela, casco antigo...

actividades recomendadas

Percorrido no tren turístico (Santiago de Compostela)

visitas

Museo do Pobo Galego (Santiago de Compostela)
Catedral de Santiago
Cemiterio de Boisaca (Santiago de Compostela)

espazos de lecer

Fervenza das Hortas (Arzúa)
Praia e área recreativa de Chaián (Trazo / Santiago de Compostela)

outras actividades

Ver o listado de recursos de Santiago de Compostela



8 Camiño do Norte-Ruta da Costa: camiñando por pradeiras e bosques

Polo **Camiño do Norte** transitaban persoas devotas do norte da Península e tamén, por terra e por mar, doutros territorios coma Inglaterra, Flandres, Alemaña ou Escandinavia. A ruta, que pasa pola costa asturiana e entra en Galicia pola ría de Ribadeo, alcanzou relevancia na baixa Idade Media e mantivo vitalidade ata o século XVIII. Daquela, as peregrinacións marítimas estaban no seu apoxeo e, por outro lado, en Oviedo comezou a celebrarse o Xubileo da Santa Cruz. Por iso, os peregrinos de fins da Idade Media, ávidos por venerar reliquias e gañar indulxencias, visitaban Oviedo como complemento da súa viaxe piadosa a Compostela.

etapas oficiais en galicia

No portal web *O Camiño de Santiago*, a S. A. de Xestión do Plan Xacobeo recomenda facer este Camiño¹ desde Ribadeo nas oito etapas que se detallan a continuación.

Camiño do Norte	
Por Ribadeo	Por Santiago da Ría de Abres
195,5 km. Dificultade media	191,1 km. Dificultade media
Ribadeo - Vilanova de Lourenzá 28,8 km. Dificultade alta	Santiago da Ría de Abres - Lourenzá 24,4 km. Dificultade media
Vilanova de Lourenzá - Abadín 25,3 km. Dificultade media	
Abadín - Vilalba 20,6 km. Dificultade media	
Vilalba - Baamonde 19,9 km. Dificultade media	
Baamonde - Sobrado dos Monxes 40,3 km. Dificultade media-baixa	
Sobrado - Arzúa 21,9 km. Dificultade media	
	Arzúa - Arca 18,4 km. Dificultade baixa
	Arca - Santiago de Compostela 20,2 km. Dificultade media

1 Malia que non se detalla nesta táboa, a finais de 2014 a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia aprobou a delimitación deste Camiño cunha variante que desde Boimorto pasa por Arzúa e O Pino entrando en Santiago por Sabugueira, variante que está pendente de sinalización oficial.

Os tramos finais do Camiño do Norte nos arredores de Santiago



De Arzúa a Santiago

O **Camiño do Norte-Ruta da Costa** percorre uns 50 quilómetros polos municipios de Arzúa, O Pino e Santiago de Compostela procedente de Boimorto, desde onde hai dúas variantes. Unha entra pola parroquia de Viladavil. Pasa ao leste dos núcleos de Sobrado, Faxil e A Paínza para continuar polos lugares do Castro, Casaldoeiro e Peceñe. O trazado vai polo oeste de río Iso e entra no núcleo urbano de Arzúa pola rúa do Viso ata entroncar co Camiño Francés na rúa de Lugo.

A segunda das variantes, ao deixar o centro de Boimorto, toma dirección noroeste para entrar en Arzúa pola parroquia de Campo e o Monte da Mota. Continúa polas Cinco Calles, Tumbedo e o Monte de Vilar, linde co Concello de O Pino. Aquí entra polo lugar de San Gregorio da parroquia de Gonzar, seguindo cerca de Amarelle, a capela de Santo André e Santiso ata introducirse no termo municipal de Santiago e enlazar co Camiño Francés.

Que podemos aprender neste Camiño?

No século XVIII, trala Guerra de Sucesión dos Austrias (1741-1748), cesaron as peregrinacións. Porén, poucos anos despois, na década de 1750, rexístrase unha pequena recuperación. Destaca desta época a peregrinación emprendida polo médico francés Jean Pierre Racq desde Bruxas en 1790. Este peregrino, na descrición da súa viaxe, facía referencia á ermida da Mota, situada a carón do Camiño nunha carballeira do Concello de Arzúa.

Camiñando por pradeiras e bosques

As actividades gandeiras, agrícolas e forestais vincúlanse cos concellos de Área Santiago polos que transcorre o Camiño do Norte. Por isto, é de salientar a paisaxe que deixa ao seu paso dos sistemas de cultivos de pradeiras e agras, xunto con elementos do patrimonio etnográfico asociados aos mesmos como socalcos, valos ou noiros.

Tamén son de destacar os bosques autóctonos e as aliñacións de árbores de reforestación; as construcións tradicionais como vivendas, hórreos e palleiras; e espazos públicos como carballeiras, campos da festa ou adros de igrexas.

Percorrendo a pé o Camiño do Norte

As experiencias no Camiño do Norte-Ruta da Costa céntranse na segunda das variantes do trazado, a que entra en Arzúa pola parroquia de Campo, en O Pino pola de Gonzar e en Santiago pola de Sabugueira, onde entronca co Camiño Francés² no lugar da Lavacolla.

Co obxectivo de que o alumnado de **educación infantil** coñeza o Camiño do Norte preséntase unha experiencia polo Concello de O Pino, entre O Couto Pequeno e San Gregorio.

educación infantil



tramo	O Couto Pequeno - Cimadevila (O Pino) 1,5 km. Dificultade media	
descrición	O percorrido comeza á saída do núcleo do Couto Pequeno para cruzar o rego de Traitosende e seguir cara a Cerdeira e Cimadevila.	
chegada/recollida	Punto de chegada: encrucillada á entrada do Couto Pequeno, próxima a unha granxa gandeira	Punto de recollida: en Cimadevila, nunha encrucillada á saída do pobo
que imos ver?	Vivendas de arquitectura tradicional, hórreos, campos de cultivo...	
visitas recomendadas	Centro de Divulgación do Queixo e do Mel (Arzúa)	
espazos de lecer	Área recreativa e praia de Ribadiso (Arzúa)	

Para o alumnado de **educación primaria** preséntanse unha experiencia de tres días, para realizar varios traxectos cunha media de 4 quilómetros e medio cada un.

educación primaria



tramo 1	Ermida da Mota - O Couto Pequeno 6 km. Dificultade baixa	
descrición	O punto de inicio establécese a carón da ermida da Mota (Arzúa), próximos ao linde con Boimorto. Continúase primeiro por unha estrada comarcal e logo por unha pista ata O Couto Pequeno.	
chegada/recollida	Punto de chegada: na ermida da Mota, a carón da estrada CP-0603	Punto de recollida: no Couto Pequeno, nunha encrucillada á saída do pobo, despois dunha granxa
que imos ver?	Ermida da Mota, prados, bosques autóctonos e de reforestación, aldeas con construcións tradicionais...	
visitas recomendadas	Centro de Divulgación do Queixo e do Mel (Arzúa)	
espazos de lecer	Área recreativa e praia de Ribadiso (Arzúa)	

tramo 2

O Couto Pequeno - Santo André

4,3 km. Dificultade baixa

descrición

Desde O Couto Pequeno continúaase dirección oeste cara a Cerdeira, pasando pola zona sur da aldea despois de cruzar o rego de Traitosende e a estrada. Pásase Cimadevila, as proximidades de San Gregorio, Amarelle e Gonzar ata Santo André.

chegada/recollida

Punto de chegada: encrucillada á entrada do Couto Pequeno, próxima a unha granxa gandeira

Punto de recollida: a carón da ermida de Santo André. Para autobuses, a 150 metros hai unha vía de servizo da estrada N-634

que imos ver?

Vivendas de arquitectura tradicional, hórreos, campos de cultivo...

actividades recomendadas

Museo Vivente do Mel O Enredo do Abelleiro (Arzúa)
Queixería Barral (Arzúa)

espazos de lecer

Encoro de Portodemouros (Arzúa)

tramo 3

Santo André - A Tarroeira

3,2 km. Dificultade media

descrición

Desde Santo André continúaase pola beira da estrada polos núcleos do Mesón e A Bugalleira. Pásase o río Mera e xa se chega ao núcleo da Tarroeira.

chegada/recollida

Punto de chegada: na ermida de Santo André. Para autobuses, a 150 metros hai unha vía de servizo da estrada N-634

Punto de recollida: na Tarroeira, á beira da estrada N-634, nunha parada para autobuses. Ademais, en caso de necesidade, existen bares neste lugar

que imos ver?

Camiños e vivendas tradicionais, arquitectura popular, granxas, campos de cultivo...

actividades recomendadas

Centro de Interpretación do Río Ulla (Touro)

espazos de lecer

Fervenza das Hortas (Arzúa)

Para o alumnado de **educación secundaria e bacharelato** seleccionouse o tramo do Camiño do Norte que pasa por Área Santiago desde a Ermida da Mota, en Arzúa, ata San Paio, en Santiago, punto coincidente co Camiño Francés. Dúas etapas cunha media de 11 quilómetros cada unha.

educación secundaria e bacharelato



etapa 1

Ermida da Mota (Arzúa) - Santo André (O Pino)

10,2 km. Dificultade media

descrición

O punto de inicio establécese a carón da Ermida da Mota, próxima ao linde con Boimorto. Continúase por unha estrada comarcal e unha pista cara ao Couto Pequeno e A Cerdeira, pasando pola zona sur da aldea despois de cruzar o rego de Traitosende e a estrada. Logo vén Cimadevila, as proximidades da Ermida de San Gregorio, Amarelle e Gonzar e Santo André.

chegada/recollida

Punto de chegada: na ermida da Mota, a carón da estrada CP-0603

Punto de recollida: a carón da ermida de Santo André. Para autobuses, a 150 metros hai unha vía de servizo da estrada N-634

que imos ver?

Ermida da Mota, carballeiras, bosques de reforestación, campos de cultivo, vivendas tradicionais, construcións da arquitectura popular...

visitas recomendadas

Centro de Divulgación do Queixo e do Mel (Arzúa)
Queixería Barral (Arzúa)

outras visitas

O Enredo do Abelleiro (Arzúa)
Centro de Interpretación do Río Ulla (Touro)

espazos de lecer

Área recreativa e praia de Ribadiso (Arzúa)
Encoro de Portodemouros (Arzúa)
Fervenza das Hortas (Arzúa)

etapa 2

Santo André - San Paio (Santiago de Compostela)

11,7 km. Dificultade media

descrición

Desde Santo André continúase pola beira da estrada polos núcleos do Mesón e A Bugalleira. Pásase o río Mera e o núcleo da Tarroeira, distante uns cinco quilómetros de Santiso. Desde aquí, distan 2,3 km ata a encrucillada co Camiño Francés na zona do aeroporto. Continúase un quilómetro e chégase a San Paio, da parroquia compostelá de Sabugueira.

chegada/recollida

Punto de chegada: na ermida de Santo André. Para autobuses, a 150 metros hai unha vía de servizo da estrada N-634

Punto de recollida: en San Paio, a carón da capela

visitas recomendadas

CIAC de Belvís (Santiago de Compostela)

outras actividades

Museo de Historia Natural (Santiago de Compostela)





9 Camiño Portugués: as pegadas da literatura

O Camiño Portugués tomou relevancia a partir do século XII trala independencia de Portugal do antigo Reino de León. O seu trazado herda o percorrido de rutas antigas, como a da vía romana XIX que unía Braga con Astorga pasando por Ponte de Lima, Tui, Pontevedra e Lugo. Unha das calzadas máis importantes construída no século I e que vertebrou a *Gallaecia*.

A partir do século XV, relatos de diferentes persoas viaxeiras e peregrinas que se dirixían a Compostela por esta ruta confirman a importancia do Camiño Portugués. Entre elas, unha das máis célebres foi a de Isabel de Aragón, raíña de Portugal polo seu casamento co rei Don Dinís, que a fins de 1325 emprendía con certo misterio a súa peregrinación a Santiago. Tamén existe constancia de peregrinos máis picarescos no século XVIII como Nicola Albani.

No século XIX, o de menor afluencia das peregrinacións por mor dos novos tempos marcados pola Revolución Francesa e a invasión de España polas tropas napoleónicas, o Camiño Portugués converteuse na ruta xacobeá máis activa. Nesa centuria, máis do 80 % da peregrinación estranxeira foi portuguesa.



Á altura de Padrón, o Camiño Portugués recibe á **Ruta do Mar de Arousa e Río Ulla**. Un singular itinerario marítimo e fluvial que conmemora a chegada a Galicia, por mar, do corpo do apóstolo Santiago tras o seu martirio en Xerusalén, ao redor do ano 44. Antigas tradicións cristiás e varios textos medievais aseguran que Santiago foi trasladado desde o porto de Jaffa, en Palestina, a través de todo o Mediterráneo e da costa atlántica ibérica, ata os confíns de Occidente, onde predicara o evanxeo. É a coñecida como Translatio. O corpo de Santiago, acompañado polos seus discípulos Teodoro e Atanasio, penetrou pola ría de Arousa e remontou o río Ulla ata arribar a Padrón, o porto fluvial da cidade romana de Iria Flavia. Chegou sobre unha barca de pedra, en probable referencia a unha das naves que, por aquela época, transportaban minerais desde Galicia a outros lugares do Imperio romano.

etapas oficiais en galicia

O Camiño Portugués conta en Galicia con dúas alternativas: un itinerario pola costa e outro polo interior.

Camiño Portugués 117,7 km. Dificultade media-baixa	Camiño Portugués pola costa 162,8 km. Dificultade media-baixa
Tui – O Porriño. 18,1 km. Dificultade baixa	A Guarda – Oia. 16,7 km. Dificultade baixa
.....	Oia – Baiona. 18,7 km. Dificultade baixa
O Porriño – Redondela. 16,8 km. Dificultade baixa	Baiona – Vigo. 27,1 km. Dificultade baixa
.....	Vigo – Redondela. 15,7 km. Dificultade baixa
.....	
Redondela – Pontevedra. 18 km. Dificultade media	
.....	
Pontevedra – Caldas de Reis. 22,8 km. Dificultade media	
.....	
Caldas de Reis – Padrón. 18,7 km. Dificultade media	
.....	
Padrón – Santiago de Compostela. 27,9 km. Dificultade baixa	

Os tramos finais do Camiño Portugués nos arredores de Santiago



De Padrón a Santiago

Unha vez cruzado o río Ulla, o Camiño Portugués percorre case 30 quilómetros por Área Santiago, atravesando os concellos de Padrón, Rois, Teo, Ames e Santiago de Compostela. Neste último municipio pasa polas parroquias de Conxo e Vidán, presentando dúas alternativas oficiais: unha polo sueste, a través do barrio de Conxo; e a segunda pola zona de Santa Marta. A existencia destes trazados, que se xuntan de novo na praza de Vigo, xustifícase documentalmente desde o século XVII, de aí a oficialidade de ambos.

Que podemos aprender neste Camiño?

Este Camiño foi o empregado por Almanzor no ano 997 para dirixir o seu exército contra Santiago. Tamén foi o que percorreu Diego Xelmírez en 1102 cando aconteceu o afamado episodio do "traslado forzoso" das reliquias de San Cucufate, San Silvestre, San Froitoso e Santa Susana desde a Catedral de Braga á de Compostela.

As pegadas da literatura

Camiño de peregrinación, de loitas e de comercio, o **Camiño Portugués** tamén é un camiño de lingua e de literatura galego-portuguesa con trobeiros e xograres como Afonso X "o sabio", Don Dinís de Portugal, Airas Nunes, Joam Airas, Martín Codax, Xohán de Cangas ou Meendinho...

Outros personaxes destacados neste Camiño son Macías o Namorado, trovador do século XIV que se cre que naceu en Padrón; Rosalía de Castro, unha das principais escritoras galegas do século XIX; ou Camilo José Cela, escritor e Premio Nobel de Literatura en 1989. Ademais, a carón do Camiño Portugués sitúase unha das primeiras fábricas de papel de Galicia, a do Pazo do Faramello.

Percorrendo a pé o Camiño Portugués

Co obxectivo de que o alumnado de **educación infantil** coñeza o Camiño Portugués preséntase unha experiencia entre O Faramello e Rúa de Francos.

educación infantil



tramo

O Faramello - Rúa de Francos

1,5 km. Dificultade baixa

descrición

O percorrido comeza no Faramello, lugar pertencente aos concellos de Rois e Teo. Desde aquí continúa pola estrada para desviarse á dereita por unha pista entre prados e árbores ata Rúa de Francos.

chegada/recollida

Punto de chegada: diante das primeiras casas do Faramello, Punto de recollida: en Rúa de Francos, a carón da carballeira próximas á estrada N-550

que imos ver?

Vivendas de arquitectura tradicional, pazo do Faramello, cruceiro e ponte de Francos, capela de San Martiño, lavadoiro, carballeira...

visitas recomendadas

Pazo do Faramello (Rois)

outras visitas

Agricultura ecolóxica Carmen Pazos (Rois)
Fogar do Selmo (Rois)

actividades recomendadas

Galipark (Padrón)

outras actividades

Paseo pola aldea de Angueira de Castro (Rois)
Visita aos muíños de Silvarredonda (Rois)

espazos de lecer

Praia fluvial de Seira (Rois)

Para o alumnado de **educación primaria** preséntanse tres tramos cunha media de 7 quilómetros cada un.

educación primaria



tramo 1

Padrón - A Escravitude

8 km. Dificultade baixa

descrición

Este tramo iníciase no lugar da Ponte, á beira do río Ulla, linde do Concello de Padrón co de Pontecesures. Continúase pola Aduana cara ao río Sar para entrar en Padrón polo Campo da Feira e o Paseo do Espolón. Desde aquí tómasse dirección norte pola rúa das Dores cara á igrexa de Santa María de Iria Flavia e o Santuario da Escravitude.

chegada/recollida

Punto de chegada: na praza do lugar da Ponte, a carón dos arcos da ponte sobre o río Ulla, cunha zona ampla para deterse os autobuses
Punto de recollida: na Escravitude, xunto ao Santuario. A carón da estrada hai sitio para parar un autobús e enfronte do templo un aparcadoiro. Tamén hai bares

que imos ver?

Ríos Ulla e Sar, ponte de orixe medieval, vivendas tradicionais, arquitectura urbana, esculturas...

visitas recomendadas

Casa Museo Rosalía de Castro (Padrón)
Sociedade A Pementeira (Padrón)

outras visitas

Casco histórico de Padrón
Convento de Herbón (Padrón)
Xardín botánico de Padrón

espazos de lecer

Área recreativa da desembocadura Sar - Ulla (Padrón)
Área recreativa do Santiaguíño do Monte (Padrón)

tramo 2

A Escravitude - Rúa de Francos

5,5 km. Dificultade baixa

descrición

Desde o Santuario da Escravitude o Camiño segue por Cruces, Bascuas e Angueira de Suso. Desde aquí, continúaase un tramo pola estrada nacional, na zona da Picaraña, ata introducirse no Faramello, lugar que marca o linde do Concello de Rois co de Teo. Pouco despois chégase a Rúa de Francos.

chegada/recollida

Punto de chegada: no Santuario da Escravitude. A carón da estrada hai sitio para parar un autobús e enfrente do templo un aparcadoiro. Tamén hai bares

Punto de recollida: en Rúa de Francos, a carón da carballeira

alternativa

Despois do polígono da Picaraña existe un tramo non oficial que chega ao Faramello pasando por Angueira de Castro. Este núcleo, situado no Concello de Rois aos pés do Castro Lupario, compón un espazo singular, polo que se recomenda facer este desvío.

que imos ver?

Santuario da Escravitude, vivendas de arquitectura tradicional, pazo do Faramello, cruceiro e ponte de Francos, capela de San Martiño, lavadoiro, carballeira...

visitas recomendadas

Fundación Camilo José Cela (Padrón)
Xardín botánico da Fundación Paideia (Padrón)
Pazo do Faramello (Rois)

outras visitas

Agricultura ecolóxica Carmen Pazos (Rois)
Fogar do Selmo (Rois)

actividades recomendadas

Galipark (Padrón)

espazos de lecer

Carballeira de Francos (Teo)

tramo 3

Rúa de Francos (Teo) - O Milladoiro (Ames)

6,4 km. Dificultade baixa

descrición

En Rúa de Francos pásase pola Capela de San Martiño e por un cruceiro do século XIV, dos máis antigos de Galicia. Desde aquí comeza unha subida cara a Osebe e Casalonga. Despois dun tramo pola estrada, continúaase polo Camiño de Riotinto para cruzar un regato e chegar á Pedreira. Unha carballeira e pequenas aldeas preceden ao Milladoiro, un dos maiores núcleos do Concello de Ames moi vinculado historicamente co Camiño.

chegada/recollida

Punto de chegada: a carón da capela de Rúa de Francos

Punto de recollida: na travesía do Porto do Milladoiro, a carón do polideportivo e da casa da cultura, con cafetaría e aparcadoiro

que imos ver?

Capela de San Martiño, cruceiro e ponte de Rúa de Francos, vivendas de arquitectura tradicional, vexetación de ribeira...

actividades recomendadas

Percorrido no tren turístico (Santiago de Compostela)

visitas recomendadas

Castelo da Rocha Forte (Santiago de Compostela)
Catedral de Santiago

espazos de lecer

Xardín Literario do Gaiás

outras actividades

Ver o listado de recursos de Santiago de Compostela

O tramo comprendido entre Padrón e Santiago de Compostela é o seleccionado para o alumnado de **educación secundaria e bacharelato**. Trátase de dúas etapas cunha media de 13 quilómetros.

educación secundaria e bacharelato



etapa 1

Padrón - Rúa de Francos (Teo)

13,5 km. Dificultade baixa

descrición

Esta etapa comeza á beira do río Ulla, linde do Concello de Padrón co de Pontecesures. Desde o lugar da Ponte continúaase pola Aduana cara ao río Sar, entrando en Padrón polo Campo da Feira e o Paseo do Espolón. Desde aquí tómasse dirección norte pola rúa das Dores cara a igrexa de Santa María de Iria Flavia e o Santuario da Escravitude. O Camiño segue por Cruces, Bascuas e Angueira de Suso. Realízase logo un tramo pola estrada nacional, na zona da Picaraña, ata introducirse no Faramello, lugar que marca o linde do Concello de Rois co de Teo. Pouco despois chégase a Rúa de Francos.

chegada/recollida

Punto de chegada: na praza do lugar da Ponte, a carón dos arcos da ponte sobre o río Ulla, cunha zona ampla para deterse os autobuses

Punto de recollida: en Rúa de Francos, a carón da carballeira

alternativa

Despois do polígono da Picaraña existe un tramo non oficial que chega ao Faramello pasando por Angueira de Castro. Este núcleo, situado no Concello de Rois aos pés do Castro Lupario, compón un singular espazo tradicional, polo que se recomenda facer este desvío.

que imos ver?

Paisaxe natural dos ríos Ulla e Sar, pontes, arquitectura urbana, vivendas tradicionais, templos, pazo do Faramello, cruceiro e ponte de Francos, capela de San Martiño, lavadoiro, carballeiras...

visitas recomendadas

Casa Museo Rosalía de Castro (Padrón)
Fundación Camilo José Cela (Padrón)
Xardín botánico da Fundación Paideia (Padrón)
Convento de Herbón (Padrón)

outras visitas

Casco histórico de Padrón
Xardín botánico de Padrón
Visita á igrexa de Santiago
Pazo de Arretén (Padrón)

espazos de lecer

Área recreativa da desembocadura Sar - Ulla (Padrón)
Área recreativa do Santiaguíño do Monte (Padrón)
Carballeira de Francos (Teo)

etapa 2

Rúa de Francos (Teo) - Santiago de Compostela

12,7 km. Dificultade baixa

descrición

Desde Rúa de Francos pásase a Capela de San Martiño e un cruceiro do século XIV, dos máis antigos de Galicia. Desde aquí comeza unha subida cara a Osebe e Casalonga. Despois dun tramo pola estrada, continúaase polo Camiño de Riotinto para cruzar un regato e chegar á Pedreira. Unha carballeira e pequenas aldeas introducen ao/á camiñante no Milladoiro, un dos maiores núcleos do Concello de Ames moi vinculado historicamente co Camiño. Desde O Milladoiro descéndese ata A Rocha Vella, onde hai que cruzar o río Sar pola Ponte Vella ata chegar a un punto no que hai dúas opcións: seguir recto polo barrio de Santa Marta de Abaixo, capela de Santa Marta e rúa Rosalía de Castro; ou atravesar o centro do barrio de Conxo, rúas Sánchez Freire, García Prieto e avenida de Vilagarcía. Ambas opcións conflúen na rúa Rosalía de Castro á altura da praza de Vigo. O Camiño inténase no centro histórico a través da Porta Faxeira e da rúa do Franco. A entrada tradicional á Catedral desde o Camiño Portugués discorre pola praza das Praterías.

chegada/recollida

Punto de chegada: a carón da capela de Rúa de Francos

Punto de recollida: dársena de Xoán XXIII de Santiago de Compostela ou outros puntos da cidade

que imos ver?

Capela de San Martiño, cruceiro e ponte de Rúa de Francos, vivendas de arquitectura tradicional, Castelo da Rocha Forte, contorno do río Sar, vexetación de ribeira, ponte vella, barrios e ensanches da cidade de Compostela, capela de Santa Marta ou Mosteiro de Conxo, alameda e casco antigo.

visitas recomendadas

Pazo do Faramello (Roís)
Sociedade A Pementeira (Padrón)
Castelo da Rocha Forte (Santiago de Compostela)
Percorrido no tren turístico (Santiago de Compostela)

actividades recomendadas

Rafting e paseos en canoa polo Ulla (Padrón)
Galipark (Padrón)

espazos de lecer

Xardín Literario do Gaiás
Alameda de Santiago

outras visitas

Agricultura ecolóxica Carmen Pazos
Artesanía Sonia Ares (Roís)
Vermú Petroni (Padrón)
Ver o listado de recursos de Santiago de Compostela



10 Camiño do Sueste-Vía da Prata.

Terra de pazos e mosteiros

O **Camiño do Sueste-Vía da Prata** entra en Galicia pola Portela da Canda (A Mezquita) desde Andalucía e Extremadura. Este itinerario comezou a ser utilizado por peregrinos procedentes destas comunidades na segunda metade do século XIII, despois da toma de Sevilla e Córdoba aos árabes. Prolonga a calzada romana denominada Vía da Prata que unía Emerita Augusta (Mérida) con Asturica Augusta (Astorga), capitais da Lusitania e da *Gallaecia* respectivamente. A vía trazouse a comezos do cristianismo aproveitando camiños máis antigos.

etapas oficiais

Dependendo da procedencia, os peregrinos e as peregrinas teñen tres opcións para entrar en Galicia, confluindo en Ourense, desde onde proseguen xuntas ata Santiago de Compostela.

A ruta procedente de Castilla, salva polo oeste o porto da Canda para continuar cara á Gudiña. Desde aquí, as opcións son seguir por Laza ou por Verín. Porén, para as persoas que veñen peregrinando desde o nordés de Portugal, o Camiño vén de Chaves, cruza a fronteira e pasa por Feces de Abaixo (Verín), ás beiras do río Tâmega e o Mandín.

O Camiño do Sueste-Vía da Prata conflúe en Lalín co Camiño de Inverno para continuar xuntos ata Compostela.

Camiño do Sueste - Vía da Prata

Por Laza	Por Verín	Por Feces
212,3 km. Dificultade media	254,3 km. Dificultade media	187,2 km. Dificultade media
A Canda - A Gudiña 26,5 km. Dificultade baixa		Feces - Laza 36 km. Dificultade media
A Gudiña - Laza 34,5 km. Dificultade media	A Gudiña - Verín 41,1 km. Dificultade media	Laza - Vilar de Barrio 19 km. Dificultade media
	Verín - Xinzo de Limia 36,2 km. Dificultade media	
Laza - Vilar de Barrio 19 km. Dificultade media	Xinzo de Limia - Allariz 20,7 km. Dificultade media	Vilar de Barrio - Ourense 25 km. Dificultade media
Vilar de Barrio - Ourense 25 km. Dificultade media	Allariz - Ourense 22, km. Dificultade media	
	Ourense - Cea 22,8 km. Dificultade media	
	Cea - Dozón 15,6 km. Dificultade media	
	Dozón - Bendoiro (Lalín) 18,4 km. Dificultade media	
Bendoiro (Lalín) - O Outeiro (Vedra) 33,8 km. Dificultade media		
O Outeiro - Santiago de Compostela 16,6 km. Dificultade baixa		

Os tramos finais da Vía da Prata nos arredores de Santiago



De Lalin a Santiago de Compostela

O **Camiño do Sueste-Vía da Prata** percorre máis de 60 quilómetros por terras de Área Santiago. Entra no Concello de Lalin polo Alto de San Domingos cruzando a parroquia de Catasós. Continúa cara ao centro do municipio para seguir por Prado dirección Silleda, onde accede unha vez cruzada a ponte sobre o río Deza. O Foxo, Margaride e Chapa anteceden ao núcleo de Bandeira (Silleda) e ao Concello de A Estrada. En San Miguel de Castro, o río Ulla marca os límites deste concello co de Vedra, así como a división das provincias de Pontevedra e A Coruña.

Desde A Ponte Ulla, o Camiño continúa por Boqueixón, deixando o Pico Sacro á dereita, para volver máis tarde ao territorio de Vedra e atravesar o río Pereiro por Ponte Busacos. Entra así no Concello de Santiago de Compostela pola Susana, Santa Lucía, Angrois, Sar e a porta de Mazarelos.

Que podemos aprender neste Camiño?

A teoría máis defendida sobre o termo "Vía da Prata" pona en relación co árabe *Bal'latta*, facendo referencia ao empedrado desta ancha calzada.

Por esta ruta avanzou Almanzor coa súa infantaría contra Santiago en agosto de 997. E, ao parecer, por ela regresaron séculos máis tarde as campás da Catedral devoltas trala conquista de Córdoba en 1236.

Terra de pazos e mosteiros

Na Idade Moderna, a propiedade da terra en mans dos mosteiros era compartida pola fidalguía, un novo grupo social que deixou a súa pegada nas casas grandes e nos pazos. Centros de produción agrícola que a finais da centuria acabaron por dedicarse tamén á produción do viño. Un viño, o da Ulla, que xunto co do ribeiro e os cereais de Castilla entraban en Santiago de Compostela pola porta de Mazarelos, un dos arcos da muralla que daban acceso á cidade.

Percorrendo a pé o Camiño do Sueste_Vía da Prata

Para o alumnado de **educación infantil**, preséntase un pequeno tramo polo Concello de Vedra de grande interese medioambiental e histórico-artístico.

educación infantil



tramo

Eiravedra - O Outeiro (Vedra)

2,2 km. Dificultade media

descrición

O tramo proposto transcorre pola parroquia de San Cruz de Ribadulla. O inicio establécese no lugar de Eiravedra. Continúa dirección noroeste pola Taberna Nova e o Monte da Revolta ata O Outeiro.

chegada/recollida

Punto de chegada: nunha encrucillada en Eiravedra (Santa Cruz de Ribadulla), situada a 300 metros da estrada N-525 e do núcleo do lugar onde hai tendas, bares, farmacia e banco

Punto de recollida: no lugar do Outeiro (San Pedro de Vilanova), a carón do albergue

que imos ver?

Montes de repoboación, carballeiras, capela e fonte do Santiaguiño...

visitas recomendadas

Pazo de Santa Cruz de Ribadulla (Vedra)

actividades recomendadas

Área de interpretación dos muiños do río Merín (Vedra)

espazos de lecer

Área recreativa de Agronovo (Vedra)
Área recreativa de Cubelas (Vedra)

No caso de **educación primaria** seleccionáronse catro tramos entre Lalín (Pontevedra) e Vedra (A Coruña) cunha lonxitude media de nove quilómetros.

educación primaria



tramo 1

Prado (Lalín) - Silleda

7,5 km. Dificultade media

descrición

O punto de inicio establécese no lugar de Prado, na entrada ao Camiño desde a estrada xeral. Continúase pola Borralla para cruzar máis adiante a ponte medieval de Taboada sobre o río Deza, afluente do Ulla, e entrar así no municipio de Silleda. Ascéndese ata a parroquia de Taboada e seguidamente á poboación de Trasfontao para alcanzar a capital do concello.

chegada/recollida

Punto de chegada: no lugar de Prado, a carón da estrada N-525, cunha beiravía para estacionar e parar autobuses. Tamén hai tendas e bares

Punto de recollida: en Silleda, á entrada da pobo, despois de pasar a casa do concello e a oficina de correos, na dársena de autobuses

que imos ver?

Núcleos tradicionais, arquitectura popular, pazo de Trasfontao, igrexas e pontes de orixe medieval, vexetación de ribeira e autóctona...

visitas recomendadas

Lácteos Anzuxao (Lalín)
Muiño de Cuiña (Lalín)
Casa do Patrón de Doade (Lalín)

actividades recomendadas

Castrodeza (Lalín)
Museo Galego da Marioneta (Lalín)

outras actividades

Área recreativa das Pedrosas (Silleda)
Praia fluvial de Cira (Silleda)

tramo 2

Silleda - A Bandeira (Silleda)

7 km. Dificultade media-baixa

descripción

En Silleda, o itinerario parte desde a casa do concello para seguir por un camiño de terra á esquerda da estrada nacional. Pasaranse logo varios núcleos, entre eles o do Foxo e Chapa para continuar por camiños entre prados e montes ata a rúa Xeral da Bandeira.

chegada/recollida

Punto de chegada: xunto á casa do Concello de Silleda. Na mesma beirarrúa hai unha dársena de autobuses	Punto de recollida: na Bandeira, na parada de autobús situada na rúa Xeral (N-525) coa rúa da Empanada
---	--

que imos ver?

Núcleos urbanos de Silleda e da Bandeira, camiños tradicionais, pistas de terra, aldeas con vivendas de arquitectura popular...

visitas recomendadas

Mosteiro de Carboeiro (Silleda)

actividades recomendadas

Fervenza Aventura, granxa escola e turismo de aventura (Silleda)

Centro ecuestre As Veiras (Silleda)

outras actividades

Senda botánica de Carboeiro (Silleda)

Deza Arco (Silleda)

tramo 3

A Bandeira (Silleda) - O Seixo (A Estrada)

10,2 km. Dificultade media

descripción

O punto de inicio establécese na Bandeira, na encrucillada da rúa Xeral coa da Empanada. Continúase polo monte do Ullerio cara a Dornelas e Castrovite, no Concello de A Estrada. O percorrido segue por Loimil ata O Seixo, en San Miguel de Castro.

chegada/recollida

Punto de chegada: na rúa Xeral da Bandeira, na intersección coa rúa da Empanada, punto no que hai unha parada de autobús	Punto de recollida: no campo da festa do Seixo, a carón da capela das Angustias
--	---

que imos ver?

Igrexas de orixe románica, castros, bosques autóctonos...

visitas recomendadas

Pazo de Oca (A Estrada)

Queixería Daniel Torres (A Estrada)

outras visitas

Cerámica artesanal Fernando Porto (A Estrada)

Maysil (A Estrada)

espazos de lecer

Miradoiro de San Miguel de Castro (A Estrada)

tramo 4

O Seixo (A Estrada) - O Outeiro (Vedra)

10,2 km. Dificultade media

descrición

O punto de inicio establécese no Seixo, a carón da capela. Continúase cara ao lugar de Castro para entrar no Concello de Vedra e provincia da Coruña pola Ponte Ulla. Desde aquí, séguese por Monreal e Eiravedra ata O Outeiro.

chegada/recollida

Punto de chegada: ao lugar do Seixo, a carón da capela das Angustias

Punto de recollida: no lugar do Outeiro (San Pedro de Vilanova), a carón do albergue

que imos ver?

O Río Ulla, pontes, castros, igrexas, arquitectura tradicional, montes con especies autóctonas...

visitas recomendadas

Pazo de Santa Cruz de Ribadulla (Vedra)

actividades recomendadas

Paseo en piragua e barcas polo río Ulla (Vedra)
Visitas guiadas na contorna de Boqueixón

áreas recreativas

En Vedra, Agronovo, Cubelas e Gundián
En A Estrada, o Areal de Berres

espazos de lecer

Miradoiro de Gundián (Vedra)

Por último, para o alumnado de **educación secundaria e bacharelato**, preséntanse tres etapas entre Lalín e Santiago de Compostela cunha lonxitude media de 17 quilómetros.

educación secundaria e bacharelato



etapa 1

Bendoiro (Lalín) - A Bandeira (Silleda)

16,7 km. Dificultade media

descrición

O punto de inicio establécese no lugar da Laxe da parroquia lalinense de Bendoiro, punto de encontro co Camiño de Inverno. Desde aquí séguese por Campo e Xubín ata Prado. Continúase pola Borralla para cruzar máis adiante o río Deza, afluente do Ulla, na Ponte Taboada, e entrar así no municipio de Silleda. Ascéndese ata a parroquia de Taboada e seguidamente á poboación de Trasfontao para alcanzar a capital do concello. Pasaranse logo os núcleos do Foxo e Chapa para continuar por camiños entre prados e montes ata a rúa Xeral da Bandeira.

chegada/recollida

Punto de chegada: na encrucillada do lugar da Laxe, núcleo próximo ao polígono industrial Lalín 2000 e á N-525

Punto de recollida: na Bandeira, na parada de autobús situada na rúa Xeral (N-525) coa rúa da Empanada

que imos ver?

A ponte sobre o Deza, o viaduto do ferrocarril e estación do tren, a igrexa románica de Taboada, os pazos de Bendoiro e Trasfontao, o núcleo de Silleda, a aldea tradicional do Foxo, a ponte de Chapa...

visitas recomendadas

Mosteiro de Carboeiro (Silleda)

actividades recomendadas

Fervenza Aventura, granxa escola e turismo de aventura (Silleda)
Centro ecuestre As Veiras (Silleda)
Centro de Divulgación do Cabalo de Pura Raza Galega (Boqueixón)
Deza Arco (Silleda)

moi cerca

Santuario da Nosa Señora do Corpiño (Lalín)

etapa 2

A Bandeira (Silleda) - O Outeiro (Vedra)

17,1 km. Dificultade media - alta

descrición

O punto de inicio establécese na Bandeira, na encrucillada da rúa xeral coa da Empanada. Continúase polo monte do Ullerio cara a Dornelas e Castrovite, no Concello de A Estrada. O percorrido segue por Loimil e San Miguel de Castro para entrar no Concello de Vedra e provincia da Coruña pola Ponte Ulla. Desde aquí, séguese por Monreal e Eiravedra ata o albergue do Outeiro.

chegada/recollida

Punto de chegada: na Bandeira, na parada de autobús situada na rúa Xeral (N-525) coa rúa da Empanada
Punto de recollida: no lugar do Outeiro (San Pedro de Vilanova), a carón do albergue

que imos ver?

Igrexa románica de Dornelas, o castro de San Miguel, o santuario de Gundián, ponte sobre o Ulla, igrexa de Ponte Ulla, capela e fonte do Santiaguíño...

visitas recomendadas

Pazo de Santa Cruz de Ribadulla (Vedra)
Pazo de Oca (A Estrada)

outras visitas

Adegas Valdés (Vedra)
Aguardientes de Galicia (Vedra)

actividades

Paseo en piragua e barcas polo río Ulla (Vedra)

recomendadas

Área de interpretación dos muiños do río Merín (Vedra)

espazos de lecer

Área recreativa de Agronovo (Vedra)
Área recreativa de Cubelas (Vedra)
Área recreativa de Gundián (Vedra)
Miradoiro de Gundián (Vedra)

etapa 3

O Outeiro - Santiago de Compostela

16,6 km. Dificultade baixa

descrición

Desde O Outeiro continúaase cara ao Concello de Boqueixón, parroquia de Lestedo. Pásase Rubial e crúzase o río Pereiro pola Ponte Busacos. Chégase así ao Concello de Santiago de Compostela, pasando A Susana, Santa Lucía, Angrois e Sar para entrar no casco antigo pola porta de Mazarelos.

chegada/recollida

Punto de chegada: na entrada do lugar do Outeiro (San Pedro de Vilanova), xunto á ermida de Santiago
Punto de recollida: dársena de Xoán XXIII de Santiago de Compostela ou outros puntos da cidade

que imos ver?

Ermida e fonte de Santiago, o Pico Sacro, igrexa de Lestedo, Colexiata de Sar, porta de Mazarelos, zona vella de Santiago de Compostela...

visitas recomendadas

Centro de interpretación do Pico Sacro (Boqueixón)
Queixería Bo-Queixo (Boqueixón)

espazos de lecer

Miradoiro do Pico Sacro (Boqueixón)

outras visitas

Ver apartado dos recursos de Santiago de Compostela



11 Camiño de Inverno: a importancia da paisaxe

O **Camiño de Inverno** é a entrada natural a Galicia desde a meseta, un acceso xa usado pola poboación romana. Así, pénsase que puido ser unha alternativa na época invernal á dura subida aos cumes nevados do Cebreiro, por onde penetra en Galicia o Camiño Francés, e tamén para evitar os desbordamentos frecuentes dos ríos do val do Valcarce.

O Camiño de Inverno conflúe no lugar da Laxe, parroquia de Bendoiro do Concello de Lalín, co Camiño do Sueste-Vía da Prata.

etapas oficiais en galicia

Os máis de 200 quilómetros do **Camiño de Inverno** que atravesan Galicia, recoméndanse facer nas nove etapas que se detallan a continuación:

Camiño de Inverno

235 km. Dificultade media - alta

As Médulas - O Barco de Valdeorras
26 km. Dificultade media

O Barco de Valdeorras - A Rúa
13,4 km. Dificultade media

A Rúa - Quiroga
26,5 km. Dificultade media

Quiroga - Monforte de Lemos
35,2 km. Dificultade media - alta

Monforte de Lemos - Chantada
30,9 km. Dificultade alta

Chantada - Rodeiro
25,7 km. Dificultade alta

Dozón - Bendoiro (Lalín)
18,4 km. Dificultade media



Rodeiro - Coto da Anta (Lalín) Bendoiro

26,8 km. Dificultade media



Bendoiro (Lalín) - O Outeiro (Vedra)

33,8 km. Dificultade media



O Outeiro - Santiago de Compostela

16,6 km. Dificultade baixa

O tramo final do Camiño de Inverno nos arredores de Santiago



De Lalín a Santiago de Compostela

O **Camiño de Inverno** percorre preto de 65 quilómetros por Área Santiago. Entra no Concello de Lalín desde Rodeiro polo Coto da Anta. Pasa logo o de Rego de Ribadeira e os lugares de Pardesoa e Os Porcallos para seguir ata o Rego do Barranco e Palmaz. Desde aquí segue por Lalín de Arriba, Lagazós e o casco urbano de Lalín. Aquí pásase o parque do aviador Loriga, a antiga casa do concello cara ao paseo fluvial do río Pontiñas, abandonando o centro polo Regueiriño. Pasado o polígono industrial chégase á Laxe, lugar onde conflúe co Camiño do Sueste. Desde este punto, os trazados son comúns por Silleda, A Estrada, Vedra, Boqueixón e Santiago de Compostela.

Que podemos aprender neste Camiño?

A orixe desta ruta pódese situar en época romana, na que se documentaba unha calzada secundaria que partía das explotacións de ouro das Médulas cara a Vía XVIII. Pasaba pola comarca de Valdeorras e por onde se evacuaban os xacementos auríferos, sendo o túnel de Montefurado proba diso.

A ruta foi seguida por diferentes pobos ao longo da historia e tamén lles serviu de entrada, a comezos do século XIX, ás tropas invasoras de Napoleón. Ademais, por ela construíuse, en 1883, o primeiro trazado do ferrocarril que comunicaría Galicia co resto da Península.

A importancia da paisaxe

O Camiño de Inverno entra en Área Santiago polas terras do Deza, centro xeográfico de Galicia. Un territorio dominado por frondosos bosques, con masas arbóreas de carballos, sobreiras e castiñeiros; verdes vales e regos e regatos que conforman unha paisaxe con altos valores naturais e etnográficos.

Percorrendo a pé o Camiño de Inverno

Posto que parte do trazado do Camiño de Inverno nas terras de Área Santiago coincide co do Camiño do Sueste, as experiencias seleccionadas centraranse na parte desta ruta que entra por Lalín desde Rodeiro ata a punto coincidente na Laxe (Bendoiro). Así, no caso de **educación infantil**, o tramo escollido é o do río Pontiñas, no centro da vila lalinense.

educación infantil



tramo	Rúa da Ponte - A Corredoira (Lalín) 2,2 km. Dificultade baixa	
descrición	O tramo seleccionado iníciase no casco urbano de Lalín para proseguir polo paseo do río Pontiñas ata a zona da EDAR.	
chegada/recollida	Punto de chegada: en Lalín, na rúa da Ponte	Punto de recollida: a carón da EDAR de Lalín, antes dunha residencia de persoas maiores
que imos ver?	Áreas naturais, vexetación de ribeira, arquitectura urbana, núcleos tradicionais...	
visitas recomendadas	Museo Ramón María Aller (Lalín) Lácteos Anzuxao (Lalín)	
outras visitas	Pazo de Liñares (Lalín) Museo Galego da Marioneta (Lalín) Casa do Patrón de Doade (Lalín)	
espazos de lecer	Fraga de Catasós (Lalín) Praia fluvial de Pozo do Boi (Lalín)	

Para **educación primaria** seleccionáronse tres tramos cunha media de 5 quilómetros que transcorren desde unha zona rural antes do centro urbano ata A Borralla, na parroquia lalinense de Prado.

educación primaria



tramo 1	Os Porcallos - Lalín de Arriba 4,7 km. Dificultade baixa	
descrición	O tramo comeza entre os núcleos dos Porcallos e Pardesoa. Continúa por camiños e pistas de terra cara a Palmaz para entrar en Lalín polo barrio de Lalín de Arriba.	
chegada/recollida	Punto de chegada: na encrucillada que une os lugares dos Porcallos e Pardesoa	Punto de recollida: a carón da igrexa de San Martiño de Lalín, na rúa Monte Faro
que imos ver?	Campos de cultivo, aldeas tradicionais, vexetación de ribeira, igrexa románica de San Martiño...	
visitas recomendadas	Casa do Patrón de Doade (Lalín) Castrodeza (Lalín)	
espazos de lecer	Fraga de Catasós (Lalín) Praia fluvial de Pozo do Boi (Lalín)	

tramo 2

Lalín de Arriba - O Espiño (Lalín)

4,3 km. Dificultade baixa

descrición

O punto de inicio establécese na rúa Monte Faro do barrio de Lalín de Arriba, a carón do templo de San Martiño. Continúase cara a praza da Igrexa e séguese polo paseo das Pontiñas ata a capela do Espiño.

chegada/recollida

Punto de chegada: a carón da igrexa de San Martiño de Lalín, na rúa Monte Faro Punto de recollida: no Espiño, a carón da capela

que imos ver?

Igrexas e vivendas urbanas de diferentes épocas, zonas de campos de cultivos, paseo fluvial, vexetación de ribeira...

visitas recomendadas

Museo Ramón María Aller (Lalín)
Pazo de Liñares (Lalín)
Museo Galego da Marioneta (Lalín)

espazos de lecer

Carballeira do Rodo (Lalín)
Área recreativa Entre Os Ríos (Lalín)

tramo 3

O Espiño - A Borralla (Lalín)

6,1 km. Dificultade media

descrición

Comézase a carón da capela do Espiño para continuar cara ao polígono industrial e o lugar da Laxe, punto de encontro co Camiño do Sueste. Desde aquí séguese por Campo, os prados de Bendoiro, Xubín e Prado para rematar na Borralla.

chegada/recollida

Punto de chegada: no Espiño, a carón da capela Punto de recollida: no lugar da Borralla, a 100 metros da N-525

que imos ver?

Núcleos tradicionais, vivendas de arquitectura popular, igrexa de Prado, pazos de Bendoiro e Liñares, campos, vexetación de ribeira, zonas industriais...

visitas recomendadas

Lácteos Anzuxao (Lalín)
Fundación Neira Vilas (Vila de Cruces)
Fundación Paco Lareo (Vila de Cruces)

espazos naturais

Praia fluvial da Carixa (Vila de Cruces)
Illas de Gres (Boqueixón)

Por último, o alumnado de **educación secundaria e bacharelato** poderá gozar cun tramo duns 17 quilómetros de lonxitude entre A Ponte, aínda no Concello de Rodeiro, e A Laxe, para enlazar aquí co Camiño do Sueste-Vía da Prata (ver apartado 10 da guía).

educación secundaria e bacharelato



etapa 1

A Ponte (Rodeiro) - A Laxe (Lalín)

16,8 km. Dificultade media

descrición

O tramo comeza no Concello de Rodeiro, no lugar da Ponte. Pouco despois crúzase o río Arnego pola súa ponte medieval e chégase á Costa do Boi, linde de Rodeiro con Lalín. Diversas pistas e camiños levan a Palmaz, lugar da parroquia lalinense de Goiás, e ao barrio de Lalín de Arriba. Atravesado o casco urbano, continúa polo paseo das Pontiñas, O Espiño, a carballeira das Casianas e o polígono industrial. Pouco despois, este Camiño únese na Laxe coa Vía da Prata.

chegada/recollida

Punto de chegada: á entrada do lugar da Ponte da parroquia de Pedroso (Rodeiro), nunha encrucillada coa EP-6203 entre Laxas e A Ponte onde hai unha parada de autobús

Punto de recollida: no lugar da Laxe, a carón do albergue

que imos ver?

A ponte Pedroso, aldeas tradicionais, vexetación de ribeira nas zonas dos regatos, campos de cultivo, igrexas de San Martiño e das Dores de Lalín, capela do Espiño...

visitas recomendadas

Museo Ramón María Aller (Lalín)
Casa do Patrón de Doade (Lalín)

outras visitas

Lácteos Anzuxao (Lalín)
Pazo de Liñares (Lalín)
Museo Galego da Marioneta (Lalín)
Adegas Castro Brey (Vila de Cruces)

espazos de lecer

Carballeira do Rodo (Lalín)
Área recreativa Entre Os Ríos (Lalín)
Praia fluvial de Pozo do Boi (Lalín)



12 Camiño Primitivo: o máis antigo dos Camiños

Tamén coñecido como Camiño do Norte do Interior ou de Oviedo, o **Camiño Primitivo** está considerado como a primeira das ruta de peregrinación, a máis antiga. Une as capitais de Oviedo e Santiago de Compostela e discorre en boa parte por trazados de calzadas romanas. Foi un itinerario moi frecuentado polo pobo astur-galaico durante os séculos IX e X, e atraeu tamén peregrinos procedentes doutras partes do norte de España e de Europa.

O Camiño Primitivo entra en Melide desde Toques pola parroquia de Abeancos, uníndose co Camiño Francés no centro do pobo.

Que podemos aprender neste Camiño?

O primeiro rei peregrino foi o monarca astur-galaico Afonso II o Casto quen, no primeiro terzo do século IX, quixo viaxar a Santiago para confirmar que os restos que acababan de aparecer en Compostela eran os do Apóstolo Santiago.

A antigüidade e a importancia deste Camiño fan que en 2015 sexa recoñecido pola Unesco como Patrimonio da Humanidade, máxima distinción que pode recibir un ben cultural.

O máis antigo dos Camiños

O ser humano como persoa viaxeira, "homo viator", desprazouse ao longo da historia dun lugar a outro de maneira consciente; un desprazamento entendido como unha busca cara a unha meta. Este concepto antropolóxico, o do "homo viator", singularizado no espiritual e no cristián, nace na Idade Media e se proxecta nas peregrinacións. De aí a importancia dos camiños como vías de comunicación.

En época romana, as vías foron un elemento clave para o crecemento e posterior expansión do imperio. Vías que conformaban unha rede de camiños usada, nun primeiro momento, con fins militares para a conquista de territorio, pero tamén con fins comerciais.

Trala caída do imperio romano, esta rede caeu no abandono, aínda que en época medieval parte destas vías foron reutilizadas. Camiños usados por comerciantes, mensaxeiros/as, campesiños/as e, como non, por peregrinos e peregrinas a partir do descubrimento dos restos do Apóstolo Santiago.

Por isto, a través do Camiño Primitivo, o máis antigo dos Camiños, pódese indagar arredor da creación das vías romanas, as orixes dos Camiños en época medieval e sobre viaxeiros e viaxeiras que deixaron escritos os seus itinerarios.

etapas oficiais en galicia

Desde Grandas de Salime (Asturias), a entrada en terras galegas realízase polo porto do Acevo, existindo dúas alternativas para chegar a Paradavella (A Fonsagrada): unha por San Xoán do Padrón e a outra pola Proba de Burón. Un total de oito etapas duns 170 quilómetros ata chegar a Compostela.

Por San Xoán do Padrón

169,2 km. Dificultade baixa

Alto do Acevo - Paradavella
24,7 km. Dificultade baixa

Paradavella - Castroverde 20,4 km. Dificultade media-baixa

Castroverde - Lugo 22,1 km. Dificultade baixa

Lugo - San Romao da Retorta (Guntín) 18,8 km. Dificultade baixa

San Romao da Retorta - Melide 30,7 km. Dificultade media

Melide - Arzúa 14,3 km. Dificultade baixa

Arzúa - Arca (O Pino) 18,4 km. Dificultade baixa

Arca (O Pino) - Santiago de Compostela 20,2 km. Dificultade media

Pola Proba de Burón

170,3 km. Dificultade baixa

Alto do Acevo - Paradavella
25,8 km. Dificultade baixa

Os tramos finais do Camiño Primitivo nos arredores de Santiago



O **Camiño Primitivo** atravesa os municipios de Melide, Arzúa, O Pino e Santiago de Compostela cun percorrido de case 60 quilómetros.

No Concello de Melide, esta ruta transcorre polas parroquias de San Salvador de Abeancos, Santa María dos Ánxeles e San Pedro de Melide, xuntándose na capital do municipio co Camiño Francés. Por este motivo, as experiencias educativas por Melide centraranse neste último itinerario xacobeo.



13 Camiño de Fisterra-Muxía: lendas e tradicións da fin da terra e do máis alá

Esta ruta de peregrinación, con inicio na cidade de Santiago de Compostela, ten dúas metas: unha no cabo Fisterra e outra no Santuario da Virxe da Barca (Muxía). A súa historia foi unha mestura de paganismo e posterior proceso de cristianización. A partir do século XII, o Códice Calixtino vincula este Camiño coa tradición xacobeá. Ademais, dúas das devocións relixiosas máis populares de Galicia teñen en Fisterra e Muxía a súa sede: o Santo Crísto de Fisterra e o santuario da Virxe da Barca de Muxía.

etapas oficiais en galicia

A dobre denominación deste Camiño cos topónimos Fisterra e Muxía indica que son dous os destinos últimos desta ruta. No lugar de Olveiroa, o Camiño bifúrcase podendo chegar primeiro a Fisterra a través de Corcubión ou a Muxía.

A continuación expóñense as etapas recomendadas para facer polo público xeral.

Fisterra-Muxía	Muxía-Fisterra
117,6 km. Dificultade media	118,5 km. Dificultade media
 Santiago de Compostela - Negreira	
20,9 km. Dificultade alta	
Negreira - Olveiroa. 34 km. Dificultade media	
Olveiroa - Corcubión. 20,6 km. Dificultade media - alta	Olveiroa - Muxía. 32,5 km. Dificultade alta
Corcubión - Fisterra. 14,2 km. Dificultade alta	Muxía - Lires. 15,3 km. Dificultade media - alta
Fisterra - Lires. 12,5 km. Dificultade alta	Lires - Fisterra. 15,9 km. Dificultade alta
Lires - Muxía. 15,3 km. Dificultade media - alta	

O inicio do Camiño de Fisterra-Muxía en Santiago



De Santiago de Compostela a Negreira

O punto de inicio establécese na compostelá praza do Obradoiro. Desde aquí parte pola rúa das Hortas e o barrio de San Lourenzo durante uns nove quilómetros ata o linde do Concello de Santiago. Prosegue logo cara ao lugar de Olveiroa (Dumbría), onde o itinerario se bifurca para poder rematar en Fisterra ou en Muxía.

Que podemos aprender neste Camiño?

O topónimo Fisterra procede do latín *finis terrae*, onde a terra remata e o mar comeza. Ata aquí desprázanse desde a Idade Media peregrinos e peregrinas de todo o mundo despois de chegar a Compostela converténdoo nunha prolongación ata esa fin da terra, do continente. Arredor do século XV, esas viaxes continuaban ata o Santuario da Virxe da Barca, en Muxía, moi vinculado á tradición xacobeá.

En 1283, Fisterra xa aparece citado como lugar de peregrinación de longa distancia nunha manda dun cóengo de Santiago. No caso de Muxía, a noticia máis antiga data de 1446.

Das informacións contidas no preito Tavera-Fonseca (1525) pode deducirse que o Camiño Real a Fisterra, no seu primeiro tramo desde Santiago, é o mesmo de Noia e Muros ata cruzar o río Sarela. Ambos camiños, como o de Padrón e Pontevedra, estarían controlados pola fortaleza da Rocha Forte.

Lendas e tradicións da fin da terra e do máis alá

Ata o final da Idade Media, a Costa da Morte era o último reduto de terra coñecido. O lugar polo que os pobos prerromanos crían que as almas ascendían ao ceo. Un espazo mítico e simbólico que deixou pampas aos conquistadores romanos cando viron desaparecer o sol detrás do inmenso océano. Desde entón, o extremo do cabo de Fisterra magnetiza por igual a cada visitante.

No referente a Muxía, a tradición conta que foi na Punta da Barca onde a Virxe reconfortou ao Apóstolo e lle entregou unha imaxe súa, que Santiago colocou baixo unhas rochas nun altar. A Virxe chegara nunha barca de pedra, a Pedra de Abalar, impulsada por unha vela, a Pedra dos Cadrís. Dúas pedras ás que se lle atribúen propiedades curativas e que teñen unha gran tradición oral ao seu arredor. Así, outra lenda di que a Virxe non chegou nunha barca de pedra, senón que apareceu sobre a Pedra de Abalar; e incluso hai unha versión segundo a que San Xosé acompañou á Virxe ata esta paraxe e deixou nestas pedras as súas pegadas.

Percorrendo a pé o Camiño de Fisterra-Muxía

A experiencia que se presenta para **educación infantil** comeza na praza do Obradoiro e remata un quilómetro despois na carballeira de San Lourenzo.

educación infantil



tramo

Praza do Obradoiro - Carballeira de San Lourenzo

1 km. Dificultade baixa

descrición

O punto de inicio desta experiencia establécese no centro da praza do Obradoiro, onde está o km 0. Sáese da mesma por diante do Hostal Real e descéndese cara ao oeste pola Costa do Cristo. Crúzase polo lugar no que se erguía a antiga porta da muralla, coñecida co nome da Trindade, para seguir pola rúa das Hortas, atravesar a encrucillada con Galeras e o Pombal, Poza de Bar e San Lourenzo ata a carballeira do mesmo nome.

chegada/recollida

Punto de chegada: na praza do Obradoiro, podendo deixar o autobús na dársena de Xoán XXIII

Punto de recollida: na Carballeira de San Lourenzo, no contorno do campus universitario

que imos ver?

Antiga zona intra muros de Compostela, barrios extra muros, rúa das Hortas, casa natal de Isaac Díaz Pardo, barrio do Pombal, carballeira e pazo de San Lourenzo...

observación

Desde a Carballeira de San Lourenzo pódese continuar ata o río Sarela, un traxecto de 500 metros que se recomenda facer de ida e volta.

visitas recomendadas

Pazo de San Lourenzo (Santiago de Compostela)

outras visitas

Castelo da Rocha Forte (Santiago de Compostela)

espazos de lecer

Carballeira de San Lourenzo (Santiago de Compostela)
Alameda de Santiago

Para o alumnado de **educación primaria** preséntanse 2 tramos, cunha media de 8 quilómetros, entre Santiago e Negreira.

educación primaria



tramo 1

Santiago de Compostela - Alto do Vento

8,3 km. Dificultade media

descrición

A saída establécese na praza do Obradoiro seguindo pola Costa do Cristo e a rúa das Hortas. Continúase polo barrio do Pombal ata a carballeira de San Lourenzo, rodeando o pazo cara ao río Sarela. Éntrase na parroquia de Figueiras e séguese polas Moas de Abaixo e A Eira Nova. Unha vez cruzado o rego de Porto Marelo, pásase Piñeiro, Pedrido, os montes de Vilvestro, Quintáns e o rego de Roxos cara a Portela, última aldea do Concello de Santiago, no Alto do Vento.

chegada/recollida

Punto de chegada: na praza do Obradoiro, podendo deixar o autobús na dársena de Xoán XXIII

Punto de recollida: no Alto do Vento, nunha área de recreo situada a carón do Camiño (estrada AC-453), no linde entre o Concello de Santiago e o de Ames. Tamén hai un restaurante no contorno

que imos ver?

Urbanismo da cidade, arquitectura tradicional, antigos muiños e curtidoiros, carballeiras, pontellas e regatos.

visitas recomendadas

Pazo de San Lourenzo (Santiago de Compostela)
Museo de Historia Natural (Santiago de Compostela)

outras visitas

Castelo da Rocha Forte (Santiago de Compostela)
Ver o listado de recursos de Santiago de Compostela

espazos de lecer

Carballeira de San Lourenzo (Santiago de Compostela)
Alameda de Santiago (Santiago de Compostela)

tramo 2

Alto do Vento - Negreira

7,2 km. Dificultade media

descrición

O Alto de Vento divide os concellos de Santiago de Compostela e Ames. A primeira das aldeas pola que se pasa é a de Ventosa, continuando cara ao Lombao e o rego Luceiro. Séguese por Augapesada, Castiñeiro do Lobo e o alto de Mar de Ovellas. Pásanse os núcleos de Carballo, Trasmonte, Reino e Burgueiros para cruzar por unha das pontes máis significativas deste Camiño, A Ponte Maceira. Neste punto o río Tambre fai de fronteira natural entre os concellos de Ames e Negreira, marcando o comezo da comarca da Barcala. Desde aquí continúa por un carreiro próximo ao río para entrar na Barca e subir á Chancela. Pouco despois chégase a Negreira.

chegada/recollida

Punto de chegada: no Alto do Vento, nunha área de recreo situada a carón do Camiño (estrada AC-453), no linde entre o Concello de Santiago e o de Ames. Tamén hai un bar no contorno

Punto de recollida: no contorno da praza do Cotón en Negreira, cunha zona de aparcamento e un parque infantil

que imos ver?

Aldeas tradicionais, ponte de Augapesada, A Ponte Maceira, fontes, hórreos, muiños, igrexa de Trasmonte, ermida de San Brais, capela de San Mauro, pazos da Chancela e do Cotón, Val de Amaia, campos de cultivo, río Tambre...

visitas recomendadas

Centro de Interpretación Ambiental de Compostela
Meteogalicia (Santiago de Compostela)

espazos de lecer

Granxa do Xesto (Santiago de Compostela)
Área recreativa de Bembibre (Val do Dubra)
Fervenza do Rexedoiro (Val do Dubra)

outras visitas

Ver o listado de recursos de Santiago de Compostela

Por último, para o alumnado de **educación secundaria e bacharelato**, preséntase unha etapa de 15 quilómetros entre Santiago de Compostela e A Ponte Maceira, que se pode ampliar en catro quilómetros ata Negreira.

educación secundaria e bacharelato



etapa 1

Santiago de Compostela - A Ponte Maceira

15,5 km. Dificultade media

descrición

A saída establécese na praza do Obradoiro continuando pola Costa do Cristo, a rúa das Hortas e o barrio do Pombal ata a carballeira de San Lourenzo, rodeando o pazo ata o río Sarela. Déixase a parroquia de Figueiras e veñen Vilvestro, Roxos e o Alto do Vento, no linde do Concello de Santiago co de Ames. Continúase por Ventosa, O Lombao, o rego Luceiro, Augapesada, Castiñeiro do Lobo e o alto de Mar de Ovellas. Desde aquí pásanse os núcleos de Carballo, Trasmonte, Reino e Burgueiros para ver o río Tambre desde unha das pontes máis significativas deste Camiño, A Ponte Maceira.

alternativa

No canto de rematar na Ponte Maceira, poderíase seguir un tramo de catro quilómetros para finalizar en Negreira.

chegada/recollida

Punto de chegada: na praza do Obradoiro, podendo deixar o autobús na dársena de Xoán XXIII

Punto de recollida: no lugar da Ponte Maceira (os autobuses poderían deterse na encrucillada de Trasmonte e Augapesada).
Punto de recollida alternativo: no contorno da praza do Cotón en Negreira, cunha zona de aparcamento e un parque infantil

que imos ver?

Santiago intra muros e extra muros, igrexa de San Froitoso, casa natal de Isaac Díaz Pardo, Pazo de San Lourenzo, curtidoiros e muiños do Sarela, ponte sobre o Rego de Porto Marelo, pontes de Augapesada e da Ponte Maceira, pazos da Chancela e o do Cotón, ermida de San Brais, capela de San Mauro, vexetación de ribeira, arboredos autóctonos e de reforestación...

visitas recomendadas

Pazo de San Lourenzo (Santiago de Compostela)
Museo de Historia Natural (Santiago de Compostela)

outras visitas

Castelo da Rocha Forte (Santiago de Compostela)
Ver o listado de recursos de Santiago de Compostela


espazos de lecer

Granxa do Xesto (Santiago de Compostela)
Área recreativa de Bembibre (Val do Dubra)
Fervenza do Rexedoiro (Val do Dubra)



14 Dúas experiencias únicas

O territorio Área Santiago está sucado polos Camiños que chegan á Catedral procedentes de todas as direccións. Polo norte, o Camiño Inglés entra en Santiago de Compostela polo Concello de Oroso; polo suroeste, o Portugués chega a Santiago despois de traspasar os municipios de Padrón e Rois; polo sueste a Vía da Prata e o de Inverno atravesan Lalín, Silleda, A Estrada, Vedra e Boqueixón antes de entrar no concello compostelán; polo leste o Francés, no que conflúen o Primitivo e o do Norte, pasa por terras de Melide, Arzúa e O Pino; e polo oeste o Camiño de Fisterra-Muxía parte pola Ponte Sarela e as parroquias de Figueiras e Vilvestro cara a costa e o fin da terra.



14.1 Selección dos Camiños de Área Santiago

Para as persoas que queiran coñecer todos os Camiños con comodidade e con base en Santiago, propoñemos a realización das seguintes etapas, recomendadas para maiores de 12 anos. A elección das mesmas realizouse en función do interese ambiental e patrimonial, así como polos accesos. Entre todas compoñen a nosa **Selección dos Camiños de Área Santiago**.

O paquete proposto pode acurtarse a gusto dos grupos e familias en función do tempo dispoñible, escollendo entre os seguintes tramos dos Camiños da súa preferencia.

Camiño Francés

**San Xiao do Camiño
(Palas de Rei) - Melide**

transporte

Unha etapa de 11,1 km de dificultade media a través das que coñecer as riquezas do románico a través de pontes medievais e igrexas como a de San Xiao do Camiño, situada a 3,5 km ao oeste do centro de Palas de Rei dirección Melide; O Leboreiro ou Furelos, núcleos previos ao de Melide.

autobús

A empresa Freire realiza diariamente o servizo de liña entre Santiago de Compostela e Lugo con paradas en San Xiao (Palas de Rei) e Melide (avda. de Lugo e rúa Progreso). Para consultar os horarios www.empresafreire.com, 981 563 238 ou 982 220 300.

taxi

No caso de preferir transporte en taxi, por horario ou mesmo para equipaxes, hai servizo en Palas de Rei (982 374 103 -parada da avenida de Ourense-) e Melide (981 505 390 -parada do cantón de San Roque-).

Camiño Inglés

**A Calle (Ordes) -
Sigüeiro (Oroso).**

transporte

Un Camiño que frecuentaban peregrinos e peregrinas desde a outra beira do mar, en gran medida ingleses. Unha etapa de 12,8 km de dificultade baixa.

autobús

A empresa Monbus realiza o servizo de liña entre Santiago de Compostela e Ordes con paradas en Sigüeiro (avda. de Compostela); e Autos Grabanxa fai a ruta Santiago-Sigüeiro. Para consultar os horarios www.monbus.es ou 982 292 900 e www.autosgrabanxa.es ou 981 690 990.

taxi

Hai servizo en Ordes (981 680 733 -parada do parque municipal-) e Sigüeiro (652 689 993 / 619 422 528).

**Camiño
Portugués
Padrón - Rúa de
Francos**

transporte

Un Camiño de lingua e literatura con destacadas personaxes como o trobador Macías o Namorado, Rosalía de Castro ou Camilo José Cela, ademais de situarse á beira do mesmo unha das primeiras fábricas de papel de Galicia, a do Faramello. Unha etapa de 13,5 km. de dificultade baixa.

autobús

Monbús realiza o servizo de liña entre Santiago de Compostela e Padrón. Para consultar os horarios www.monbus.es ou 982 292 900

tren

Renfe realiza o servizo entre Santiago de Compostela e Padrón, con dúas estacións: Padrón e Padrón-Barbanza. Para consultar os horarios www.renfe.com ou 902 320 320.

taxi

Hai servizo en Padrón (981 811 459 -parada da avda. de Compostela- / 981 810 295 -parada rúa Real-) e en Teo (981 807 410 -parada de Casalonga-).

**Camiño do
Sueste
Bendoiro (Lalín) - A
Bandeira (Silleda)**

transporte

Unha etapa de 16,7 km de dificultade media na que destacan as casas grandes e os pazos cos seus viñedos.

autobús

Monbus realiza o servizo de liña entre Santiago de Compostela e Lalín, con paradas en Prado e Bergazos (ambas a dous quilómetros do punto de inicio no lugar da Laxe) e A Bandeira. Para consultar os horarios www.monbus.es ou 982 292 900.

taxi

Hai servizo en Lalín (986 580 172 -parada da avda. do Parque) e en Silleda (986 580 172 -parada da avda. do Parque).

**Camiño de
Inverno
A Ponte (Rodeiro)-A
Laxe (Lalín)**

transporte

Unha etapa de 16,8 km de dificultade media marcada pola paraxe natural e os núcleos tradicionais.

autobús

Monbus realiza o servizo de liña entre Santiago de Compostela e Lalín e tamén entre Lalín e Rodeiro. Para consultar os horarios www.monbus.es ou 982 292 900.

taxi

Hai servizo en Lalín (986 580 172 -parada da avda. do Parque-) e en Rodeiro (986 790 137).

**Camiño de
Fisterra-Muxía
Santiago de
Compostela-Negreira**

transporte

Unha etapa de 19,5 km de dificultade media que pon rumbo cara á fin da terra.

autobús

A empresa Grupo Ferrín realiza o servizo de liña entre Santiago de Compostela e Negreira. Para consultar os horarios www.grupoferrin.com ou 981 873 643.

taxi

Hai servizo en Negreira (981 885 159 -parada da praza do Concello-).

14.2 A Estrela dos Camiños de Área Santiago

Esta proposta está ideada para grupos que queiran coñecer todos os Camiños a través dos tramos que transcorren polos concellos de Área Santiago. Máis de 220 quilómetros para realizar en 14 etapas.

As Pegadas do Románico é a clave do e da camiñante que percorra o **Camiño Francés**. Catro etapas cunha media de 15 quilómetros polos concellos de Melide, Arzúa, O Pino e Santiago de Compostela.

Un itinerario de peregrinos e peregrinas desde a outra beira do mar é o que se pode descubrir percorrendo o **Camiño Inglés**. Dúas etapas cunha media de 15 quilómetros para coñecer o Concello de Oroso e a zona norte do de Santiago de Compostela.

Pradeiras e bosques marcan o **Camiño do Norte-Ruta da Costa**. Dúas xornadas de máis de 20 quilómetros polos concellos de Arzúa, O Pino e Santiago de Compostela.

As pegadas da literatura vivírase coa experiencia do **Camiño Portugués**. Dúas xornadas para camiñar desde Padrón a Santiago de Compostela pasando por Rois.

Pazos e mosteiros levan ao e á camiñante a coñecer durante tres xornadas o **Camiño do Sueste-Vía da Prata**, que transcorre polas terras dos concellos de Lalín, Silleda, A Estrada, Vedra, Boqueixón e Santiago de Compostela.

A importancia da paisaxe tingue de verde o **Camiño de Inverno** polo Concello de Lalín.

Para finalizar, un viaxe cara á fin da terra. Unha etapa especial de lendas e tradicións con punto de saída na compostelá praza do Obradoiro: o **Camiño de Fisterra-Muxía**.

a estrela
dos Camiños
de Área Santiago



15 Recursos nos Camiños de Área Santiago

visitas didácticas

A Estrada

Pazo de Oca

O Pazo de Oca, coñecido co sobrenome de "Versalles Galego", é unha construción señorial pertencente aos duques de Medinaceli. Nos seus xardíns poden observarse numerosos exemplares de camelias, magnolios, pradairos, unha avenida de tileiros e labirintos arbóreos. Ofrece visita libre aos xardíns con opción de realización dunha visita guiada aos interiores do pazo.

endereço	A Praza, 16 Oca - 36685 A Estrada
coordenadas	42.746676, -8.394738
teléfono	986 587 435
web	www.fundacionmedinaceli.org/monumentos/oca
correo	pazodeoca@fundacionmedinaceli.org
duración	Visita libre exterior, 1 hora. Visita guiada interior, 30 minutos
horarios	De luns a domingo de 9:00 a 20:30 horas (entre novembro e marzo o peche é ás 18:30 horas)
grupo	Visita guiada ao interior, máximo 20 persoas. Os grupos maiores entrarán organizados por quendas
tarifas	4,00 €, visita libre para grupos a partir de 15 persoas. 13,00 €, visita guiada para grupos incluíndo o interior.
observacións	Dispón de aparcamento con capacidade para autobuses. Para visita guiada, concertar cita previa. A visita no interior para menores a partir de 6 anos

Próximo ao Camiño do Sueste-Vía da Prata e ao Camiño de Inverno

Arzúa

Centro de Divulgación do Queixo e do Mel

O Centro de Divulgación do Queixo e do Mel ofrece visitas guiadas e obradoiros. Ten por obxectivo dar a coñecer e promocionar o Queixo de Arzúa-Ulloa e o Mel de Galicia, descubrindo o mundo das abellas e do queixo, as formas de produción destes alimentos desde a antigüidade ata hoxe en día, usos e propiedades do mel e do queixo, as tradicións e a relación coa cultura e a sociedade rural galega.

endereço	Feira Nova, s/n - 15819 Arzúa
coordenadas	42.933054, -8.159765
teléfono	981 508 142
web	www.queixoemel.org
correo	aga@queixoemel.org
horario	De luns a venres de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 18:00 horas
observacións	Dispón de aparcamento próximo con capacidade para autobuses. Necesidade de reserva previa

Próximo aos Camiños do Norte, Primitivo e Francés

O Enredo do Abelleiro

O Enredo do Abelleiro é un museo vivente do mel no que coñecer a historia da apicultura galega. Ofrecen visita guiada e tres actividades: vestirse de apicultor e coñecer unha colmea, obradoiro de cera no que se elaboran candeas e obradoiro de envasado.

endereço	Portodemouros, s/n - 15819 Arzúa
coordenadas	42.9289611, -8.1723684
teléfono	981 508 072
web	www.abelleiro.com
correo	info@abelleiro.com
horario	De luns a domingo de 11:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00 horas
tarifas	2,00 € visita ao museo / 3,00 € obradoiros
observacións	Dispón de aparcamento con capacidade para autobuses. Necesidade de reserva previa

Próximo aos Camiños do Norte, Primitivo e Francés

Boqueixón

Centro de Interpretación do Pico Sacro

Centro de Interpretación que ofrece visitas guiadas apoiando as explicacións en paneis ilustrativos. Trátase a orixe e formación do Pico Sacro, a relación coa cultura xacobeá, as lendas, a importancia relixiosa e as referencias literarias sobre o Pico Sacro.

endereço	Cachosenade, s/n Lestedo - 15881 Boqueixón
teléfono	981 513 061
web	www.boqueixon.com
correo	boqueixonturismo@gmail.com
horario	De luns a venres de 8:00 a 15:00 horas. As tardes e os fins de semana, previa reserva
idades	Recomendado a partir dos 6 anos
tarifas	Gratuito
observacións	Dispón de aparcamento próximo con capacidade para autobuses

Próximo ao Camiño do Sueste-Vía da Prata e ao Camiño de Inverno

Centro de Divulgación do Cabalo de Pura Raza Galega

O Pazo de Quián é o Centro de Referencia que nace para promover e difundir o cabalo de Pura Raza Galega, obxectivo para o que conta con amplas instalacións onde, ademais de cabaleirizas ou zona de doma, tamén hai espazo para museo e para actividades didácticas.

endereço	Pazo de Quián, s/n Sergude - 15881 Boqueixón
coordenadas	42.821313, -8.462156
teléfono	981 511 922
web	www.cabalogalego.com
correo	secretaria.cabalogalego@gmail.com
duración	Museo, 30 minutos. Museo e exhibición, 1 hora 30 minutos
grupo	Mínimo 20 persoas
tarifas	5,00 € visita ao centro e ao museo; 8,00 € incluíndo exhibición de doma
observacións	As visitas de centros educativos precisan da autorización da Consellería de Medio Rural, que xestionará a asociación. Os centros deberán dispoñer de seguro de responsabilidade civil en vigor

Próximo ao Camiño do Sueste-Vía da Prata e ao Camiño de Inverno

Visitas guiadas na contorna de Boqueixón

O patrimonio natural e cultural deste municipio ten entre os seus principais expoñentes o Pico Sacro e as Illas de Gres, situadas no río Ulla: un espazo de valor paisaxístico, arquitectónico e histórico no que destacan catro pequenas insuas unidas por pontes. Co obxectivo de mostrar estes e outros atractivos, o concello organiza visitas guiadas coas que descubrir Boqueixón, coñecer a súa historia e lendas e gozar da oferta gastronómica e de ocio.

endereço	Pico Sacro, s/n Cachosenade - 15881 Boqueixón
coordenadas	42.804666, -8.462493
teléfono	981 513 061
web	www.boqueixon.com
correo	boqueixonturismo@gmail.com
horario	De luns a venres de 8.00 a 15.00 h. Posibilidade de visita a grupos fóra de horario
duración	4 horas
grupo	Mínimo 5, máximo 50 persoas
tarifas	Gratuito

Próximo ao Camiño do Sueste-Vía da Prata e ao Camiño de Inverno

Facendo Camiño

A guía de espazos naturais Inés Ferradans está á fronte de Facendo Camiño e ofrece percorridos polos municipios de Arzúa e Vedra, entre outros. As visitas están dispoñibles en español, galego e inglés.

endereço	Angustín, 4 - Santa Cruz de Ribadulla - 15880 Vedra
teléfono	605 340 394
correo	facendocami@gmail.com
grupo	Mínimo 5 persoas, máximo 50 persoas
tarifas	Tarifas: consultar condicións

Próximo ao Camiño do Sueste-Vía da Prata e ao Camiño de Inverno

Lalín

Museo Municipal Ramón María Aller

O Museo Municipal Ramón María Aller atópase nun edificio do século XIX que pertenceu ao astrónomo, matemático e sacerdote D. Ramón María Aller Ulloa e onde se emprazou o primeiro observatorio astronómico de Galicia. Está dedicado aos tres fillos ilustres do Concello de Lalín: Ramón Aller, o aviador Joaquín Loriga e o pintor Laxeiro. Ofrece visitas guiadas polas dependencias de todo o museo incluíndo tanto exposicións permanentes como temporais.

endereço	Rúa Ramón Aller, 9 - 36500 Lalín
coordenadas	42.661293, -8.113325
teléfono	986 784 004
web	www.lalin.gal
correo	museo@lalin.org
horarios	De luns a venres de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 21:00 horas. Consultar horarios para grupos
grupo	Mínimo 8 persoas, máximo 55 persoas
tarifas	Gratuito

Próximo ao Camiño do Sueste-Vía da Prata e ao Camiño de Inverno

Castrodeza

Castrodeza ofrece ás persoas visitantes a oportunidade de redescubrir a paisaxe, profundar na relación do patrimonio coa memoria colectiva e coñecer a cultura gastronómica desta comarca; todo elo dun xeito atractivo e innovador, baseado nas novas tecnoloxías. O espazo expositivo ten unha superficie total de 299 m², repartidos en 4 espazos circulares. Ofrece visitas guiadas, libres e obradoiros.

endereço	Praza de Galicia, 1 - 36500 Lalín
coordenadas	42.660894, -8.116472
teléfono	986 781 608
web	www.castrodeza.depo.es
correo	castrodeza@depo.es
horarios	De 10:00 a 14:00 e de 15:00 a 18:00 horas (en tempada alta de febreiro a xuño e Nadal). De 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00 horas (fins de semana de abril, maio, xuño, Semana Santa e festivos). De 10:00 a 15:00 horas (en tempada baixa)
duración	Visita, 45 minutos. Obradoiros, 40 minutos
grupo	Máximo 60 persoas (en quendas)
idades	Obradoiros a partir de 3 anos
tarifas	Visita gratuíta
observacións	Pola visita a Castrodeza hai desconto no prezo da visita á Casa do Patrón

Próximo ao Camiño do Sueste-Vía da Prata e ao Camiño de Inverno

Museo Galego da Marioneta

O Museo Galego da Marioneta sitúase nas dependencias do Pazo de Liñares. Aquí pódese ver unha exposición permanente que presenta unha interesante colección de marionetas co obxecto de fomentar o goce, investigación, estudo e recuperación da arte dos monicreques.

endereço	Pazo de Liñares, s/n - Prado s/n Lalín
coordenadas	42.680025, -8.191681
teléfono	986 181 423
web	www.lalin.gal
correo	museodamarioneta@lalin.org
duración	45 minutos
horarios	De luns a domingo de 11:00 a 14:00 e de 17:00 a 20:00 horas. Reserva de visitas de luns a venres de 10:00 a 14:00 horas
grupo	Máximo 50 persoas / máximo 20 persoas, menores de 6 anos
tarifas	Gratuíto

Próximo ao Camiño do Sueste-Vía da Prata e ao Camiño de Inverno

Pazo de Liñares

Pazo do século XVII de estilo barroco fundado por Álvaro Núñez Taboada. No seu interior destacan a antesala, biblioteca, expositor de armas e unha pia bautismal románica. No exterior atópanse construcións anexas significativas como a capela, dous fornos, alpendre, hórreo e pombal. Foi declarado BIC no ano 2009 e ofrece visitas libres.

endereço	Liñares, s/n Prado - Lalín
coordenadas	42.680025, -8.191681
teléfono	986 181 423
horarios	Luns a domingo de 11:00 a 14:00 e de 17:00 a 20:00 h.
grupo	Máximo 50 persoas
tarifas	Gratuíto
información	www.lalin.gal/files/pazolinaires_0.pdf

Próximo ao Camiño do Sueste-Vía da Prata e ao Camiño de Inverno

Casa do Patrón de Doade

O Museo Etnográfico Casa do Patrón é un centro con máis de 2000 m² de exposición distribuídos en tres edificios, onde se expoñen máis de 4000 pezas recollidas por toda a xeografía galega. Ofrece visita guiada polas instalacións e obradoiros sobre a elaboración do pan, do queixo, de cestaría, xogos tradicionais, traballos con barro, tecido manual e reciclaxe de papel.

endereço	Codeseda, 7 Doade - 36519 Lalín
coordenadas	42.606681, -8.142509
teléfono	986 692 203
web	www.casadopatron.com
correo	info@casadopatron.com
duración	1 hora 30 minutos. Consultar obradoiros
horarios	De martes a domingo de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00
grupo	Mínimo 10, máximo 50 persoas (entrarían por grupos)
tarifas	1,00 €, centros educativos e grupos de máis de 25 persoas / 2,00 €, grupos de menos de 25 persoas
obradoiros	3,00 €, mínimo 10 persoas. Consultar tarifas para grupos menores

Próximo ao Camiño do Sueste-Vía da Prata e ao Camiño de Inverno

Melide

Museo Terra de Melide

Antigo Hospital de Peregrinos fundado por Fernán López e Aldara González no ano 1375. O actual edificio, datado do ano 1502, como se le na inscrición da fachada, que conserva escudos de armas de quen o mandou construír, o conde de Monterrei, don Sancho de Ulloa e Castro, foi rehabilitado para convertelo en sede do Museo Terra de Melide, museo etnográfico e arqueolóxico con pezas que van desde o Neolítico ata o século XX.

endereço	Praza do Convento, s/n - 15800 Melide
coordenadas	42.915459, -8.016532
teléfono	981 507 998
web	www.mtmelide.es
correo	museomelide@telefonica.net
duración	1 hora
horario	Visita guiada a grupos, de martes a venres de 10:30 a 13:30 e de 17:00 a 20:00 horas. Visita libre, de luns a sábado de 10:30 a 13:30 e de 17:00 a 20:00 horas, e domingo de 11:00 a 14:00 horas
grupo	Máximo 20 persoas
tarifas	Gratuito

Próximo ao Camiño Primitivo e ao Francés

Padrón

Casa Museo Rosalía de Castro

A casa onde Rosalía de Castro pasou os últimos anos da súa vida é actualmente un museo de visita libre. As instalacións inclúen a recreación dunha casa rural labrega e fidalga e xardíns. A Fundación Rosalía de Castro ofrece a posibilidade de facer percorridos para escolares e dispón de materiais específicos para desenvolverlos.

endereço	A Matanza, s/n – Iria Flavia 15917. Padrón
coordenadas	42.738221, -8.652342
teléfono	981 811 204
web	www.rosaliadecastro.org
correo	fundacion@rosaliadecastro.org
duración	30 minutos.
horarios	Xullo a setembro, de martes a sábado de 10.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 horas / Outubro a xuño, de martes a sábado de 10.00 a 13.30 e de 16.00 a 19.00 h. Domingos e festivos de 10.00 a 13.30 h. / Pechado, luns.
grupo	Mínimo 20 persoas
tarifas	2,00 €, xeral / 1,50 € grupos a partir de 20 persoas / 1,00 €, estudantes a partir de 6 anos / Gratuito, menores de 6 anos

Próximo ao Camiño Portugués

Fundación Camilo José Cela

Fundación que se pode visitar libremente ou a través de visitas guiadas polas diferentes salas do museo, no cal se recolle a vida e obra do Premio Nobel Camilo José Cela. As instalacións inclúen a biblioteca, hemeroteca, epistolario, manuscritos e pinacoteca; así como legados de outros persoeiros da cultura española da segunda metade do século XX.

endereço	Santa María, 22 – Iria Flavia. 15917 Padrón
coordenadas	42.745980, -8.655869
teléfonos	981 812 425 / 981 810 348
web	www.fundacioncela.com
correo	visitas@fundacioncela.com
duración	1 hora
horarios	Setembro a xuño, de martes a sábado de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 / Xullo e agosto, de martes a sábado de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00 / Pechado, domingos e festivos. Visitas guiadas cada hora punta.
grupo	Máximo 40 persoas. Para grupos maiores, fanse quedas
tarifas	Gratuita para centros educativos / 2,40 € xeral / 1,20 € reducida.

No Camiño Portugués

Igrexa de Santiago de Padrón

A igrexa de Santiago de Padrón reúne unha gran cantidade de elementos vinculados co Apóstolo e a tradición xacobeá. No seu interior destaca o Pedrón, a ara romana na que, segundo recolle a tradición, foi amarrada a barca que traía os restos do Apóstolo Santiago desde Palestina. Ademais, poden contemplarse diferentes representacións de Santiago.

endereço	Praza Irmandade Amigos e Fillos de Padrón, s/n - 15900 Padrón
coordenadas	42.739123, -8.661622
teléfono	981 810 350
web	www.parroquiasantiagodepadron.com
correo	ppadron@parroquiasantiagodepadron.com
horarios	Luns de 18:00 a 19:30 h.; de martes a sábado de 10:00 a 13:00 h e 17:00 a 19:30 h.; domingos de 10:00 a 12:00 h. Posibilidade de visita a grupos fóra do horario. En verán o horario de peche ampliase media hora de tarde
grupo	Máximo 50 persoas
tarifas	Gratuito
duración	20 minutos
observacións	Reserva previa só no caso de grupos de máis de 50 persoas No Camiño Portugués

Convento de Herbón

Visitas guiadas polos pais franciscanos nas que se poderán ver parte do Convento e dependencias como o seminario, o claustro e a sancristía, así como os exteriores coa gran horta onde visitar as súas monumentais fontes, a carballeira e o invernadoiro dos recoñecidos pementos de Herbón.

endereço	Rego da Manga, 55 Herbón - 15915 Padrón
coordenadas	42.732592, -8.630984
teléfono	981 811 704
web	www.franciscanos-santiago.org/herbon/herbonweb.html
correo	honrubialetradoofm@gmail.com
horario	A concretar. Para reservas, de 10:30 a 13:00 e de 16:00 a 17:30 horas
tarifas	Gratuito
observacións	Os grupos poden comer ou merendar na carballeira, na horta xunto ás fontes ou cerca do río Ulla. Nas mesmas estancias hai un albergue, cedido á Asociación de Amigos do Camiño de Santiago, que conta con 20 camas Próximo ao Camiño Portugués

Xardín botánico da Fundación Paideia

O xardín pertencía a unha das capelanías do Santuario e foi rehabilitado pola Fundación Paideia no ano 2007. Conta cun grande interese ambiental, cultivándose no mesmo arredor de 170 variedades diferentes, a maioría arbustivas.

endereço	14 - 15980 Padrón
coordenadas	42.784297, -8.649403
teléfono	981 817 000
web	www.paideia.es
correo	padron@paideia.es
No Camiño Portugués	

Xardín botánico de Padrón

Este xardín botánico, considerado un dos máis antigos de España, foi declarado Monumento Artístico Nacional en 1946. En pouco máis dunha hectárea de extensión, o Xardín botánico de Padrón garda unha extraordinaria riqueza de flora composta por 300 especies e posúe 9 elementos que forman parte do catálogo arbóreo monumental do Finisterrae. Convida a se perder polos seus labirínticos xardíns, gozando dunha das xoias botánicas máis importantes destas terras xacobeas.

endereço Avenida de Compostela, s/n - 15910 Padrón
coordenadas 42.738581, -8.658528
horario De luns a domingo de 9:00 a 21:00 horas
Próximo ao Camiño Portugués

Rois

Pazo do Faramello

O Pazo do Faramello agocha tras os seus muros historia, natureza, cultura e paisaxe. Edificación relacionada con personaxes ilustres como Rosalía de Castro ou Emilia Pardo Bazán, alberga os vestixios históricos das ruínas da que foi a Real Fábrica de Papel do Faramello.

endereço O Faramello, s/n Ribasar - 15980 Rois
coordenadas 42.809192 / -8.630672
teléfono 675 041 555
web www.pazofaramello.com
correo pazofaramello@pazofaramello.com
duración 1 hora 20 minutos
horarios Sábados e domingos ás 12.00 h. Posibilidade de visita a grupos fóra de horario e noutros idiomas
grupo Mínimo: 6 persoas, máximo 60
tarifas 8,00 € (visita xeral), 10,00 € (incluíndo o interior do pazo)
observacións As visitas a grupos escolares son gratuítas a cambio de aportar unha árbore para o "Xardín do Recordo".
No Camiño Portugués

Santiago de Compostela

Castelo da Rocha Forte

Restos arqueolóxicos do castelo medieval máis emblemático da mitra compostelá. A edificación estivo ocupada entre 1240 e 1467, ano no que foi destruído ata os seus alicerces nas Revoltas Irmandiñas.

endereço Rúa do Piñeiro, s/n - 15706 Santiago de Compostela (A Coruña)
coordenadas 42.860842, -8.573177
teléfono 981 542 437 (Oficina da Cidade Histórica e Rehabilitación)
web www.rochaforte.info/visitas/
tarifas Gratuíto
observacións Necesidade de reserva previa
Próximo ao Camiño Portugués

Museo do Pobo Galego

O Museo do Pobo Galego foi creado en 1976, cos obxectivos de investigar, conservar, divulgar, defender e promover a cultura galega en todos os seus ámbitos. Situado no antigo convento de San Domingos de Bonaval, dispón dun departamento de Educación e Acción Cultural cunha oferta específica para grupos escolares. Dirixidas polas educadoras e educadores do Museo pódese elixir entre distintas formas de traballar cos contidos, ofertando visitas guiadas e didácticas.

endereço	San Domingos de Bonaval, s/n - 15703 Santiago de Compostela
coordenadas	42.882783, -8.539083
teléfono	981 583 620
web	www.museodopobo.gal
correo	deac@museodopobo.gal
horario	Visitas guiadas polo DEAC, de martes a venres de 11:00 a 14:00 horas / Outras visitas, de martes a sábado, de 10:30 a 14:00 horas e de 16:00 a 19:30 horas, domingos e festivos de 11:00 a 14:00 horas; e 24 e 31 de decembro, e 5 de xaneiro de 11:00 a 14:00 horas. Pechado, os luns, 25 de decembro e 1 de xaneiro.
grupo	Mínimo 8, máximo entre 15 e 30. Consultar actividades específicas
tarifas	0,70 €, visitas guiadas para centros educativos / 3,00 € por grupo, visita autónoma á exposición permanente con material para o profesorado / visita autónoma á exposición permanente sen material, gratuíta para estudantes menores de 18 anos.

Para todos os Camiños

Cidade da Cultura

A Cidade da Cultura ábrelles as portas do Museo, Arquivo, Biblioteca e espazos verdes a todos os centros escolares que desexen coñecer o complexo e contorna deseñado por Peter Eisenman. Ofértanse tres tipos de visita, arquitectónica, ás exposicións temporais e unha ruta polos espazos verdes. Ademais, coa visita á exposición existe a opción de participar nun obradoiro específico relacionado coa mesma.

endereço	Monte Gaiás, s/n - 15705 Santiago de Compostela
coordenadas	42.870534, -8.527598
teléfono	881 997 584
web	www.cidadedacultura.org
correo	visitasdidacticas@cidadedacultura.org
duración	Visita arquitectónica, 1 hora / Visita ás exposicións temporais, 1 hora. Visita e obradoiro 1 hora 30 minutos / Ruta polos espazos verdes, de 1 a 2 horas. Adaptada segundo concerto previo
horario	De martes a domingo de 10:00 a 20:00 h.
grupo	Visita ás exposicións temporais, máximo 50 / Resto de visitas sen máximo.
tarifas	Gratuíta

Para todos os Camiños

Catedral de Santiago

A Catedral de Santiago de Compostela ten unha oferta variada de visitas didácticas que se detallan a continuación.

endereço Praza do Obradoiro, s/n - 15705 Santiago de Compostela
coordenadas 42.88065530,-8.54593100
web www.catedraldesantiago.es

En todos os Camiños

Arquivo da Catedral

Entre os servizos do Arquivo-Biblioteca da Catedral de Santiago (ABCS), as visitas guiadas convértense nun instrumento de dinamización cultural, de achegamento á sociedade e de formación de usuarios, que pretende dar a coñecer os fondos documentais e bibliográficos que custodia (entre os cales destaca o Códice Calixtino, o Tombo A ou o Breviario de Miranda). Tamén difunde o labor técnico de documentación e conservación.

teléfono 981 575 609
correo archivo@catedraldesantiago.es
horario De luns a venres de 9:00 a 13:30 horas e mércores de 16:30 a 19:00 horas.
duración 45 minutos
grupo Mínimo 6, máximo 20 persoas.
tarifas 3,00 €
observacións A partir de 12 anos. Para alumnado de menor idade consultar co equipo técnico.

Para todos os Camiños

Museo Catedral de Santiago

O Museo Catedral de Santiago permite ás persoas visitantes afondar no seu coñecemento da historia e a arte da Catedral, a través dos seus diferentes espazos como o Claustro, Tesouro, Capela das Reliquias, Sá Capitular ou Biblioteca, ademais de ás exposicións temporais no Pazo de Xelmírez. Tamén oferta diferentes visitas temáticas ás Cubertas, Escavacións arqueolóxicas, Tribuna e Pórtico da Gloria.

teléfono 981 569 327
correo deac@catedraldesantiago.es
horario De novembro a marzo, de luns a domingo de 10:00 a 20:00 horas / de abril a outubro, de 09:00 a 20:00 horas / Pechado, 1 e 6 de xaneiro, 25 de xullo, 25 de decembro, e as tardes do 24 e 31 de decembro.
duración 1 hora.
tarifas 2,00 €, visita de grupos escolares á colección permanente. Gratuito, menores de 12 anos, acompañados / Consultar web para visitas temáticas.
observacións Servizo de aluguer de audioguías á colección permanente e á Catedral.

Todos os Camiños

Centro de Interpretación Ambiental de Compostela

O Centro de Interpretación Ambiental de Compostela (CIAC) é un espazo dedicado á comprensión da cidade, do seu medio natural e da necesidade da súa preservación cara ás novas xeracións. Na última fin de semana do mes realízase un roteiro e na penúltima un obradoiro. Ademais, hai obradoiros propios para escolares e xornadas específicas cada trimestre.

endereço	Camiño da Ameixaga, s/n Parque de Belvís - 15703 Santiago de Compostela
coordenadas	42.874259, -8.537791
teléfono	981 543 145
web	www.facebook.com/CIACBelvis
correo	ciac@santiagodecompostela.gal
duración	1 hora 30 minutos
horario	De outubro a marzo, xoves e venres de 11:00 a 13:30, sábados de 10:30 a 13:30 e de 16:00 a 18:00 / de abril a setembro, mércores, xoves e venres de 11:00 a 14:00 e sábados de 11:00 a 14:00 e de 18:00 a 20:00.
grupo	Mínimo 10, máximo 25 persoas
tarifas	Gratuito

Para todos os Camiños

Museo de Historia Natural

O Museo de Historia Natural da Universidade de Santiago de Compostela é un centro con fortes potencialidades educativas e sociais, pois ademais das súas tarefas de investigación e educación formal, centra o seu futuro na divulgación científica, dando resposta ás obrigas que esta universidade ten coa cidadanía.

endereço	Parque de Vista Alegre, s/n - 15705 Santiago de Compostela
coordenadas	42.886858, -8.545714
teléfono	881 816 350 / 677 947 783
web	www.revistas.usc.es/museohn
correo	visitas.museohistorianatural@usc.es
duración	2 horas
horario	Visitas con guía, de martes a sábados (quendas): de 10:00 a 12:00 horas; de 12:00 a 14:00 horas, e de 17:00 a 19:00 horas. Domingos e festivos: de 11:00 a 13:00 horas / Visita sen guía, do 14 de setembro ao 24 de xuño, de martes a sábado: de 10:00 a 14:00 e de 16:30 a 20:00 horas. Domingos e festivos, de 11:00 a 14:00 / do 25 de xuño ao 13 de setembro, de martes a sábado: de 11:00 a 14:00 e de 16:30 a 20:30 horas. Domingos e festivos: de 11:00 a 14:00 horas / Pechado, os luns, 1, 5, 6 de xaneiro, 9 de febreiro de tarde, 1 de maio, 24 de xuño, 24 e 26 de xullo, 14 e 16 de agosto, 1 de novembro, 24, 25 e 31 de decembro de 2016.
grupo	Mínimo 20, máximo 60 persoas
tarifas	5,00 €, visita guiada / 1,00 €, visita libre
observacións	Dispón dun formulario na web para reservar unha visita

Para todos os Camiños

Meteogalicia

A Unidade de Observación e Predición Meteorolóxica (MeteoGalicia) é un organismo dependente da Consellaría de Medio Ambiente creada no ano 2000 froito dun convenio coa Universidade de Santiago de Compostela e que ten como obxectivos principais a realización dunha predición meteorolóxica de Galicia e a explotación e mantemento da rede de observación meteorolóxica e climatolóxica da Xunta de Galicia. Dispón do programa MeteoEscolas para centros educativos.

endereço rúa Roma, 6 - 15707 Santiago de Compostela

coordenadas 42.886616, -8.521010

teléfono 981 957 467

web www.meteogalicia.gal

correo administracion.meteogalicia@xunta.gal

duración Entre 1 hora 30 minutos e 2 horas

horario Martes e mércores de 10:00 a 12:00 horas

grupo Mínimo 10, máximo 60. Consultar nas visitas as estacións meteorolóxicas

tarifas Gratuíta

Para todos os Camiños

MUPEGA, Museo Pedagóxico de Galicia

O Museo Pedagóxico de Galicia (MUPEGA) é un centro específico da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, destinado a recuperar, salvagardar, estudar, mostrar e difundir todas aquelas expresións educativas que poñan de manifesto a variedade e a riqueza do patrimonio pedagóxico de Galicia, posibilitando así a súa catalogación, sistematización e custodia. Deste xeito asegúrase a súa permanencia no tempo, foméntase a súa indagación científica e propíciase a súa transmisión como legado vivo e en emerxencia continua ao acervo cultural de Galicia.

endereço rúa San Lázaro, 107 - 15871 Santiago de Compostela

coordenadas 42.886444, -8.513472

teléfono 981 540 155 / 981 540 156

web www.edu.xunta.es/mupegas

correo museo.pedagogico.galicia@edu.xunta.es

duración 1 hora e 15 minutos

horario De martes a sábado, de 10:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas / do 1 ao 15 de setembro, de 8:30 a 14:30 horas / Pechado, luns, domingos e festivos, e agosto

grupo Máximo 30 persoas.

tarifas Gratuíta

observacións As persoas menores de 12 anos deben ir acompañados dunha persoa adulta. Dispón dun formulario na web para reservar unha visita

No Camiño Francés, no Primitivo e no do Norte.

Visita recomendada para o resto de Camiños

CGAC, Centro Galego de Arte Contemporánea

O Centro Galego de Arte Contemporánea foi creado en 1993 e posúe unha programación estable desde 1995. O primeiro activo do CGAC é a súa arquitectura, deseñada polo arquitecto portugués Álvaro Siza, nunha cuidada conxunción de respecto exterior cara ao ámbito e un sentido case místico no seu interior, de intensos contrastes entre limpos planos e os efectos dunha luz sempre indirecta. Os espazos creados, tan arquitectonicamente belos como difíciles cando se trata de buscar solucións expositivas, provocan que se estableza un constante diálogo (cómplice ou tenso) entre artistas e arquitecto. Un diálogo moi propio da arte contemporánea, de cuxas solucións sempre sae beneficiado o/a espectador/a, que asiste á resolución final do encontro e intúe os puntos e momentos de auténtica tensión creativa.

endereço	Rúa de Ramón del Valle-Inclán, 5 - 15703 Santiago de Compostela
coordenadas	42.883097, -8.539645
teléfono	981 546 619
web	www.cgac.org
correo	cgac@xunta.es
horario	De martes a domingo, de 11:00 a 20:00 / Pechado, luns
tarifas	Gratuíto

Para todos os Camiños

Museo das Peregrinacións e de Santiago

O Museo das Peregrinacións e de Santiago ocupa o edificio do antigo Banco de España, deseñado polo arquitecto Romualdo Madariaga Céspedes e construído en 1939 na parcela das casas de Espinosa. Encóntrase na praza de Praterías, a poucos metros da fachada sur da Catedral. A profunda remodelación que sufriu o edificio para acoller o Museo das Peregrinacións e de Santiago corresponde a Manuel Gallego Jorreto (O Carballiño, 1936), un dos arquitectos galegos de maior prestixio. En 2010 foi galardoado coa Medalla de Ouro da Arquitectura.

endereço	Praza das Praterías, 2 - 15704 Santiago de Compostela
coordenadas	42.879956, -8.544123
teléfono	981 566 110
web	museoperegrinacions.xunta.gal
correo	difusion.mdperegrinacions@xunta.es
horario	De martes a venres, de 9:30 a 20:30, sábado de 11:00 a 19:30. Domingo, festivos, de 10:15 a 14:45 / Pechado, luns, 1 e 6 de xaneiro, 1 de maio, 24, 25 e 31 de decembro, e un festivo local
tarifas	2,40 €, xeral. Consultar entradas reducidas

Para todos os Camiños

Museo Fundación Eugenio Granell

A Fundación Eugenio Granell inicia a súa andaina en 1995 trala sinatura dun convenio entre o artista surrealista Eugenio Granell e o Concello de Santiago. Con sede no Pazo de Bendaña, na céntrica praza compostelá do Toural, a Fundación alberga obras do propio artista, as súas coleccións surrealista e étnica e, a partir do ano 1997 as obras doadas polo artista surrealista inglés Philip West, quen tamén nos legou a súa colección de libros surrealistas. O fin primordial da Fundación é a difusión do conxunto da obra de Granell e o fomento do estudo do surrealismo e de correntes afíns. Ademais desta actividade relacionada estritamente co mundo da arte, é desexo da Fundación converterse nun lugar de creación e promoción cultural. Así, a través do Departamento Pedagóxico organiza obradoiros, visitas guiadas e actividades para escolares e colectivos de todas as idades que o soliciten.

endereço	Praza do Toural, 8 - 15705 Santiago de Compostela
coordenadas	42.877687, -8.544905
teléfono	981 572 124
web	www.fundacion-granell.org/actualidad/index.php
correo	info@fundacion-granell.org
horario	De martes a venres, de 11:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00, sábado, de 12:00 a 14:00 e de 17:00 a 20:00 / Pechado, luns, domingos e festivos.
tarifas	Gratuita, mércores e menores de 18 anos

Para todos os Camiños

Cemiterio de Boisaca

O Cemiterio de Boisaca, en pleno Camiño Inglés, é un recinto cargado de historia, arquitectura e arte. A través dunha visita didáctica pódense coñecer as súas particularidades a través da súa configuración, da súa arquitectura, de artistas das súas sepulturas ou mesmo de persoas ilustres soterradas.

endereço	Boisaca, s/n - 15890 Santiago de Compostela
coordenadas	42.907700, -8.516436
duración	1 hora 30 minutos
grupo	Mínimo 10 persoas
tarifas	Consultar
contacto	dptoeducación@santiagodecompostela.gal

No Camiño Inglés

Pazo de San Lourenzo

O Pazo de San Lourenzo de Trasouto foi fundado no século XIII, sendo propiedade dos Condes de Altamira desde o século XV. Do conxunto son visitables os xardíns, o claustro e a igrexa. Os xardíns datan do século XIX e conservan a traza conventual e o seu estilo romántico inicial, e serviron de inspiración a Rosalía de Castro. Pero a xoia do lugar se esconde tras o seu claustro, un buxo tallado cargado de simbolismo e con máis de catro séculos de idade. En canto á igrexa, da primitiva construción románica, quedan restos na súa parte inferior; e sobresaíe o altar maior, obra italiana do XVI.

endereço	Carballeira de San Lourenzo, s/n - 15705 Santiago de Compostela.
coordenadas	42.8780002, -8.557738
teléfono	665 780 304 (José Manuel Núñez)
web	www.pazodesanlorenzo.com
horario	Martes e xoves de 11:00 a 13:00 e de 16:00 a 18:00 horas
duración	30 minutos
tarifas	2,00 €

No Camiño de Fisterra-Muxía. Visita recomendada para o resto de Camiños

Silleda

Mosteiro de Carboeiro

Mediante o percorrido guiado os rapaces e as rapazas descubrirán a historia de Carboeiro, os principais elementos escultóricos e arquitectónicos do edificio, a vida cotiá dos monxes na Idade Media, o papel do monacato na nosa historia... Ademais visitanse algúns elementos próximos ao mosteiro como a ponte e o pombal. Así coñécense os sistemas de aproveitamento dos recursos do territorio que practicaban os monxes.

endereço	Carboeiro, s/n - 36546 Silleda
coordenadas	42.755222, -8.246278
teléfono	986 580 000 / 986 581 028
web	www.mosteirodecarboeiro.com
correo	info@silleda.es
horarios	Pechado, luns. Consultar horarios para visitas guiadas
grupos	Consultar previamente
tarifas	0,70 € (xubilados, maiores de 65 anos, nenos de 6 a 16 anos, estudantes, desempregados, Carné Xoven) / Gratuíta, menores de 6 anos e membros do Instituto de Conservación Museística, 25 de xullo, 18 de maio (Día Internacional dos Museos) e Festa de San Lourenzo de Carboeiro / 1,00 €, xeral
observacións	Só a igrexa é accesible a persoas con discapacidade

Próximo ao Camiño do Sueste-Vía da Prata e ao Camiño de Inverno

Touro

Centro de Interpretación do Río Ulla

Situado xunto a un xardín de plantas aromáticas e árbores propias do Ulla, o Centro achega ao visitante os recursos naturais, patrimoniais e culturais do río. Un dos seus grandes atractivos é, sen dúbida, a súa proximidade ao río e ás rutas de sendeirismo homologadas do municipio. Ofértanse, previa solicitude, obradoiros de educación ambiental, patrimonio e tradicións. O centro está situado nunha área de espaxamento e ocio onde hai tamén unha piscina pública ao aire libre, pista de tenis, parque saudable, área de autocaravanas, un pequeno parque infantil e a Casa da Cultura.

endereço	Avenida de Castelao, s/n - 15822 Touro
coordenadas	42.870588, -8.312386
teléfono	981 504 029
webs	www.concellodetouro.com / www.touroturismo.es
correos	iris.otero@concellodetouro.gal / ana.pajaro@concellodetouro.gal
horario	De martes a domingo.
duración	1 hora
tarifas	Gratuito
observacións	As persoas visitantes poderán gozar dunha visita guiada polo contorno do río Próximo aos Camiños do Norte, Primitivo e Francés

Vedra

Pazo de Santa Cruz de Ribadulla

Coñecido fundamentalmente polos seus impresionantes xardíns, o Pazo de Ribadulla alberga máis de 200 especies de plantas de variadas orixes, moitas delas centenarias. Outro dos principais atractivos para visitar este singular conxunto é a "Carreira das oliveiras", con máis de 500 destas árbores. Ademais do valor paisaxístico, a historia está moi presente nos elementos arquitectónicos da propiedade, entre os que destaca o banco no que o político ilustrado Gaspar Melchor de Jovellanos meditou e redactou a súa Memoria en Defensa da Xunta Central. No Pazo de Ribadulla, tamén chamado Pazo de Ortigueira, ofrécense visitas libres e guiadas, tanto aos xardíns como ao interior do inmoble.

endereço	Ortigueira, 1 Santa Cruz de Ribadulla - 15885 Vedra
coordenadas	42.772664, -8.426399
teléfono	981 512 011
web	www.pazoderivadulla.com
correo	ortigueira.sa@terra.com
duración	1 hora 30 minutos
horarios	De luns a domingo, de 10:00 a 13:00 e de 15:00 a 19:30 horas
grupo	Mínimo 13, máximo 50 persoas
tarifas	Visita libre, 4,00 € entrada xeral e 50,00 € grupos de 13 a 20 persoas, e 2,50 € / persoa en grupos de máis de 20 / Visita guiada, incrementanse os prezos en 15,00 € e 35,00 € para grupos

Próximo ao Camiño do Sueste-Vía da Prata e ao Camiño de Inverno

Vila de Cruces

Fundación Neira Vilas

Visita guiada ás dependencias da Fundación Xosé Neira Vilas, casa natal do escritor reconvertida en museo. A construción foi restaurada e ampliada nunha obra dirixida por César Portela. Ademais do museo etnográfico alberga unha biblioteca pública.

endereço	Gres, 9A - 36587 Vila de Cruces
coordenadas	N 42º 47. 463' - W 8º 20.398'
teléfono	986 589 026
web	www.fundacionxoseneiravilas.com
correo	biblioteca@fundacionxoseneiravilas.com
duración	45 minutos.
horarios	De martes a venres de 16:30 a 20:00 horas
grupo	Máximo 20 persoas. Grupos maiores entran por quendas
tarifas	Gratuíto

Próximo ao Camiño do Sueste-Vía da Prata e ao Camiño de Inverno

Fundación Paco Lareo

A fundación alberga un museo creado polo artista Francisco Lareo Morao, falecido en 2012. O obxectivo do autor foi crear un espazo de dinamización sociocultural no que recoller una serie de traballos de outras autorías, así como acoller encontros, eventos, presentacións, etc. Realízanse visitas guiadas e cursos de actividades de forxa e pintura.

endereço	Paxariñas, 27B Piloño - 36586 Vila de Cruces
coordenadas	42.798127, -8.259206
teléfonos	986 586 006 / 619 891 743
webs	www.asolaina.org - asolaina.blogia.com
correos	info@asolaina.org / carlareom@gmail.com
duración	45 minutos
horarios	De martes a domingo de 10:00 a 13:00, con posibilidade doutro horario previo concerto para grupos
grupo	Máximo 25 persoas
tarifas	1,10 €

Próximo ao Camiño do Sueste-Vía da Prata e ao Camiño de Inverno

actividades lúdico-educativas

O Pino

Senda fluvial botánica do río Mera

Senda situada no Concello de O Pino que discorre polas marxes do río Mera desde a praia fluvial da Tarroeira, onde se une co río Tambre, ata a igrexa de Gonzar. Cada unha das especies naturais está sinalizada a través de identificadores de vexetación, nos que se explica o nome da planta ou árbore correspondente xunto cunha pequena información das características da mesma.

endereço	A Tarroeira, s/n - 15821 O Pino
coordenadas	42.952190, -8.346536
distancia	4,3 km
tempo	1 hora
dificultade	Baixa
percorrido	Lineal
observacións	Punto de saída na praia fluvial da Tarroeira e de chegada na igrexa parroquial de Gonzar

Próximo aos Camiños do Norte, Primitivo e Francés

Santiago de Compostela

Percorrido no tren turístico

Un paseo que sorprenderá, percorrendo no tren turístico a cidade histórica e descubrindo os seus xardíns, con arquitecturas de autor e gozando das vistas panorámicas da zona monumental e da Catedral.

endereço	Praza do Obradoiro, s/n - 15705 Santiago de Compostela
coordenadas	42.88065530, -8.54593100
web	www.santiagoturismo.com
duración	45 minutos
tarifas	4,00 € para menores de entre os 4 e 12 anos - 6,00 € para persoas adultas

Para todos os Camiños

Santiago mmm... que rico!

Con esta divertida guía, planeada a modo de xogo de probas, os pequenos e pequenas coñecen a cidade de Santiago de Compostela a través da súa gastronomía. Trátase dunha publicación didáctica que inclúe debuxos para colorear, fotos, planos, espazos para escribir, etc. A realización das probas dá dereito a un pequeno premio sorpresa.

endereço	Rúa do Vilar, 63 - 15705 Santiago de Compostela (Oficina central de Turismo de Santiago)
coordenadas	42.877918, -8.544986
teléfono	981 555 129
web	www.santiagoturismo.com
horario	Autorganizada coa guía á venda nas Oficinas de Turismo de Santiago.
tarifas	4,00 €
observacións	Destinada a menores entre 8 e 12 anos, e máis pequenos/as coa axuda de familiares ou profesorado. Dispoñible en galego, español e inglés

Para todos os Camiños

Silleda

Fervenza Aventura

Empresa de turismo activo e granxa escola que traballa para favorecer a autoestima e independencia dos nenos e das nenas a través dunha ampla variedade de actividades de aventura e educación ambiental. Tamén ofrece a posibilidade de aloxamento no albergue turístico. O complexo divídese en varias zonas: unha área de turismo activo, outra de agroturismo, outra deportiva e o albergue. Está dotado con salas para talleres, multiusos, invernadoiro, forno, piscina, horta, aula de natureza, campo de fútbol, recintos para os animais da granxa, estanque, rocódromo, tirolina, picadeiro e área de tiro con arco.

endereço Reboreda, 6 Abades - 36589 Silleda

coordenadas 42.759327, -8.304625

teléfono 695 069 933

web www.fervenzaventura.com

correo info@fervenzaventura.com

tarifas Desde 19,00 €

Próximo ao Camiño do Sueste-Vía da Prata e ao Camiño de Inverno

Senda botánica de Carboeiro

O trazado percorre os arredores do Mosteiro de Carboeiro, o que permite contemplar, ademais deste entorno natural, as construcións empregadas polos monxes na súa vida cotiá. Para iso realízase un vieiro circular, de dificultade baixa, que comeza na parte posterior das dependencias monacais, preto do pombal, continúa o seu paso polo muiño e remata no punto de partida.

endereço Carboeiro, s/n - 36546 Silleda

coordenadas 42.7557206, -8.2483549

Próximo ao Camiño do Sueste-Vía da Prata e ao Camiño de Inverno

Centro ecuestre As Verias

Centro ecuestre especializado en roteiros a cabalo pola zona, como polo castro de Toiriz e o Camiño de Santiago, entre outras.

endereço Toiriz, s/n - 36540 Silleda

coordenadas 42.696913, -8.252185

teléfono 616 693 177

correo jose@trujillosouto.com

tarifas Rutas desde 15,00 €; poni club 2,50 € / persoa

Próximo ao Camiño do Sueste-Vía da Prata e ao Camiño de Inverno

Deza Arco

Asociación de práctica de tiro con arco que realiza formación e organiza campionatos. Ofrece actividades ao aire libre e baixo cuberta. A práctica deportiva faise en espazos como o campo de golf rústico de Silleda ou noutros lugares cubertos previa reserva.

endereço rúa da Estación, 40 - 36540 Silleda

coordenadas 42.695305, -8.244690

teléfono 690 058 687

web clubdezarco.blogspot.com

correo clubdezarco@gmail.com

tarifas 10,00 € / hora

observacións Necesidade de reserva previa. Para nenos e nenas consultar tarifas e condicións

Próximo ao Camiño do Sueste-Vía da Prata e ao Camiño de Inverno

Vedra

Área de interpretación dos muíños do río Merín

Singular conxunto formado por 8 muíños restaurados que seguen o curso do río Merín, adornando o paso dunha ruta de sendeirismo, e complementado cun pequeno miradoiro e unha fervenza. É a mostra viva da cultura muiñeira do Concello de Vedra.

endereço Raxoi, s/n - 15880 Vedra

coordenadas 42.782027, -8.446984

teléfono 981 814 612

web www.vedraturismo.com

Próximo ao Camiño do Sueste-Vía da Prata e ao Camiño de Inverno

Paseo en piragua e barcas polo río Ulla

Na Área de Recreo de Agronovo, a carón do río Ulla, existe a posibilidade de dispoñer de piraguas e barcas tradicionais para alugar durante os sábados e domingos pola tarde nos meses de xullo e agosto. Esta área dispón de servizos como grellas, mesas, baños... Está nunha ruta de sendeirismo homologada (San Xoán da Cova) e é unha zona de grande riqueza ambiental e paisaxística.

endereço Área de Recreo de Agronovo, s/n - 15880 Vedra

coordenadas 42.75491805, -8.40844095

teléfono 981 814 612

web www.vedraturismo.com

horario Xullo e agosto: sábados e domingos, de 16:00 a 20:00 horas

tarifas 3,00 € / hora

Próximo ao Camiño do Sueste-Vía da Prata e ao Camiño de Inverno

visitas agroalimentarias

A Estrada

Queixería Daniel Torres

Fundada en 1939, a queixería Daniel Torres coa súa marca Labrador Estradense ocúpase da elaboración dos queixos das Denominacións de Orixe Tetilla e Arzúa-Ulloa, ademais de outros como o queixo de barra, o queixo de bola graxo madurado, graxo tenro e o semicurado. Ofrece visita guiada para observar todo o proceso de fabricación.

endereço	Ponteliñares, 11 Callobre - 36688 A Estrada
coordenadas	42.700694, -8.451070
teléfono	986 570 705
web	www.queseriasdanieltorres.com
correo	info@queseriasdanieltorres.com
visitas	De luns a domingo a calquera hora baixo reserva
duración	45 minutos
grupo	Máximo 20 persoas
tarifas	Gratuito
observacións	Aparcamento próximo con capacidade para autobuses Próximo ao Camiño do Sueste-Vía da Prata e ao Camiño de Inverno

Arzúa

Queixería Barral

A Queixería Barral ofrece unha completa visita polas súas instalacións. Unha queixería familiar que elabora queixos das Denominacións de Orixe Arzúa-Ulloa e Tetilla co leite que se obtén diariamente das explotacións gandeiras da comarca.

endereço	A Riba; 6 Pantiñobre - 15819 Arzúa
coordenadas	42.909732, -8.187996
teléfono	981 500 928
web	www.queixosbarral.com
correo	info@queixosbarral.com
horario	De luns a venres a partir das 17:30 horas. Posibilidade de visitas fóra do horario
grupo	Máximo 20 persoas
tarifas	5,00 € por persoa, 3,00 € entrada infantil (de 3 a 12 anos)
observacións	Dispón de aparcamento con capacidade para autobuses. Necesidade de reserva previa Próximo aos Camiños do Norte, Primitivo e Francés

Boqueixón

Queixería Bo-Queixo

Establecemento de elaboración de queixo da Denominación de Orixe Arzúa-Ulloa que ofrece visita guiada ás instalacións da queixería para coñecer o proceso de fabricación.

endereço Orto, 2 - 15881 Boqueixón

coordenadas 42.800811, -8.419003

teléfono 981 515 751

tarifas 2,00 €

observacións Dispón dunha zona de aparcamento con capacidade para dous autobuses. Necesidade de reserva previa

Próximo ao Camiño do Sueste-Vía da Prata e ao Camiño de Inverno

Lalín

Lácteos Anzuxao

O Pazo de Anzuxao é un dos exemplos máis representativos da arquitectura civil da zona. Nas súas instalacións alberga as de Lácteos Anzuxao, unha fábrica tradicional de queixos galegos das Denominacións de Orixe Tetilla e Arzúa-Ulloa. Dispón de tenda e sala de conferencias. Ofrece visita guiada para comprender o proceso de elaboración do queixo e degustación, podendo realizar unha visita libre aos xardíns do pazo e á capela.

endereço Madriñán 2 - 36512 Lalín

coordenadas 42.710779, -8.142509

teléfono 986 794 135

web www.lacteosanzuxao.com

correo info@lacteosanzuxao.com

grupo Máximo 60 persoas

tarifas Gratuito

Próximo ao Camiño do Sueste-Vía da Prata e ao Camiño de Inverno

Muíño de Cuiña

Muíño fundado en 1918 que segue a traballar do xeito tradicional, moendo millo, trigo e centeo en sete pedras movidas pola forza da auga ofrecendo visitas guiadas e obradoiros.

endereço Prado, s/n - 36512 Lalín

coordenadas 42.689954, -8.192236

teléfonos 986 682 737 / 630 104 824 (Ramón) / 648 107 656 (Daniel)

web www.elmolinodelabuelo.com

correos info@elmolinodelabuelo.com / elmolinodelabuelo@gmail.com

horario Consultar. Para reservas de 9:00 a 14:00 e de 15:30 a 19:00 horas

grupo Máximo 50 (con acompañamento de profesorado ou monitorado)

tarifas Consultar

Próximo ao Camiño do Sueste-Vía da Prata e ao Camiño de Inverno

Padrón

A Pementeira

Iniciativa pioneira para a comercialización dos Pementos de Herbón que apostan pola innovación do produto con elaborados como a marmelada. Durante a época de produción dos pementos (de maio a outubro) realízanse visitas guiadas nas que se amosan as plantacións e as naves de envasado.

endereço	Polígono Picusa, Vial F, Nave 2A - 15900 Padrón
coordenadas	42.741037, -8.647584
teléfono	981 811 318
web	www.apementeira.com
correo	info@apementeira.com
grupo	Mínimo 15, máximo 30 persoas
tarifas	5,00 €
duración	2 horas
observacións	Necesaria reserva previa
	Próximo ao Camiño Portugués

Pazo de Arretén

Pazo do século XVII no que viviu Rosalía de Castro. Hoxe o edificio principal foi restaurado, e as súas 6,5 hectáreas de terreo acollen os viñedos de diversos viños, entre eles, albariño. Fanse visitas guiadas ao pazo e adega.

endereço	Pousa, s/n - 15900 Padrón (a adega está no Hotel Scala)
coordenadas	42.746019 / -8.646428
teléfono	981 811 312
web	www.hscala.com/bodega
correo	hotel@hscala.com
tarifas	Gratuito
observacións	Para maiores de 18 anos ofrénsense visitas non gratúitas con cata
	Próximo ao Camiño Portugués

Vermú Petroni

Destilería Compostela, funcionando desde o ano 1999, destila augardentes de uva de Galicia cos mellores estándares de calidade que vende a embotelladores e fabricantes. A visita empeza na entrada da destilería coa explicación do ensilado, materia prima da que parte todo o proceso da sala de destilacións que se visita a continuación. Nas instalacións pódese ver un laboratorio, un salón polivalente e varias pezas de museo.

endereço	Pazos, s/n - 15900 Padrón
coordenadas	42.764828, -8.697224
teléfono	981 060 013
web	www.vermupetroni.com
correo	info@vermupetroni.com
tarifas	Gratuito
observacións	Necesidade de reserva previa. Para maiores de 18 anos ofrénsense itinerarios guiados que inclúen por 20,00 € degustación de viño e vermú
	Próximo ao Camiño Portugués

Rois

Agricultura ecolóxica Carmen Pazos

Empresaria especializada na produción e venda de produtos ecolóxicos. Oferta talleres didácticos a través dos que transmite a cultura da súa agricultura e a vida no campo (plantacións, almacenamentos, recollidas, de pan...)

endereço	Socastro, 11 Herbogo - 15911 Rois
coordenadas	42.782165, -8.713216
teléfono	630 167 138
correo	carmensocastro@hotmail.com
grupo	Mínimo 5, máximo 25 persoas
tarifas	10,00 €
duración	Entre 1 e 4 horas dependendo do taller
observacións	Dispón de aparcamento con capacidade para un autobús. Necesidade de reserva previa
Próximo ao Camiño Portugués	

Fogar do Selmo

Casa de labranza tradicional galega con horta ecolóxica e granxa de porco celta e galo de Mos, visitable durante todo o ano. Na casa conservan aparellos de labranza que representan a identidade do lugar e o noso pasado cultural labrego. Moi cerca de muíños restaurados.

endereço	Casal de Poño, s/n Urdilde - 15281 Rois
coordenadas	42.8322791,-8.754328
teléfono	981 805 269
web	www.forgardoselmo.com
correo	reservas@forgardoselmo.com
duración	1 hora
horarios	10:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 horas
grupo	Mínimo 6, máximo 30 persoas
tarifas	5,00 € (sen degustación)
observacións	Accesible en autobús e coche particular. Dispón de aparcamento. Necesidade de reserva previa
Próximo ao Camiño Portugués	

Vedra

Adegua Valdés

Adegua Valdés é o reflexo da vocación e o traballo da familia Valdés de elaboración e comercialización de viños D.O. Rías Baixas. Ofrece visita guiada na compañía do enólogo da bodega aos viñedos, ao pazo e á bodega para a observación de todo o proceso de elaboración do viño.

endereço	Tomodo, Finca As Regas - Santa Cruz de Ribadulla, s/n - 15885 Vedra
coordenadas	42.755727, -8.427216
teléfono	981 819 083
web	www.adegavaldes.com
correo	ventas@gundian.com
duración	1 hora
tarifas	15,00 € por persoa
observacións	As persoas menores de idade deben ir na compañía de persoas adultas. Visita recomendada a partir de 10 anos
Próximo ao Camiño do Sueste-Vía da Prata e ao Camiño de Inverno	

Augardentes de Galicia

Empresa que destila, embotella e comercializa as augardentes e licores tradicionais de Galicia, distinguidos con Indicacións Xeográficas Protexidas. Ofrece visita ás instalacións para observar todo o proceso de elaboración dos licores.

endereço	San Pedro de Sarandón, s/n - 15886 Vedra
coordenadas	42.752814, -8.475380
teléfono	981 502 100
web	www.aguardientesdeg Galicia.com
correo	info@aguardientesdeg Galicia.com
duración	1 hora
horarios	De luns a venres de 9:00 a 14:00 e de 15:00 a 17:00 horas
tarifas	Gratuíto
observacións	Menores acompañados de persoas adultas. Cata para maiores de 18 anos

Próximo ao Camiño do Sueste-Vía da Prata e ao Camiño de Inverno

Vila de Cruces

Adegas Castro Brey

Adega familiar fundada en 1983 e rexentada pola terceira xeración da familia que pertence á D.O Rías Baixas, subzona Ulla. O seu director comercial, Ramón Blanco, guía as visitas contando a historia da adega.

endereço	Camanzo, s/n - 36587 Vila de Cruces
coordenadas	42.790122 / -8.326878
teléfonos	637 711 168 / 606 082 330
web	www.castrobrey.com
correo	ramon.blanco@castrobrey.com
duración	1 hora
horario	De 17:00 a 19:00 horas. Para outros horarios consultar
tarifas	Dispón de aparcamento con capacidade para autobuses. Necesidade de reserva previa

Próximo ao Camiño do Sueste-Vía da Prata e ao Camiño de Inverno

obradoiros artesanás

A Estrada

Cerámica artesanal Fernando Porto

Visita guiada ao taller de fabricación das pezas artesanás de cerámica, xoiería e téxtil que despois se comercializan na tenda.

endereço	Rúa Iryda, 29 - 36680 A Estrada
coordenadas	42.689101, -8.486555
teléfono	986 570 155 / 678 531 565
web	www.fernandoporto.com
correo	correo@fernandoporto.com
duración	1 hora
horario	De luns a domingo, con reserva previa
grupo	Mínimo 6, máximo 25 persoas
tarifas	Consultar

Próximo ao Camiño do Sueste-Vía da Prata e ao Camiño de Inverno

Maysil

Visita guiada ao taller de fabricación de xoiería para ver todo o proceso de fabricación desde o deseño ata as xoias elaboradas.

endereço	Rúa Padrón, 13 - 36680 A Estrada
coordenadas	42.689043, -8.493510
teléfono	986 570 595
web	www.maysil.com
correo	correo@maysil.com
duración	1 hora
horario	De luns a sábado de 10:00 a 22:00 horas, con reserva previa
grupo	Máximo 10 persoas
tarifas	Consultar

Próximo ao Camiño do Sueste-Vía da Prata e ao Camiño de Inverno

Melide

Laia Zapateiro Artesáns

Obradoiro artesanal de fabricación e reparación de calzado, no que empregan os mellores coiros e materiais naturais. O seu segredo basease nas técnicas artesanais coas que realizan o corte do calzado, o curtido vexetal da pel e o tipo de cosido coñecido como "empalmillado". Destaca o proceso de curtido, no que usan a cortiza de árbores nobres como o carballo, as follas de quebracho e a uz. Realízanse visitas guiadas para coñecer de primeira man o traballo destes zapateiros artesanás.

endereço	Praza do Convento, 4 - 15800 Melide
coordenadas	42.915234, -8.016388
teléfonos	626 252 054 / 669 613 728
web	www.laiazapateiros.com
correo	info@laiazapateiros.com
grupo	Máximo 10 persoas
tarifas	Gratuito
observacións	Necesidade de reserva previa

Próximo ao Camiño Primitivo e ao Francés

Oroso

Zoclos

- Obradoiro artesanal de zocos, artigos de coiro e reparación de calzado da man dos emprendedores Eva María Carreira e Luís Millán.
- endereço** Rúa río Lengüelle, 7 baixo - Sigüeiro (Oroso)
- coordenadas** 42.968290, -8.442881
- teléfonos** 881 981 361
- grupo** Máximo 10 persoas con reserva previa
- Próximo ao Camiño Inglés**

Rois

Sonia Ares

- Artesá que traballa a prata, o vidro e o esmaltado. Nas visitas amosa todo o proceso de elaboración das súas pezas, desde a materia prima ata a obra final.
- endereço** Liñares, 11 Costa - 15912 Rois
- coordenadas** 42.797074, -8.716532
- teléfonos** 981 805 190 / 654 834 274
- web** www.soniaares.com
- correo** info@soniaares.com
- grupo** Máximo 10 persoas
- tarifas** 2,00 € ata os 6 anos; 4,00 € maiores de 6 anos
- duración** 1 hora
- observacións** Accesible en autobús e coche particular con aparcadoiro propio. Necesidade de reserva previa
- Próximo ao Camiño Portugués**

Vila de Cruces

Zocos e coiro Elena Ferro

- Elena Ferro é a terceira xeración de zoqueiros da súa familia. Na actualidade traballan na elaboración de zocos, mantendo vivo o oficio tradicional cun carácter innovador, adaptando esas pezas aos novos usos e á moda contemporánea.
- endereço** Reboredo, 1 Merza - 36580 Vila de Cruces
- coordenadas** 42.7665824, -8.2522049
- teléfono** 986 583 524
- web** www.eferro.com
- correo** e.ferro.lamela@gmail.com
- duración** 30 minutos
- horarios** Martes e mércores, agás decembro. Para reservas, de luns a venres de 10:00 a 13:00 e de 16:00 a 20:00 horas
- grupo** Máximo 30 persoas
- tarifas** Gratuíto
- Próximo ao Camiño do Sueste-Vía da Prata e ao Camiño de Inverno**

espazos naturais

A Estrada

Miradoiro de san Miguel de Castro

O coñecido popularmente como "O Coto" é un antigo poboado castrexo, un xacemento arqueolóxico datado na Idade do Ferro que se ergue nun outeiro a 278 metros ao pé do Camiño de Santiago. Un miradoiro natural para contemplar os concellos de A Estrada e Vedra, o río Ulla coas súas pontes do ferrocarril e o Pico Sacro, entre outros.

endereço Castro, s/n - 36680 A Estrada

coordenadas 42.782140, -8.387979

Próximo ao Camiño do Sueste-Vía da Prata e ao Camiño de Inverno

Muíños de Vesacarballa

Conxunto de cinco muíños e antigo serradoiro situados na parroquia de Sabucedo, no rego de Vesacarballa. Para coñecelos, existe unha ruta de sendeirismo polo seu contorno de aproximadamente un quilómetro de lonxitude.

endereço Sabucedo, s/n - 36684 A Estrada

coordenadas 42.590720, -8.416722

Próximo ao Camiño do Sueste-Vía da Prata e ao Camiño de Inverno

Areal de Berres

Praia fluvial á beira do río Ulla, na parroquia de Berres, recuperada pola veciñanza.

endereço Berres, s/n - 36688 A Estrada

coordenadas 42.746253, -8.430118

Próximo ao Camiño do Sueste-Vía da Prata e ao Camiño de Inverno

O Xirimbao

No couto pesqueiro do Xirimbao do río Ulla sitúase unha ponte colgante sobre a que hai fermosas vistas. A ponte une os concellos de A Estrada e Teo e sitúase na parroquia de Couso, a uns 8 km de A Estrada.

endereço Couso, s/n - 36683 A Estrada

coordenadas 42.745401, -8.556394

Próximo ao Camiño do Sueste-Vía da Prata e ao Camiño de Inverno

Arzúa

Fervenza das Hortas

A Fervenza das Hortas é un dos límites naturais entre os concellos de Arzúa e de Touro. Consta de dúas caídas de auga, en gneis mesturados con cuarcita, duns 30 metros de altura, do Regato de Saímes, segundo o libro 'Augas caídas. Fervenzas de Galiza'. No seu contorno hai un ruta de sendeirismo homologada.

endereço Dombodán, s/n - 15819 Arzúa

coordenadas 42.848593, -8.216684

Próximo aos Camiños do Norte, Primitivo e Francés

Encoro de Portodemouros

O encoro de Portodemouros foi construído no ano 1968 na cunca do río Ulla. Atópase no linde entre as provincias da Coruña e Pontevedra. Ofrece un espazo ideal para os deportes náuticos e a pesca.

endereço Portodemouros, s/n - 15819 Arzúa

coordenadas 42.859021, -8.191371

Próximo aos Camiños do Norte, Primitivo e Francés

Área Recreativa e praia de Ribadiso

A área recreativa conta con diversas zonas de espaxamento: un merendeiro e grellas, pistas polideportivas, un bar e un parque infantil. O grande número de pontellas que cruzan por riba do río Iso crean unha fermosa paisaxe.

endereço Ribadiso, s/n - 15819 Arzúa

coordenadas 42.925265, -8.131471

Próximo aos Camiños do Norte, Primitivo e Francés

Boqueixón

Miradoiro do Pico Sacro

A historia do Concello de Boqueixón está fortemente ligado ao seu principal fito xeográfico e maior riqueza natural e cultural co que conta: o Pico Sacro, un dos montes máis míticos e coñecidos de Galicia. A silueta do Pico Sacro serve de punto de referencia paisaxística nunha ampla zona territorial. Fonte de innumerables lendas e contos populares, este monte é venerado polos habitantes da comarca antes e despois do cristianismo, cumprindo un papel fundamental no mito do traslado do corpo do Apóstolo Santiago. Ten unha peculiar morfoloxía a base de rochas de seixo cristalizado e unha altura de 533 metros sobre o nivel do mar.

Segundo a lenda da Raíña Lupa recollida no Códice Calixtino, que narra a chegada do corpo do Apóstolo Santiago a Galicia, catalógase ó Pico Sacro como a primeira tumba do Apóstolo.

Desde o Camiño do Sueste-Vía da Prata, o Pico Sacro marca a última etapa do Camiño de Santiago, sendo o primeiro lugar dende onde se ven as ansiadas torres da Catedral compostelá. Ademais desta importante lenda hai outras moitas que naceron directamente das xentes que habitan no entorno e que teñen como protagonistas a personaxes da mitoloxía tradicional galega, como son os mouros e as serpes que habitan nas misteriosas covas que hai preto do cumio do Pico.

endereço A Granxa, s/n - 15881 Boqueixón

web www.boqueixon.com

correo boqueixonturismo@gmail.com

Próximo ao Camiño do Sueste-Vía da Prata e ao Camiño de Inverno

Illas de Gres

Espazo natural no río Ulla formado por catro pequenas illas unidas por pontes. Dispón dunha área recreativa nunha carballeira que conta con mesas, bancos e asadores de pedra. Desde o concello ofrécese un paseo guiado con explicacións sobre o espazo natural, as tradicións e a historia e arquitectura da Ponte Vella de Ledesma.

endereço Ponte, 31 - 15882 Boqueixón

coordenadas 42.794888, -8.335888

teléfono 981 513 061

web www.boqueixon.com

correo boqueixonturismo@gmail.com

Próximo ao Camiño do Sueste-Vía da Prata e ao Camiño de Inverno

Área Recreativa de Sucira

Situada no sur do Concello de Boqueixón, na marxe dereita do Ulla, sitúase esta área recreativa nunha carballeira. Está dotada con bancos, asadores e todas as comodidades para gozar dun día no río.

coordenadas 42.785248, -8.371249

teléfono 981 513 061

web www.boqueixon.com

correo boqueixonturismo@gmail.com

Próximo ao Camiño do Sueste-Vía da Prata e ao Camiño de Inverno

Lalín

Fraga de Catasós

Fraga con excepcionais exemplares de castiñeiro e carballo que foi propiedade da familia Quiroga de Catasós, residentes no Pazo deste lugar. En 1864, un dos herdeiros casou coa moza Emilia Pardo Bazán, quen anos máis tarde escribía desde o pazo lalinense de Quiroga boa parte do seu libro 'Los Pazos de Ulloa'. Estes exemplares de castiñeiro de 30 metros de altura e 5 metros de medio de perímetro están considerados como os de maior taxa anual de crecemento de Europa. En 1954 foron visitados polo fitopatólogo norteamericano Flippo Gravatt quen o presentou ante a FAO (Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación), propoñendo a súa protección. No ano 1998 pasaron a ser propiedade da Consellería de Agricultura e Medio Ambiente. Foi declarada Monumento Natural polo consello da Xunta de Galicia no ano 2000.

endereço Quintela, s/n - 36518 Lalín

coordenadas 42.637574, -8.093644

Próximo ao Camiño do Sueste-Vía da Prata e ao Camiño de Inverno

Carballeira do Rodo

A Carballeira do Rodo dispón de varias áreas de lecer, contando cun parque infantil, outro biosaudable e merendeiro. É de salientar a coñecida como "mesa parroquial", unha mesa do escultor César Portela que mide 33 metros de lonxitude e 3,5 metros de ancho, con forma elíptica e rodeada de bancos de pedra.

endereço Rúa García Sánchez, 1 - 36500 Lalín

coordenadas 42.667044, -8.109828

Próximo ao Camiño do Sueste-Vía da Prata e ao Camiño de Inverno

Área Recreativa Entre Os Ríos

Área recreativa á beira do río Anseiro do Museo Etnográfico Casa do Patrón.

endereço Muíños, 6 - 36515 Lalín

coordenadas 42.610806, -8.133983

Próximo ao Camiño do Sueste-Vía da Prata e ao Camiño de Inverno

Praia fluvial de Pozo do Boi

Coñecida tamén como praia de Vilatuxe, atópase nun entorno natural conformado polo paso do río Deza. Dispón de dúas áreas de lecer a cada beira do río, conectadas por unha antiga ponte de lousas. A primeira área dispón dunha zona verde e na outra hai unha carballeira con área de recreo. A praia está dotada con diversos servizos como aseos, bar, grellas, mesas, bancos de pedra e un parque infantil.

endereço Barciela - 36519 Lalín

coordenadas 42.616338, -8.208181

Próximo ao Camiño do Sueste-Vía da Prata e ao Camiño de Inverno

Melide

Praia fluvial de Furelos

Ao seu paso polo Concello de Melide, o río Furelos ofrécenos un espazo para o espaxamento de veciñanza e visitantes. Trátase dun lugar privilexiado, cunha ampla zona de baño e de parque acondicionado con xogos e mobiliario específico para comer e descansar. Ademais conta con piscinas e desde este punto tamén se poden realizar rutas de sendeirismo.

endereço Sandión, 2 Furelos - 15809 Melide

coordenadas 42.911932, -7.990623

web www.concellodemelide.org

Próximo ao Camiño Primitivo e ao Francés

Oroso

Illa do Refuxio

Paraxe natural formada por unha insua situada no medio do río Tambre que conta na parte norte cunha praia fluvial. A súa superficie está cuberta de carballos e rodeada de amieiros e salgueiros. Hai 9 mesas grandes e 1 fonte e dispón dunha ampla zona de aparcadoiro.

endereço Sigüeiro, s/n - 15888 Oroso

coordenadas 42.968800, -8.430242

Próximo ao Camiño Inglés

Carboeiro

Gran zona verde ao longo do río Carboeiro, de máis de 60.000 m², en pleno centro da vila de Sigüeiro. Conta con zona de ocio, con árbores autóctonas e máis de 1 quilómetro e medio de camiño para pasear.

endereço Paseo do Carboeiro, 3 Sigüeiro - 15888 Oroso

coordenadas 42.969507, -8.442323

Próximo ao Camiño Inglés

Área recreativa de Penateixa

Área de recreo nunha carballeira dotada con seis mesas grandes e un mesón.

endereço Penateixa, s/n - 15888 Oroso

coordenadas 42.971340, -8.425893

Próximo ao Camiño Inglés

Padrón

Área recreativa da desembocadura Sar - Ulla

Contorna incomparable na desembocadura do río Sar cunha zona acondicionada con mesas, fontes, parque infantil e aparcamento.

endereço Desembocadura Sar - Ulla - 15910 Padrón

coordenadas 42.719939, -8.669593

Próximo ao Camiño Portugués

Área recreativa do Santiaguño do Monte

Área recreativa na que se sitúa a ermida do Santiaguño.

endereço Extramundi de Arriba, s/n - 15910 Padrón

coordenadas 42.738172, -8.667329

Próximo ao Camiño Portugués

O Pino

Área recreativa da Madalena

Área recreativa nunha carballeira do contorno da Capela da Magdalena. Está dotada de mesas e bancos, ademais de contar cunha pequena lagoa na que ten lugar o concurso anual de pesca infantil.

endereço Castrofeito, s/n - 15821 O Pino

coordenadas 42.934700, -8.413596

Próximo ao Camiño Portugués

Praia fluvial de Tarroeira

Praia fluvial situada nas marxes do Río Tambre ao seu paso polo Concello de O Pino, dotada con sombras, merendeiro, zona de baño e parque infantil. Neste lugar comeza a ruta de sendeirismo coñecida como Senda Botánica do Río Mera.

endereço A Tarroeira, s/n - 15821 O Pino

coordenadas 42.952190, -8.346536

Próximo ao Camiño Portugués

Rois

Praia fluvial de Seira

Nunha paraxe natural idónea para o descanso, a praia fluvial de Seira é un dos puntos de maior interese do Concello de Rois, especialmente no verán, xa que se presta á práctica do ocio acuático e á relaxación, todo combinado en perfecta harmonía coa natureza. Conta con zona verde e merendeiro.

endereço Seira, s/n - 15911 Rois

coordenadas 42.770278, -8.668116

Próximo ao Camiño Portugués

Santiago de Compostela

Alameda de Santiago

Espazo verde urbano composto por tres partes ben diferenciadas: o paseo da Alameda, a carballeira de Santa Susana e o paseo da Ferradura. A unidade así formada é, desde o século XIX, o máis importante punto de referencia dos paseos e do lecer da veciñanza santiaguesa.

endereço Alameda, s/n - 15702 Santiago de Compostela

coordenadas 42.877523, -8.549037

web www.parquealamedasantiago.com

Para todos os Camiños

Carballeira de San Lourenzo

A principios do século XII fúndase, nunha sombría carballeira á beira do río Sarela, o convento de San Lourenzo de Trasouto. No exterior desta edificación, que co tempo se converteu en pazo e actualmente é un distinguido restaurante para celebracións, segue existindo aínda un vizoso souto de carballos centenarios. Entre as árbores hai unha fonte e dous cruceiros, cruces de pedra e bancos.

endereço Rúa da Carballeira de San Lourenzo, s/n - 15705 Santiago de Compostela

coordenadas 42.878537, -8.556440

No Camiño de Fisterra-Muxía. Espazo apto para o resto de Camiños

Parque de Belvís

O parque esténdese ao longo da vaganta de Belvís: un espazo alongado constituído por prados polos que corre un pequeno rego. Os muros, as bancadas do terreo e as vías históricas -como a pintoresca rúa das Trompas- respectáronse no proxecto deste parque. Este 'baleiro' verde separa, e á vez relaciona, o recinto histórico coas grandes edificacións do convento de Belvís e do Seminario Menor, constituíndo unha especie de 'foso' natural da cidade medieval. Desde a súa parte máis alta gózanse vistas singulares de toda a cidade.

endereço Belvís, s/n - 15703 Santiago de Compostela

coordenadas 42.877015, -8.538837

Para todos os Camiños

Parque de Bonaval

Esténdese na antiga horta e cemiterio do convento dominico, rehabilitada como parque urbano segundo proxecto dirixido pola arquitecta galega Isabel Aguirre e o portugués Álvaro Siza. Ao parque accédese polo estratéxico pasadizo que conforman as arquitecturas contrastadas de dous museos: o Centro Galego de Arte Contemporánea 'CGAC-', de deseño actual obra do propio Siza, e o Museo do Pobo Galego, aloxado no que foi convento medieval. Situado sobre unha ladeira que mira ao poñente, ofrece vistas sorprendentes dos tellados da cidade, ás que o artista Chillida dedicou unha escultura que encadra intencionadamente unha visión da cidade.

endereço Costa de San Domingos, 3 - 15703 Santiago de Compostela

coordenadas 42.883345, -8.537914

Para todos os Camiños

Espazos verdes do Gaiás

Tres son os espazos verdes da Cidade da Cultura que se ofrecen para o goce dos visitantes: o Bosque de Galicia, o Xardín Literario e o Parque do Lago.

endereço Monte Gaiás, s/n - 15705 Santiago de Compostela

coordenadas 881 997 584

teléfono 42.870534, -8.527598

web www.cidadedacultura.org

Para todos os Camiños

Bosque de Galicia

Levántase nas ladeiras do monte Gaiás con sete mil árbores de especies autóctonas (carballos, castiñeiros, salgueiros, bidueiros, ameneiros, espiños, serbaís, loureiros...), un novo pulmón verde de 24 hectáreas que incrementa a biodiversidade da zona e mellora o metabolismo ambiental de Santiago, ao tempo que contribúe a integrar a Cidade da Cultura en Compostela, favorecendo que os/ás visitantes se acheguen camiñando. Sendas peonís, zonas de descanso e un miradoiro agóchanse neste singular espazo.

Xardín Literario

Espazo verde dedicado aos/ás escritores/as e poetas galegos/as. Este xardín, que ocupa algo máis dunha hectárea, desprega unha plantación de árbores de 14 especies diferentes que evocan na súa disposición as follas dun libro. Complétase cun pequeno sendeiro, o Camiño dos Libros, e cunha instalación artística xerada a través de placas con citas literarias de autores galegos, rodeado de camelias.

Parque do Lago

Un espazo de máis de 50000 m² dedicados ao goce da natureza. Trátase dun proxecto de rexeneración paisaxística dirixido pola arquitecta Isabel Aguirre, directora da Escola Galega da Paisaxe da Fundación Juana de Vega. Unha área verde cun lago e tamén unha carballeira convertida en espazo de lecer.

Senda peonil do Sar

Paseo polo beira do río Sar cunha lonxitude de 6,4 quilómetros que vai desde o Multiúsos Fontes do Sar ao Parque de Eugenio Granell (O Paxonal).

endereço Rúa do escultor Camilo Otero, s/n - 15702 Santiago de Compostela

coordenadas 42.866585, -8.547849

Para todos os Camiños

Granxa do Xesto

Parque na aba do Monte Pedroso con zona de xogos infantil e cafetaría.

endereço Santo Ignacio do Monte, s/n - 15898 Santiago de Compostela

coordenadas 42.893338, -8.560515

Para todos os Camiños

Silleda

Fervenza do Río Toxa

Cascada de auga do río Toxa entre as parroquias de Pazos e Martixe, considerada a máis alta de Galicia en caída libre.

endereço Pazos, s/n - 36589 Silleda

coordenadas 42.757412, -8.272141

Próximo ao Camiño do Sueste-Vía da Prata e ao Camiño de Inverno

Fervenza de Férveda

Cascada de auga do río Férveda na parroquia de Escuadro cunha altura de aproximadamente 17 metros e a unha altitude sobre o nivel do mar de 502 metros. Constitúe un espazo de alto valor paisaxístico.

endereço Escuadro, s/n - 36547 Silleda

coordenadas 42.684837, -8.307332

Próximo ao Camiño do Sueste-Vía da Prata e ao Camiño de Inverno

Praia fluvial de Cira

Praia fluvial situada na confluencia dos ríos Ulla e Deza. Está equipada con mesas á sombra e dispón dun parque biosaudable e de aparcadoiro. Entre os seus atractivos posúe un sendeiro natural que permite coñecer a veiga baixa desta freguesía e visitar ou mercar produtos singulares que se cultivan nos inmensos invernadoiros existentes na contorna.

endereço Cira, s/n - 36587 Silleda

coordenadas 42.783979, -8.345743

Próximo ao Camiño do Sueste-Vía da Prata e ao Camiño de Inverno

Área recreativa das Pedrosas

Espazo de paseo e descanso na única carballeira de propiedade municipal, inaugurada no ano 2006, situada na mesma vila de Silleda e integrada por 264 árbores perfectamente aliñadas, entre as que destacan os carballos e en menor medida, os bidueiros.

endereço As Pedrodas, s/n - 36540 Silleda

coordenadas 42.690756, -8.243555

Próximo ao Camiño do Sueste-Vía da Prata e ao Camiño de Inverno

Área recreativa da Saleta

Área de lecer encravada en Siador, parroquia que figura co nome de Senator e Seador en varios documentos medievais. Da súa antigüidade dan boa conta O Castro do Marco e o de Cartimil, as mámoas de Montedas e Gandaracha e sobre todo os petróglifos da Peneda do Encanto coas lendas cargadas de fantasía, de galiñas e pitos de ouro.

endereço A Saleta, s/n Siador - 36547 Silleda

coordenadas 42.679383, -8.239896

Próximo ao Camiño do Sueste-Vía da Prata e ao Camiño de Inverno

Touro

Área recreativa da Santaia

A área recreativa da Santaia localízase na parroquia de Touro, no lugar do mesmo nome. Conta con equipamento como iluminación, bancos, mesas, barbacoas e un fantástico paseo fluvial que percorre a ribeira do río e que o atravesa mediante unha ponte, para poder acceder a un pequeno illote no medio do río. Tamén conta cunha pequena fervenza e un muiño, así como unha ampla extensión de carballeira e bosque de ribeira. Ideal como zona de recreo e pesca. Esta área constitúe o punto de partida da Ruta dos Tres Ríos PR-G 121.

localización A Santaia - 15822 Touro
coordenadas 42.86577360,-8.28717291
web www.touroturismo.com

Próximo aos Camiños do Norte, Primitivo e Francés

Área recreativa de Brandelos

A Área recreativa de Brandelos localízase na parroquia de Prevediños. A zona conta cunha fonte de augas sulfurosas, instalacións con aseos e unha capela. Dispón de servizos para o espexemento como barbacoas, bancos, mesas ou papeleiras.

localización Prevediños - 15822 Touro
coordenadas 42.85492074,-8.38142037
web www.touroturismo.com

Próximo aos Camiños do Norte, Primitivo e Francés

Área recreativa de Foxás-Grixó

A área recreativa de Foxás-Grixó sitúase preto do río Ulla, concretamente na súa marxe dereita, nunha paraxe que destaca pola variedade de vexetación que alberga, podendo destacar especies como as típicas de ribeira ou o carballo, que se mesturan con outras especies non tan propias deste entorno. Está acondicionada con bancos, mesas, barbacoas, papeleiras e un muiño restaurado.

localización Foxás, s/n - 15822 Touro
coordenadas 42.85492074,-8.38142037
web www.touroturismo.com

Próximo aos Camiños do Norte, Primitivo e Francés

Área recreativa de Remesquide

A Área Recreativa de Remesquide sitúase na marxe dereita do río Ulla, e presenta unhas características físicas e paisaxísticas que favorecen as actividades de lecer. Está acondicionada cun paseo fluvial, merendeiros, barbacoas, bancos e outro tipo de infraestruturas para uso e goce dos seus visitantes. Conta con servizo de bar e restaurante no Restaurante Remesquide, no que se poden degustar troitas por encargo. Presenta unhas boas infraestruturas en canto á accesibilidade e acondicionamentos.

localización Remesquide, s/n - 15822 Touro
coordenadas 42.85492074,-8.38142037
web www.touroturismo.com

Próximo aos Camiños do Norte, Primitivo e Francés

Fervenza do Salto das Pombas

Situada no río Lañas, afluente do Ulla, trátase dunha fervenza que presenta unha caída de auga duns 10 metros encaixada entre rochas metamórficas.

localización Cornado, s/n - 15822 Touro
coordenadas 42.849780, -8.278538
web www.touroturismo.com

Próximo aos Camiños do Norte, Primitivo e Francés

Trazo

Praia fluvial de Chaián

Área recreativa a ambas marxes do río Tambre e pertencente aos concellos de Trazo e Santiago de Compostela. O espazo ten pequenas illas unidas por pontes de madeira, abundante sombra, merendeiros, mesas con taboleiros de xogos, zona de voleibol, aparcadoiro e unha pequena cafetería (aberta en época estival). En verán conta con servizo de socorrismo.

endereço Chaián, s/n - 15687 Trazo

coordenadas 42.947590, -8.525902

Para todos os Camiños

Val do Dubra

Fervenza do Rexedoiro

Salto de auga duns 10 metros do río Portonabo, afluente do Dubra. Recibe tamén os nomes de fervenza de Ínsua ou O Picho do Castrón. Atópase dentro do percorrido dunha ruta de sendeirismo.

endereço Ínsua, s/n - 15873 Val do Dubra

coordenadas 42.991076, -8.666212

Próximo ao Camiño Inglés e ao de Fisterra-Muxía

Área recreativa de Bembibre

Área recreativa nas marxes do río Dubra, que proporciona un espazo natural atractivo e dotado de numerosos servizos: piscina cos seus servizos de ducha, aseos e vestiarios, parque infantil, área de descanso con bancos e xardíns, zona de merendeiro, muiño restaurado, estanque e unha extensa plantación de árbores catalogadas.

endereço rúa Médico José Antelo, 7 - 15873 Val do Dubra

coordenadas 43.025310, -8.655070

web www.valdodubra.gal

Próximo ao Camiño Inglés e ao de Fisterra-Muxía

Vedra

Área recreativa de Agronovo

A Área de Recreo de Agronovo atópase ao pé do río Ulla. Está dotada de zona de baño, mesas e bancos, servizos, espazo acondicionado para grellas... Durante os meses de xullo e agosto dispón dun servizo de aluguer de piraguas e barcas.

endereço Agronovo, s/n - 15885 Vedra

coordenadas 42.754830, -8.408278

Próximo ao Camiño do Sueste-Vía da Prata e ao Camiño de Inverno

Área recreativa de Cubelas

A Área de Recreo de Cubelas atópase ao pé do río Ulla, a uns 300 metros do Coto de Ximonde. É o punto de inicio ou de remate da ruta de sendeirismo de San Xoán da Cova. Esta área está dotada de mesas e bancos. Ademais conta cun pequeno xardín botánico onde están representadas as especies da flora de ribeira do Sistema Fluvial Ulla-Deza da Rede Natura 2000.

endereço Cubelas, s/n - 15885 Vedra

coordenadas 42.745625, -8.472809

Próximo ao Camiño do Sueste-Vía da Prata e ao Camiño de Inverno

Área recreativa de Gundián

A Área de Recreo do Campo de Gundián está constituída polo conxunto singular que conforman a capela, a fonte, o palco da música, as mesas e bancos e as vistas ao río Ulla, así como a antiga Ponte de Gundián e a moderna do AVE, que permiten gozar deste magnífico contorno natural. O espazo onde se sitúa esta área ten a particularidade de ser o único terreo ao sur do río Ulla que pertence á provincia da Coruña.

endereço Gundián, s/n - 15885 Vedra

coordenadas 42.780563, -8.396564

Próximo ao Camiño do Sueste-Vía da Prata e ao Camiño de Inverno

Vila de Cruces

Transbordador do encoro de Portodemouros

Durante todo o ano e a todas horas, funciona de balde un transbordador para turistas para unir os concellos de Vila de Cruces (Pontevedra) e Santiso (A Coruña).

endereço Loño, s/n - 36599 Vila de Cruces

coordenadas 42.847479, -8.156239

Próximo aos Camiños do Norte, Primitivo e Francés

Praia fluvial da Carixa

A praia fluvial da Carixa, en Merza, está situada nunha ampla área recreativa á beira do río Deza na que tamén hai parque infantil, parque biosaudable, mesas, bar, restaurante, zona axardinada, aseos e paseo. Trátase dunha área autosuficiente enerxeticamente xa que está equipada con placas solares. A zona está habilitada como área de autocaravanas, con aparcadoiro, lavadoiros e desaugues.

endereço Merza, s/n - 36580 Vila de Cruces

coordenadas 42.762455, -8.256780

Próximo ao Camiño do Sueste-Vía da Prata e ao Camiño de Inverno

Praia fluvial do Abeseiro de Toiriz

A praia fluvial do Abeseiro de Toiriz está situada á beira do río Arnego. Conta con dúas zonas de baño: a infantil e a de persoas adultas. A área conta con mesas de pedra e grellas e ten unha inscrición rupestre declarada Ben de Interese Cultural. Pertence aos Sobreirais do Arnego e tamén forma parte dunha ruta de sendeirismo.

endereço Toiriz, s/n - 36597 Vila de Cruces

coordenadas 42.791499, -8.113210

Próximo ao Camiño do Sueste-Vía da Prata e ao Camiño de Inverno

actividades deportivas e de aventura

Padrón

Amextreme

Empresa de turismo activo cunha ampla oferta de propostas de ocio terrestre e acuático. Rafting, kayak, hidrospeed, paintball, pontismo, sendeirismo, multiaventura e tiro con arco figuran entre os seus servizos.

endereço	Ribadulla, s/n Carcacia - 15914 Padrón
coordenadas	42.753282, -8.608185
teléfono	656 873 332
web	www.amextremekayak.com
correo	info@amextremekayak.com
grupo	Mínimo 4 persoas
tarifas	Desde 15,00 €
idades	A partir 8 anos
duración	Entre 2 e 4 horas

Próximo ao Camiño Portugués

Arrepións

Arrepións é unha firma pioneira de turismo activo creada en Galicia. Entre os seus servizos inclúe actividades de ocio acuático, ofrecendo hidrospeed no río Ulla (Herbón).

teléfono	608 984 350
web	www.arrepions.com
correo	aventura@arrepions.com
grupo	Mínimo 5, máximo 40 persoas
idades	A partir de 12 anos
tarifas	Desde 17,00 €

Próximo ao Camiño Portugués

Baudea Aventura

Empresa de turismo activo especializada na realización de rutas en quad.

endereço	Ponte Aldea, 257 - 15917 Padrón
coordenadas	42.7249167, -8.661361
teléfono	630 373 030
web	www.baudeaaventura.com
correo	info@baudeaaventura.com
grupo	Mínimo 2 persoas
tarifas	Desde 35,00 €

Próximo ao Camiño Portugués

Galipark

Parque multiaventura con tres niveis de dificultade, 43 retos, 286 metros de tirolinas e 853 metros de actividades. Pódense facer actividades terrestres (paintball, tiro con arco, rutas de sendeirismo, rutas en quad); acuáticas (kayak, rafting, tirolina en auga, tobogán acuático); aéreas (tirolina, escalada, ponte mono, circuitos en altura...) ou rocódromo.

endereço	Agronovo, 9 Extramundi - 15910 Padrón
coordenadas	42.756734, -8.668749
teléfono	981 811 708
web	www.galipark.com
correo	info@galipark.com

Próximo ao Camiño Portugués

Oroso

Tambre Pitch & Putt

Campo de pitch & putt con 18 foxos e de recorrido chan, suave e rápido; e con dúas zonas separadas. As instalacións están a 3 quilómetros de Sigüeiro, na zona residencial de Porto Avieira. Baixo petición, a empresa realiza cursos para persoas que queiran iniciarse na práctica deste deporte.

endereço	Urbanización Porto Avieira Piñeirón, A Gándara - 15688 Oroso
coordenadas	42.968023, -8.414612
teléfono	609 824 943
web	www.pitchandputtgalicia.com
correo	victor@tambrep.com
horario	De luns a domingo de 10:00 a 20:00 horas
tarifas	5,00 €

Próximo ao Camiño Inglés

Rois

Club de golf Val de Rois

Club cun campo de golf de 18 foxos e percorrido chan, rúas anchas e greens moi grandes, ademais dun Putting Green. Ofrece escola de golf para público adulto e infantil; conta tamén con pistas de pádel e de tenis. Estas instalacións poden ser utilizadas por persoas asociadas e non asociadas.

endereço	As Gándaras, s/n Seira - 15911 Rois
coordenadas	42.759095, -8.666685
teléfono	981 810 864
web	www.golfrois.com
correo	info@golfrois.com
horario	De luns a domingo de 8:30 a 20:00 horas
tarifas	13,00 €

Próximo ao Camiño Portugués

bens de interese

Lalín

Santuario da Nosa Señora do Corpiño

Santuario no que se celebra unha popular romaría na honra da Nosa Señora do Corpiño.

endereço Santa Baia de Losón, s/n - 36512 Lalín

coordenadas 42.745129, -8.215222

web www.santuario-corpino.es

Próximo ao Camiño do Sueste-Vía da Prata e ao Camiño de Inverno

Melide

Igrexa de Santa María do Leboreiro

Construción de transición ao gótico con elementos románicos. Ten nave rectangular e ábsida circular, destacando a súa portada principal con arco e arquivoltas oxivais. No interior atópase unha imaxe da Virxe do século XIV. Tamén conserva pinturas murais realizadas no segundo terzo do século XVI, coas representacións da Flaxelación de Xesús, a Visitación de Santa Isabel á Virxe, e o Martirio de San Sebastián.

endereço O Leboreiro, s/n - 15809 Melide

coordenadas 42.887988, -7.965922

teléfono 982 231 143

correo peregrinaciones@diocesisdelugo.org

horario De outubro a Semana Santa, ás 10:00 horas cada quince días (horario de culto) / e de Semana Santa a setembro, de 8:20 a 15:00 horas

observacións Confirmar os horarios por correo electrónico ou vía telefónica. O Bispado de Lugo edita un folleto actualizado cada campaña

No Camiño Francés

Igrexa de San Xoán de Furelos

Igrexa de orixe románica que conserva dese estilo o muro sur co aleiro e canzorros. No seu interior atópase un interesante retablo e fermosas imaxes como a de San Xoán e Santa Lucía. Tamén se pode ver un Cristo na cruz, coa man dereita solta e caída, dunha grande expresividade dramática, obra do escultor local Manuel Cajide.

endereço Furelos, s/n - 15809 Melide

coordenadas 42.90880837, -7.99878179

teléfono 982 231 143

correo peregrinaciones@diocesisdelugo.org

horario De outubro a Semana Santa, ás 10:00 horas cada quince días (horario de culto) / e de Semana Santa a setembro, de 8:20 a 15:00 horas

observacións Confirmar os horarios por correo ou vía telefónica. O Bispado de Lugo edita un folleto actualizado cada campaña

No Camiño Francés

Rois

Muíños de Silvarredonda

Un conxunto formado por cinco muíños de auga que están en funcionamento na actualidade.

endereço	Silvarredonda, s/n San Xoán de Buxán - 15912 Rois
coordenadas	42.766885, -8.726093
teléfono	981 804 109
web	www.concelloderois.org
correo	correo@rois.es
duración	2 horas
tarifas	Gratuito

Próximo ao Camiño Portugués

Castro Lupario

Atribúese a este castro a lenda medieval da residencia da raíña Lupa, relacionado co mito xacobeo da translación do Apóstolo a terras de Santiago.

endereço	Angueira de Castro, s/n - 15911 Rois
coordenadas	42.814119, -8.631692

Próximo ao Camiño Portugués

Santiago de Compostela

Castro de Formarís

Xacemento castrexo da Idade do Ferro situado nun outeiro a 364 metros de altitude. Consta dun único recinto oval defendido por un terraplén. Nel atopáronse restos de cerámica e muíños de man. O acceso ata a croa non é doado pola maleza.

endereço	Formarís, s/n Enfesta - 15884 Santiago de Compostela
coordenadas	42.925974, -8.488750

Próximo ao Camiño Inglés

Silleda

Castros de Toiriz

Xacemento arqueolóxico da Idade de Ferro, ao que recentemente os arqueólogos lle deron o nome de Castro de Toiriz, tomado da aldea máis próxima. O Castro consta de dous recintos amurallados, un case circular situado na parte superior do outeiro, na coroa (Eira dos Mouros) e outro, que se desenvolve nunha cota inferior apegado ao anterior pola parte sur e leste. Cara a parte exterior deste último recinto aparece en paralelo un sistema defensivo composto de foxo e parapeto. Este castro non foi escavado, aínda que polas características da súa localización e polos restos de cerámicas que se atoparon, os arqueólogos calculan que a aldea fortificada puido ser levantada contra o século IV antes da nosa era. Ademais deste valor patrimonial, Os Castros de Toiriz son punto de referencia para numerosas lendas populares que dotan a este lugar dun misticismo especial. O conxunto castrexo atópase profusamente informado con mesas explicativas despois da restauración levada a cabo co esforzo do Colectivo pola Recuperación de Os Castros de Toiriz no ano 2010.

endereço	Enderezo: Toiriz, s/n - 36540 Silleda
coordenadas	Coordenadas: 42.694809, -8.252932

Próximo ao Camiño do Sueste-Vía da Prata e ao Camiño de Inverno

Touro

Muíños da Carballa

Conxunto de muíños rehabilitados, emprazados na marxe esquerda do río Lañas.

endereço Fao, s/n - 15822 Touro

web www.touroturismo.com

Próximo aos Camiños do Norte, Primitivo e Francés

Val do Dubra

Pedra do Home

Monumento megalítico situado nun afloramento granítico próximo ao lugar da Igrexa (Portomouro de Arriba). Na actualidade presenta tres sartegos antropomorfos esculpidos na rocha. Son os restos dun antigo cemiterio de inhumación que segue o rito cristián, coa cabeza dos defuntos orientada ao solpor e os pés ao nacente, a mesma orientación que gardaban antigamente as igrexas.

endereço A Igrexa, s/n Portomouro - 15871 Val do Dubra

coordenadas 42.967386, -8.641279

Próximo ao Camiño Inglés e ao de Fisterra-Muxía

medios de transporte

Información dirixida a familias e grupos que desexen coñecer os Camiños de Santiago empregando o transporte público.

autobuses

Estación de autobuses de Santiago

Praza de Camilo Díaz Baliño, s/n - 15704 Santiago de Compostela

web www.tussa.org

teléfono 981W 542 416

Para todos os Camiños

Empresa Freire

Realiza diariamente o servizo de liña entre Santiago de Compostela e Lugo con paradas nos concellos de O Pino, Arzúa, Melide e Palas de Rei.

web www.empresafreire.com

teléfono 981 563 238 / 982 220 300

Para os Camiños Francés, Primitivo e do Norte

Autos Grabanxa

Realiza o servizo de liña entre Santiago de Compostela e Sigüeiro.

web www.autosgrabanxa.es

teléfono 981 690 990

Para o Camiño Inglés

Monbús

Realiza o servizo de liña entre Santiago de Compostela, Sigüeiro e Ordes; entre Santiago e Padrón; entre Santiago e Lalín e entre Lalín e Rodeiro

web www.monbus.es

teléfono 982 292 900

Para os Camiños Inglés, Portugués, do Sudeste-Vía da Prata e de Inverno

Autocares Bustelo

Realiza o servizo de liña entre Santiago de Compostela e Rois.

web www.autocaresbustelo.es/

teléfonos 981 804 000 / 981 804 173

Para o Camiño Portugués

Grupo Ferrín

Realiza o servizo de liña entre Santiago de Compostela e Negreira.

web www.grupoferrin.com

teléfono 981 873 643

Para o Camiño de Fisterra-Muxía

taxis

Santiago de Compostela	Radio Taxi 981 569 292
O Pino	669 945 381 659 680 823
Arzúa	Alcalde Juan Vidal, s/n 981 500 127
Melide	Parada do cantón de San Roque 981 505 390
Palas de Rei	Parada da avenida de Ourense 982 374 103
Sigüeiro	652 689 993 619 422 528
Ordes	Parada do parque municipal 981 680 733
Lalín	Parada da rúa Calzada 986 780 293
Silleda	Parada da avda. do Parque 986 580 172
Rodeiro	986 790 137
Padrón	Parada da avda. de Compostela 981 811 459 Parada da rúa Real 981 810 295
Teo	Parada de Casalonga 981 807 410
Negreira	Parada da praza do Concello 981 885 159



Km 84,889

16 Consellos útiles

vestimenta para camiñar

(dependendo da época do ano e das condicións climáticas)

Pantalón cómodo, curto ou longo.

Xersei ou forro polar. Hai que manter sempre o corpo seco pero abrigado.

Cazadora ou cortaventos, principalmente en inverno.

Poncho de auga ou chuvasqueiro. Os ponchos son lixeiros, pero non deben usarse en caso de forte vento.

Zapatillas brandas de sola dura ou botas de montaña. O calzado nunca debe ser novo.

Calcetíns, mellor sen costuras. Para evitar rozaduras e ampolas, asegurarse de secar ben os pes antes de calzarse. Ademais, sobre os pés secos, pódese aplicar vaselina para mantelos hidratados. Débese prestar atención tamén ás unllas, que non poden estar longas nin cortarse no mesmo día da camiñada.

Viseira ou gorro, para protexernos do sol ou do frío.

Guantes ou bufanda, para liberarnos do frío en inverno.

complementos

Bastóns ou paus, pois axudan aos brazos a impulsarse e reducen o impacto nas pernas.

Cantimplora, botella de auga ou similar. A hidratación é fundamental, polo que se recomenda dar pequenos sorbos constantemente e non agardar a ter sede.

Crema solar, fundamental cando se practica deporte ao aire libre para evitar queimaduras (incluso en días nubrados). É conveniente aplicala antes de saír a camiñar.

Mochila pequena coa merenda, calcetíns de reposto, crema solar e panos de papel. A partir dos 3 anos de idade xa poden levar a súa propia mochila para comezar a ter responsabilidade.

Bolsa pequena plástica para o lixo.

Roupa de recambio nunha mochila no vehículo de apoio.

Pequena botica móbil a cargo das persoas responsables do grupo.



recomendacións

Previamente, prepararse para facer o Camiño nos días ou semanas anteriores á data escollida para a camiñada.

Tentar ir sempre todo o grupo xunto.

Manter un ritmo constante e relaxado.

Descansar cada hora da marcha ou cando se precise.

Motivar á rapazada durante á camiñada coa busca de elementos como estímulo para evitar o aburrimiento.

Dependendo das idades, as persoas responsables do grupo poden levar mapas e compases.

a sinalización do Camiño

Á hora de facer o Camiño de Santiago, atoparedes a seguinte sinalización:

Frechas amarelas, que adoitan estar pintadas en muros, árbores ou mesmo no chan.

Vieira, normalmente amarela sobre un azulexo azul.

Mollóns, nos que se inclúen os dous elementos anteriores ademais dos quilómetros que distan do punto no que está o monólito coa Catedral de Santiago de Compostela.

Sinais de tráfico nos tramos nos que o Camiño comparte trazado con estradas con circulación a motor. Adoitan ser de fondo azul, coa frecha, a vieira e a silueta dun/ha peregrino/a.





Área Santiago